

AUÑIÓS

Nº 22

ABRIL 2017



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
José Manuel Dopazo Entenza	2 - 6	DE OTERO PATIÑO A MAGDALENO GONZAGA
Antón Mascato	7 - 9	DO NOVO JORGE AO RICARDO CHIQUITÍN E O CHASULA
Yago Abilleira Crespo	10	ONS: UN DESCUBRIMENTO ARQUEOLÓXICO NO ANO 1553
Cosme Damian Romay e outros autores	10 - 15	VERTEBRADOS MECOS IV: AVES DO MUNICIPIO DO GROVE (Parte 1: Especies nidificantes)
Redacción	16	ESES ENTRAÑABLES AMIGOS ILLÁNS QUE SE NOS FORON
Fernando Trigo	19 - 20	ONS: NAUFRAXIO DO "NOVO MARUJA COSTA"
José Taboada García	21 - 22	CEN ANOS NON É NADA
Estanislao Fdez. de la Cigoña Núñez	23 - 26	JOSÉ PAZÓ DE CONSTRUCTOR ACREDITADO DE MOTORES DE BARCOS A CAMPANEIRO OCASIONAL
Emilio Ferrer Jaureguizar	29 - 31	AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS. 2ª PARTE RÍA DE AROUSA 1
Cristobal Ramírez	32 - 33	O ENCANTO DAS OUTRAS ILLAS DE GALICIA
Javier Fernández Soutullo	34 - 36	O ANDURIÑA
Francisco Meis Durán	37	UNHA ÁRBORE SENLLEIRA: A FIGUEIRA DO MECO
Celestino Pardellas de Blas	38 - 43	BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (I). PRIMEIROS PASOS.
Lino J. Pazos Pérez	44 - 46	PUNTA COUSO, UN LUGAR CHEO DE RECUNCHOS POR EXPLORAR
Belarmino Barreiro Rosales	47 - 49	U-LO PLANO DE JOSÉ CARDONA ROSELLÓ, DA ILLA DE ONS?
Ana Vilas Paz	50 - 52	VERÁS CORTEGADA DEITADA NO MAR
Arturo Sánchez Cidrás	55 - 61	A IGREXA VELLA DA ILLA DE ONS
Manuel Chazo Cores	62	CABO CORRUBEDO
Xulio X. Pardellas de Blas	65 - 66	LOAS POPULARES AO MARISCO: FESTAS E ROMARÍAS GASTRONÓMICAS EN GALICIA
Fernando Alonso R./Celestino Pardellas	67 - 68	UN ANTIGO CERCADO DA ILLA DE ONS
José Curt	69 - 70	AS GLORIOSAS POMBAS DAS ILLAS CÍES NA BRÉTEMA DO RECORDO
Xosé Antón Castro	71 - 73	OS CAMPOS DE TRABALLO NA ILLA DE ONS: A MEMORIA DOS 80
Xoán Xosé Pérez Labaca	74 - 75	A LENDA DO TERCEIRO CAMIÑO DA RAÍÑA SANTA. BISBARRA DO CONDADO
Francisco Calo Lourido	76 - 78	O TERRITORIO NO MUNDO MARIÑEIRO
Fernando Cabeza Quiles	79 - 80	A LAXE DO CREGO: UNHA APROXIMACIÓN EXPLICATIVA

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada,8,16,19,20,38,39,40,42,43,62,65,68,71,72,73,74,75,76,78,79
Estanislao Fernández de la Cigoña	23,24,25
X. Antón Mascato	7,8,9
Lino J. Pazos Pérez	44,45,46
Yago Abilleira Crespo	10
Javier Fernández Soutullo	34,35,36
Cosme Damian Romay Cousido	12
José Taboada García	21,22
Internet	66,75,80
Asoc. de Veciños San Roque (Pontevedra)	26
Jose Manuel Dopazo Entenza	2,3,4,5,6
Francisco Calo Lourido	77,78
Francisco Meis	35
Arturo Sánchez Cidrás	55,56
Ramón Villoch Herrera	29,30
Cristobal Ramírez	32,33
Belarmino Barreiro Rosales	49
Fernando Alonso Romero	67,68
Ana Vilas Paz	50,51,52
José Curt	69,70
Afonso Fernández	58,59,60,61

Web (html5):

<http://descubrobueu.wix.com/bueu>
correspóndese tamén con
<http://descubrobueu.tk>

Web (flash):

<http://viladebueu.wix.com/bueu>
correspóndese tamén con
<http://bueu.tk/>

Blog (galego):

<http://acidras.blogspot.com.es/>

Blog (español):

<http://villadebueu.blogspot.com.es/>

Revista Aunios:

<http://descubrobueu.wix.com/bueu#!aunios/ckoq>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"

Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE

Pontevedra - Galicia - España

Tel.: 649 424 950

E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

CORRECTOR LINGÜÍSTICO:

Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.

DE OTERO PATIÑO A MAGDALENO GONZAGA

Por: José Manuel Dopazo Entenza

1. INTRODUCCIÓN

Os apelidos din de nós moito máis do que poidamos chegar a pensar. Alguén que se apelida *Comesaña* ten por seguro que os seus antepasados viviron, nalgún momento, na parroquia viguesa do mesmo nome. Quen sexa *Pérez*, tería nalgún momento un antepasado chamado Pero. Tamén podemos saber do oficio que tiveron as/os antepasados (*Barreiro*, persoa que traballaba co barro) ou das características físicas (*Blanco*, de pel ou pelo desa cor) ou psicolóxicas (*Garrido*, de boa presenza tanto física coma no trato).

Os nomes van connosco desde que nacemos e son herdanza de pais e avós (e, en menor medida, de nais e avoas polo sistema tradicional de transmisión). E poden levarnos a localizar unha parte da historia da nosa familia e, polo tanto, da nosa propia.

2. HISTORIA DOS APELIDOS

O apelido é unha forma de denominación das persoas. Neste senso, non se diferencia en demasía do que sería un nome corrente. A motivación pola que semella xurdir a necesidade dun apelido é a distinción entre individuos portadores do mesmo nome, facilitando o recoñecemento.

Na antiga Grecia, a denominación das persoas dábase só mediante o nome. Aqueles individuos que tiñan posibilidade de deixar o seu nome por escrito, facíano acompañado do lugar de residencia, así asegurábanse que non houbera confusións (*Helena de Troia*, *Dióxenes Laercio*, *Safo de Mitilene*...).

Tamén adoitaban poñer o nome seguido dunha calidade física (*Antígono Monoftalmos*, *Dióxenes o Cínico*...). No grego moderno, atopamos unha serie de terminacións nos apelidos que nos indican *fillo de* e que son continuidade do grego antigo, do tipo *-poulos* (*-πουλος*) ou *-ειδης* (semellante a).

Os romanos, pola contra, empregaban o denominado *tria nomina*, de orixe etrusca, e que se empregaba para nomear os fillos varóns das familias patricias. Constaba, por tanto, o nome de tres partes: *nomen*, *praenomen* e *cognomen*. O *nomen* xeralmente remataba en *-ius* e mostraba a familia á que pertencía (ben patricia, ben plebea). O *praenomen* dábaselle ó noveno día de nacer o neno, escollido entre unha listaxe de 18 posibles e que o portase algún antepasado seu. Por último, o *cognomen* era unha forma cariñosa de chamar o rapaz na casa, tipo alcume, e que posteriormente pasou a distinguir distintas ramas dunha familia.

En numerosas culturas a marcaxe paterno-filial nos apelidos está moi estendida. Atopamos prefixos do tipo *Mac-* e *Mc-* (*MacPherson* é fillo de *Pherson*) en Irlanda. En linguas semíticas coma o hebreo temos a partícula *ben* (*Ben Yehuda*) ou en árabe *ibn* (*Ibn Jaldún*). Nas linguas xermanas, a terminación *-sohn* do alemán (*Mendelsohn*), *-son* do inglés, noruegués e sueco (*Gustafson*) e *-sen* do danés (*Petersen*). Mesmo en islandés atopamos un sufixo para as fillas (*-dóttir*, coma en *Jónsdóttir*).

Parece que ser *fillo de* tivo sempre unha relevancia importante, sexa cal sexa a sociedade da que esteamos a falar. E, no caso de Galicia e do galego, non ía ser diferente. Ata o século IX, o nomeamento de persoas atendía unicamente ó nome de pía¹, polo que a identificación individual era ben complexa. Se a isto lle unimos que, segundo o Concilio de Trento (entre 1545 e 1563), os únicos nomes que se lle podía poñer ás nenas e nenos eran os do Santoral, as posibilidades reducíanse inda máis. Por ese motivo, a fórmula *fillo de* comezou a popularizarse.

Na Alta Idade Media, os apelidos comezaron a asentarse como unha fórmula normal. Por tal motivo, acabou por introducirse un sufixo xermánico para indicar esa filiación: *-ez*. Este tipo de verbos son os máis comúns hoxe en día no noso país.

No Concilio de Trento tamén se estableceu que debía haber un arquivo no que se dese conta das persoas nadas, casadas e finadas. Desde este momento, os apelidos comezan a herdarse e perderse o significado primario de *fillo de*.



Lápida romana

3. CLASIFICACIÓN DOS APELIDOS. O CASO DA ILLA DE ONS

Ata o momento, para Galicia só mencionamos aqueles apelidos que fan referencia ó parentesco (*fillo de*), mais tamén podemos atopar aqueloutros que teñen que ver co lugar de orixe ou coas características físicas e psicolóxicas. É por iso que, *grosso modo*, podemos clasificar os apelidos en tres grandes grupos: **patronímicos** (que fan referencia ó parentesco), **toponímicos** (que fan referencia ó lugar) e **caracterizadores** (que fan referencia a características físicas ou psicolóxicas).

O obxectivo deste traballo é clasificar os apelidos da Illa de Ons e ver curiosidades sobre eles (o menos habitual, o máis común, os que máis se cruzan entre si, distribución deles no territorio da Illa...). Podemos, ademais, observar a relación de apelidos cos territorios próximos e establecer relación entre o que acontece con esa distribución e coa distribución dialectal que se observa na illa (xa vista noutros artigos desta mesma revista).


Para facer este estudo, botei man dos censos de poboación da Illa de Ons dende 1870 ata 1991. Fixen un cómputo e ordenación numérica por censo e tamén unha listaxe de todos os que aparecían.

3.1 Apelidos patronímicos

Alonso, Álvarez, Diego, Domínguez, Estévez, Fernández, García, Giménez, Giráldez, González, Guance, López, Lorenzo, Magdaleno, Martínez, Méndez, Padín, Pérez, Rodríguez, Sánchez, Suárez e Vázquez.

Diciamos máis arriba que este é o grupo máis común. Os apelidos que presentan o sufixo *-ez* son os máis habituais e creáronse na Idade Media. Pasado ese auge produtivo, comezouse a empregar a fórmula *de + nome do pai* e, máis tarde, desapareceu a preposición, quedando tan só o nome. Nesta listaxe atopamos o caso de *Alonso, Diego, García, Lorenzo, Magdaleno e Padín*.

Quixera resaltar o caso de *Guance*, pois probablemente proveña de Xián con alteracións das que falarei máis adiante. En realidade, pouco atopei sobre este apelido e, na maior parte, foron informacións vagas e mesmo contraditorias.



Apelido López en Galicia

3.2 Apelidos toponímicos

Abal, Acuña, Arzúa, Boullosa, Bugallo, Bustelo, Cabanelas, Campelo, Carballo, Castro, Catiñeira, Cercado, Comedeiro, Comesaña, Costas, Couselo, Curra, Entenza, Ermelo, Filgueira, Figueroa, Gallego, Guimeráns, Lago, Lamelas, Lariño, León, Limia, Loira, Masenlle, Mendiña, Miranda, Nevejil, Nores, Olveira, Otero, Oujo, Pallarés, Pena, Pereiras, Piñeiro, Pozas, Prado, Reboiras, Regueira, Regueiro, Reiriz, Ribas, Ribeiro, Riobó, Rodal, Rosas, Rubianes, Sampedro, Sabarís, Silva, Soutelo, Torres, Toucido, Troncoso, Valado, Varela, Vidal, Vila, Vilar, Vilas, Villanueva, Villar e Villares.

Igual que acontece en moitas outras culturas, o lugar de procedencia dunha persoa pode pasar a denominala a través do que hoxe en día son apelidos. Estas formas toponímicas, nun principio, ían sempre precedidas da preposición *de*, pois dese xeito indicábase a procedencia (*Iria de Arzúa, Lois de Bustelo* ou *Xela de Reiriz*).



Apelido Reiriz en Galicia

Dentro deste gran grupo, podemos atopar os que fan referencia a un lugar concreto da xeografía (*Arzúa, Boullosa, Bustelo, Cabanelas, Campelo, Carballo, Comesaña, Curra, Entenza, Ermelo, Gallego, Guimeráns, Lariño, Limia, Loira, Masenlle, Mendiña, Miranda, Nevejil, Ougo, Oujo, Pallarés, Pidal, Reboiras, Reiriz, Rosas, Rubianes, Sampedro, Toucido, Troncoso, Valado, Varela, Vidal, Vila, Vilar, Vilas, Villanueva, Villar e Villares*). Estes son os máis abondosos.

Mais tamén hai os que se refiren a unha parte dun lugar habitado (*Castro, Comedeiro e Lariño*), con construcións (*Cercado, Torres e Valado*), cunha configuración do terreo (*Abal, Acuña, Costas, Lago, Lamelas, Otero, Pena, Pozas, Prado, Regueira, Regueiro, Ribas, Ribeiro, Riobó e Rodal*) ou os que fan referencia a árbores ou conxuntos delas (*Bugallo, Carballo, Catiñeira, Couselo, Filgueira, Figueroa, Olveira, Pereiras, Piñeiro, Silva e Soutelo*).

3.3 Apelidos caracterizadores

Barreiro, Blanco, Castaño, Coego, Crespo, Cribeiro, Crujeiras, Cruxeiras, Fariña, Ferradás, Garrido, Guerra, Liste, Loira, Mariño, Moreno, Ortigosa, Patiño, Pombo, Rabiño, Ramallo, Ramos, Solla, Touriño e Viera.

O último dos grupos no que se poden clasificar os apelidos galegos xorde de peculiaridades tanto físicas (características físicas: *Blanco, Castaño, Garrido, Loira e Moreno*) como psicolóxicas (*Garrido e Goberna*). Dentro deste grupo tamén se engloban aqueles que fan referencia a traballos (*Barreiro, Coego, Cribeiro, Ferradás e Mariño*) ou a partes relacionadas con algún traballo (*Fariña, Gaya, Guerra, Liste, Ramallo e Ramos*) e mesmo a animais (*Crujeiras, Cruxeiras, Patiño, Pombo, Rabiño, Solla, Touriño e Viera*).

Estes apelidos adoitan ter unha extensión territorial máis reducida e axudan a identificar, desde a perspectiva actual, a procedencia xeográfica das persoas.



Apelido Crujeiras en Galicia

3.4 Apelidos non galegos

Pese a que estes apelidos tamén os poderíamos clasificar atendendo ós grupos anteriormente empregados, coido que é máis relevante, para facer unha caracterización da migración que puido presentar a poboación da Illa de Ons, establecer de onde son orixinarios estes apelidos. Así verase a internacionalización que puido presentar esta illa.

Atopamos apelidos franceses (*Bernadal*), italianos (*Galdolfo e Gonzaga*), cataláns (*Carbonell, Cardona, Castell, Crusat, Escandell, Ferrías, Melia, Mijares, Monrabat, Montanes, Roselló, Segui e Sidrach-Cardona*), vascos (*Aguirre, Arriega, Azofra e Ortiz*) e casteláns (*Borreguero, Cortés, Frontera, Hierro, Motos, Menéndez, Muñiz, Ortigosa, Peña (de la), Rivera, Ruíz, Teruel e Valenzuela*).

Estes apelidos aparecen na longa lista de fareiros que chegaron á Illa de Ons xunto coas súas familias. A maioría destas persoas procedían do Mediterráneo, sobre todo das Illes Balears, mais tamén do sueste de Francia ou da Italia mediterránea e que comezaran a traballar nos faros da costa levantina. Tamén houbo fareiros das costas andaluzas e vascas.

3.5 Outros

Reservei un epígrafe á parte para casos excepcionais que non se poden clasificar dentro dos apelidos tradicionais galegos. É o caso de *Dios, Expósito e Santos*. Estes tres apelidos poñíanselle ás nenas e nenos abandonados por súas nais e pais ó nacer nun local de beneficencia. Por tanto, estes apelidos marcan a orixe dos seus posuidores como descendentes de nenas ou nenos orfos.


Tamén quixen deixar espazo para uns poucos apelidos que, inda que inequivocamente galegos, a orixe está máis escura. Atopamos o apelido *Piay*, de orixe árabe, que puido chegar á nosa terra cando foron as conquistas do século VIII.

4. CASTELANIZACIÓN E OUTRAS PROBLEMÁTICAS

A castelanización foi (e é) un proceso que tivo que soportar a lingua galega desde que os Reis Católicos chegaron ó poder. Este proceso viuse agravado durante a ditadura e hoxe en día continúa estando activo. Trátase da



Apelido Piay en Galicia



Apelido Otero en Galicia

tradución, total ou parcial, de termos galegos ó castelán. Neste proceso de mutilación da lingua atopamos tamén o realizado ós apelidos, que tivo a súa etapa máis grande no paso do século XVIII ó XIX.

Atopamos, por tanto, cambios de X por G/J: *Giménez*, *Giráldez*, *Oujo*, *Cruxeiras* e *Nevejil*, pois en galego serían *Ximénez*, *Xiráldez*, *Ouxo*, *Curuxeiras* e *Novexil*. Dentro destes poderíamos considerar tamén o caso de *Guiance* e *Ougo*. Estes dous apelidos presentan o que se denomina “gucada”, isto é, interpretación do son que en castelán se escribe con g/j como se fose ghcada, pero que en realidade non o é. Estes apelidos en galego serían *Xiance* e *Ouxo*, sufriron unha castelanización en *Giance* e *Oujo* e unha posterior recastelanización en *Guiance* e *Ougo*.

Tamén temos reducións de ditongos: *Lorenzo*, *Figueroa*, *Otero*, *Viera* e *Villanueva* (por *Lourenzo*, *Figueroa*, *Outeiro*, *Vieira* e *Vilanova*). E cambio de L por LL: *Gallego*, *Villanueva*, *Villar* e *Villares* (por *Galego*, *Vilanova*, *Vilar* e *Vilares*).



Apelido Golobardas en Galicia

Do mesmo xeito, hai outra serie de deturpacións como a que temos en *Rubianes* (por *Rubiáns*), que ten que ver coa terminación e que sería un cambio morfolóxico (-áns por -anes); ou a de *Piay* (por *Piai*), que atendería só á grafía; ou outros nos que se modifica toda a palabra como en *Blanco* (por *Branco*), *Martínez* (por *Martíns*) ou *Dios* (por *Deus*).

Ademais de castelanizacións, tamén temos apelidos afectados por procesos propios do galego. Aquí temos variacións dialectolóxicas coma a de *Coego* (na normativa *Cóengo*) ou a do seseo presente en *Masenlle* e *Rosas* (debera ser *Macenlle* e *Rozas*). Tamén temos elisión de vogais propias da fala pasadas á escrita coma no caso de *Cruxeiras* e *Olveira* (no canto de *Curuxeiras* e *Oliveira*) ou cambio de vogais (*Nevejil* por *Novexil*). Así como unión de palabras nun só apelido, ben sexa co artigo (*Abal* e *Acuña* por *A Val* e *A Cuña*), ben sexa con outros elementos (*Riobó* e *Sampedro* por *Río Bo* e *San Pedro*).

A maiores, temos tamén problemas na transcrición dos apelidos, pois atopamos as formas *Pidal* e *Gorbárdez*, que en realidade fan referencia a *Vidal* e *Golobardas*.



Apelido Outeiro en Galicia

5. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

Aínda que a día de hoxe a distribución na Illa de Ons pode ser máis caótica, se vemos as familias que a habitaban hai setenta ou oitenta anos, a distribución dos apelidos atendían a unha estrutura máis ou menos fixa.

No sur da Illa atoparíamos os apelidos *López*, sobre todo en Pereiró, mentres que no norte, no Centulo, teríamos os *Otero* e incluso algún *Sampedro* que, co tempo, se trasladaron ó Chan da Pólvora. Ó Cucorno chegaron os *Reiriz* (procedentes de Sanxenxo), que se estenderon tamén polo Canexol, despois de facer desaparecer os *Entenza* (chegados de Beluso e Cela). En Curro estiveron desde sempre os *Acuña* e os *Goberna*, estes últimos pasaron a estar tamén na Espedregalla. Os *Patiño-Cruxeiras* viñeron de Padrón e asentáronse en Pereiró, pero pronto se estenderon por toda a Illa, sendo o máis prolífico Emilio (asentado no Castillo), que tivo 23 fillas e fillos. Por último, ó Caño chegaron os *Reboiras* desde Marín e aínda algún queda.

Pero, por suposto, o apelido máis da Illa que pode haber é *Golobardas*, pois é unha deturpación do apelido catalán *Galobardes* e que só se recolle en Ons. A día de hoxe hai 82 persoas con este apelido distribuídas entre Bueu (35) e Pontevedra (47). E podemos dicir que todas elas son descendentes da Illa de Ons.

6. CUANTIFICACIÓN HISTÓRICA

Os apelidos menos habituais entre 1870 e 1991 son os do cura e os do profesorado, así como os dos fareiros e as súas familias. Se excluímos estes, temos como menos usuais *Rosas, Pombo, Soutelo, Ermelo, Entenza, Carballo, Nevejil, Torres, Valado, Limia, e Troncoso*.



Apelido Acuña en Galicia

Pola contra, os máis habituais son *Pérez, García, Domínguez, Reiriz, López, Blanco, Acuña, Vidal, Reboiras, Sampedro, Martínez, Comesaña, Goberna, Dios* e, sobre todo, *Otero e Patiño*. Estes dous últimos son os que máis se cruzan entre si desde sempre.

En 1870, *Acuña* era o apelido máis común, seguido de *García e Pérez*. *Carballo, Ermelo e Rosas* eran os que menos había. *Otero* era o oitavo e os *Patiño* aínda non chegaran á Illa. En 1878, *García, Otero e Pérez* eran os máis usuais fronte a *Valado e Torres*. *Patiño* agora estaba de oitavo. Dende 1898 ata 1970, *Otero e Patiño* encabezaaron todas as listas, computando mesmo máis da metade do total de apelidos.

A partir da década de 1970, o éxodo da Illa de Ons viuse incrementado exponencialmente, feito que influíu determinadamente nas estatísticas destes nomes. En 1976, temos como principais *Pérez, Otero e Patiño*. En 1981, *Otero e Dios*. En 1986, *Otero e Acuña*. E en 1991, *Otero e Reiriz*.

7. CONCLUSIÓNS

Podemos sacar en claro, por tanto, que os apelidos son froito da historia social dun país, dan conta do haber dunha familia e poden fornecernos dunha valiosísima información histórico-xeográfica.

Tamén podemos observar como o castelán se introduciu nas nosas vidas ata o punto de deturpar os apelidos. Do mesmo xeito, podemos extraer información lingüística e histórica.

Por último, vimos unha localización por lugares dos apelidos que hoxe en día podemos identificar como illáns. E fixemos unha revisión cuantitativa dos censos para esclarecer que *Otero e Patiño* son os dous apelidos que máis se repiten dende comezos do século XX, así como os que máis se cruzan entre si.

BIBLIOGRAFÍA

Boullón Agrelo, Ana Isabel / Xulio Sousa Fernández (dirs.): Cartografía dos apelidos de Galicia. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>[Consultado:<07/01/2016>]

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2012): “A gheada na onomástica (achegas á estandarización)” en *Estudos de Lingüística Galega* 4,151-168

Dopazo Entenza, José Manuel (2013): *A lingua que nos identifica. Os apelidos*. Santiago de Compostela. Traballo Final de Mestrado

Navaza Blanco, Gonzalo (2000): “A galeguización de nomes e apelidos. Estado da cuestión” en *Actas dos IV encontros para a normalización lingüística*. Santiago de Compostela (Consello da Cultura Galega), 263-271

¹ A denominación nome de pía vén do acto de lle impoñer o nome á nena ou neno no momento do bautismo, na pía bautismal

² No galego medieval, val era feminino.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



DO NOVO JORGE AO RICARDO CHIQUITÍN E O CHASULA UN EXEMPLO DE RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO MARÍTIMO

Por: Antón Mascato

Na memoria imborrable de Luís Rei

Pero que é o patrimonio marítimo?

En palabras de Dionisio Pereira, nun traballo publicado na *Revista Adra*, do Museo do Pobo Galego, co título “Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual”, Patrimonio marítimo é

“a totalidade das manifestacións vencelladas á actividade marítima desenvolvida ao longo do tempo polas comunidades emprazadas no litoral, manifestacións que están encadradas na paisaxe costeira e no propio medio mariño; éste, á súa vez, forma parte do patrimonio natural”.

Xa que logo son precisas varias circunstancias para que algo poda ser considerado como parte do Patrimonio marítimo:

1. Ser propio dunha comunidade que ten no mar unha actividade relevante.
2. Ter vencellos con ese mar co que se interactúa desenvolvendo uns coñecementos, unhas relacións e unha maneira de ser e de entender o mundo que é propia, singular, diferenciada.



Cerqueiro nos anos de 1950

Dese xeito estamos falando tanto de trebellos de pesca, como de embarcacións, de construcións, vivendas, loxes, embarcadoiros, portos ou faros; pero

tamén de bens inmateriais como cantigas, léxico, refráns, microtoponimia ou talasonimia. E de todo o saber acumulado que se establece entre as persoas e se transmite entre xeracións. Estamos falando de cultura, de coñecemento, de saberes producidos pola colectividade, e transmitidos polas diversas xeracións que se suceden ao longo do tempo. O patrimonio marítimo é, xa que logo, unha cultura, unha creación comunitaria de carácter sociocultural, o pouso da tradición, a nosa memoria colectiva.




O Ricardo Chiquitín, en 2004

Para expresalo graficamente abondaría con dicir que calquera mariñeiro do Grove que hoxe teña máis de setenta anos, se volvese escoitar o ruído dun vello motor dun barco da súa mocidade, sabería distinguir se montaba un motor *Ayón* de Noia; un *Pazó*, de Pontevedra ou un *Lores*, do Grove, neste caso deseñado e construído por Cristóbal Rubirosa Lois, e de cantos cabalos era. Non só iso, sabería tamén cal era o barco que montaba aquel motor, se *O Meco* ou *ou Ricardito*, por citar dous dos máis significativos. Motores que hai máis de cincuenta anos que deixaron de facerse. Son moitos os mariñeiros vellos que rememoran ese son gravado nos miolos cando miran para a Arousa dende Lordelo. Son ducias os xubilados que aínda soñan co ruído daqueles motores galegos. Esa memoria individual, compartida, partillada cos outros

mariñeiros, transfórmase, dese xeito, en memoria social. É coñecemento adquirido e desenvolvido.

O Ayón do Novo Jorge

No Centro de Interpretación da Pesca e da Salga, CIPES, de Moreiras, poden verse algúns deses motores, Pazó, Lores ou Ayón. Precisamente a un destes motores, construído en Noia polo mecánico torneiro José Rodríguez Fernández, no ano 1957 imos referirnos. Este **Ayón** de 60 H.P. efectivos, diésel de tres cilindros, simple efecto, D 170 C 230 r.p.m 600, pertenceu ao **cerqueiro Novo Jorge**, construído en 1958 no estaleiro de Xosé Freire, **O Charango**, no Freixo, Outes. As características iniciais do barco eran: 13.50 m. de eslora; 3.45 m. de manga; 1.35 m. de puntal; 5.15 m. de contorno e 14.99 toneladas. O seu casco foi construído en piñeiro e carballo do país, con cravaturas de ferro galvanizado.



Motor Ayón do Ricardo Chiquitín no Cipes

Os seus primeiros propietarios foron os irmáns **Manuel, Xosé e Luís Chouciño Garrido**, mariñeiros de **Malpica** que faenaron polo Cantábrico e o Atlántico durante máis de quince anos ata que llo venden, en 1974, aos seus veciños **Xosé Antón Blanco Villar** e

Roberto Morales Pombo, tamén dedicados á pesca nos mesmos mares. Foi inscrito ao folio 2.640 da 3ª lista da Coruña, faenando ao cerco nas Rías Altas ata que en 1985 é adquirido por **Ricardo Figueiro Casas**, da grovense estirpe mariñeira dos **Chiquitín**, fillo e neto de nobres patróns de pesca.

Rebautizado no Grove, o Novo Jorge, como **Ricardo Chiquitín**, é inscrito na lista 4ª da **Axudantía da Mariña no Grove**, ao folio 1.491; sendo adicado inicialmente á pesca, e posteriormente, en 1991, sometido á labores de restauración e adaptación para asistencia nas bateas xa que o seu novo propietario destinaba boa parte dos seus recursos ao cultivo do mexillón, incorporando guindastre na popa e librando a cuberta para o labor propio dun barco bateeiro.

O **Ricardo Chiquitín** era unha das poucas embarcacións galegas das chamadas cerqueiros que continuaban en activo. Unha histórica fasquía de barco do cerco das Rías Altas que se coñecen co sobrenome de **tarrafas**, características pola popa de *rabo de galo* e que ilustraron a transición que vai dos barcos de pesca do cerco navegando a vela á utilización xeralizada de embarcacións de pesca propulsadas con motores diésel a partir da década de 1930. Unha tipoloxía semellante, na popa, pode verse na mariña seca de Moreiras, un fermoso barco, o **Platuxa**, inutilizado para manterse a flote por unha decisión política pouco afortunada, e rebautizado como **Moreiras** -un desacerto máis- exemplo de política cultural kitch que dende hai anos se mantén nese espazo convertido nun almacén de vellarías, no canto de ser un centro vivo de interpretación, estudo e divulgación da cultura marítima máis achegada a nós.



O Platuxa faenando na Illa de Ons. Hoxe no Cipes, rebautizado, con pouco acerto, como Moreiras

Unha vez comprobado o satisfactorio estado de conservación, que mantiña o barco nos primeiros anos da década do dous mil, por parte da empresa **Iniciativas Tradicionais Marítimas**, foille presentado o proxecto de recuperación dese barco ao seu propietario, **Ricardo Figueiro Casas**, que acepta vendelo a finais de 2003 por unha simbólica cantidade, sabedor e cómplice do novo destino que lle sería dado. A empresa **Intramar**, de **Isidro Mariño**, ía proceder a unha profunda reparación do barco para destinalo a labores pedagóxicos relacionados coa cultura marítima, didáctica e medioambiental.



O Chasula no porto do Grove

En **2004** entra no estaleiro grovense dos **Fillos de J. Garrido**, onde **Pepe, Carlos e Fabián Garrido Fernández** lle devolven boa parte da súa fasquía orixinal e se procede a adaptalo aos usos de escola obradoiro que precisaban os seus novos propietarios, respectando os criterios legais e os ditaminados polo regulamento do Patrimonio Marítimo Europeo.

Rebautizado como **Chasula**, sae do estaleiro de Lordelo un ano despois, pasando a ter unha eslora de 14.20 m; manga de 3.55 m; e Puntal de 1.35 m. O seu **motor Ayón** foi substituído por un Mercedes Benz, tipo OM 336 de 77 C.V. Este **Ayón**, que traballara case 50 anos sen deixar *vendida* a ningunha tripulación malia estar completamente asolagado no mar varias veces, foi desmontado sendo obxecto dunha profunda reparación, finalmente foi salvado da chatarra e destinado a este espazo expositivo do CIPES, no que segue mantendo aínda a orde de

marcha. Nesta acción de compromiso patrimonial hai responsables, colaboradores directos, entre os que compre mencionar a **Pablo Carrera**, daquela director do Museo do Mar de Vigo, onde estivo depositado un tempo o motor ata a súa restauración; os seus antigos e novos propietarios **Ricardo Figueiro** e **Isidro Mariño**; os **Irmáns Garrido** sempre atentos á salvagarda do noso patrimonio marítimo; e a Concellería de Cultura do Concello do Grove que o trasladou ao Centro de Interpretación da Pesca e a Salga de Moreiras, no ano 2009, onde agora pode verse.

O **Novo Jorge**, logo **Ricardo Chiquitín** e agora **Chasula** continúa navegando pola Ría de Arousa, ora no porto de San Tomé de Cambados, ora no porto do Corgo no Grove, co Folio 6ª VIL-4-1-05, sendo ambas recuperacións, un exemplo ilustrativo de que os vellos barcos, e os seus motores, admiten novas funcións cando rematan o ciclo vital para o que foron construídos. Niso consiste a recuperación do patrimonio.



O **Chasula** mesmo tivo a oportunidade de ceder a súa fasquía para un documental de **Concha Campoi** arredor da peripecia do **Novo Endem**, un barco con base no porto do Grove que en 1937 protagonizou unha fuxida de dezaioito mariñeiros da represión franquista. O **Novo Endem**, outro cerqueiro, fora construído en 1932, nun estaleiro de Palmeira, e aínda navegaba polo Caribe nos primeiros anos do século XXI.

ONS: UN DESCUBRIMIENTO ARQUEOLÓXICO NO ANO 1553

Por: Yago Abilleira Crespo

A finais do reinado de Carlos I de España e V de Alemaña, atopáronse na illa unhas moedas que parecen ser romanas. Este artigo explica os detalles de dito feito.

Buscando no “Portal de Archivos Españoles” (PARES) (na Internet: pares.mcu.es) documentos sobre naufraxios en Ons, atopei a referencia a un escrito sobre o achado dunhas moedas antigas, nada fóra do común excepto polo ano no que aconteceu iso: 1553. Para denominalas como antigas, aquelas moedas debían de ter máis de 500 anos, polo menos, doutro xeito, so dirían que eran vellas. Sorprendido pola noticia, e porque se tivera rexistrado tal cousa, pedín copia do orixinal ó “Archivo Histórico Nacional, Sección Nobleza” sito en Toledo e de seguido me enviaron o solicitado.

Cando recibín o escrito, desespereime un pouco, pois tratábase dun documento cunha letra moi difícil de comprender, e nin sequera parecía escrito en castelán. Era a chamada letra procesal, típica do ámbito xurídico desta época. Armándome de paciencia e lendo e relendo cada palabra, conseguín ir comprendendo o seu contido, aínda que con moitas dúbidas. De tódolos xeitos, se algún experto quere interpretalo, ou pensa que non o fixen ben (pode ser, aínda que procurei non ter erros), non teño ningún problema en pasarlle copia do vello papel.

O primeiro que me chamou a atención foi a orixe do documento. Non se fixo por curiosidade ou interese histórico, se non para ver a quen pertencían os tesouros que puideran agocharse en Ons. A disputa fóra entre un representante do Arcebispo de Santiago e un da Catedral de Tui, dándoselle a razón ó Compostelán. Iso xa me cadraba máis. Por esas cousas si que se facían litixios e informes.

Indo a cuestión principal, baste dicir que os feitos remóntanse a comezos de Abril de 1553 cando uns veciños de Ons achéganse as inmediacións do castro (non se indica cal, suponse que será o de Canexol) e pónense a cavar e a apartar as pedras para poder cultivar cando atoparon “una moneda que decían que era de cobre que parecía ser moneda antigua que tenía unas caras y otras figuras de diversas maneras”. Acto seguido, e como soe ser habitual, organizouse unha busca do tesouro entre os veciños “para ver si hallaban allí alguna moneda de oro o plata de otra ley de las que habían allí hallado”. Resultando disto o descubrimento dun grupo de sete moedas “que tenían de la una banda una cara y de la otra dos figuras de personas y ser de metal de cobre”.

Con tan breves descrições é complicado sacar conclusións. Sen embargo, as atopadas trala busca dan a impresión de ser un tipo común de moeda romana. A primeira

que apareceu tamén podería clasificarse como tal, aínda que sería un deseño máis atípico. Todo isto coas debidas precaucións e tendo en conta que, trala caída de Roma, os seus cartos seguiron en uso moito tempo, pois eran os únicos dispoñibles.

Por suposto que a noticia xera moitas preguntas sobre o abandono do diñeiro: Agothouse ante un ataque inimigo? Chegou un momento en que deixaron de usarse? Son os aforros de alguén que morreu sen descendencia? Algún tipo de ofrenda?...



Moeda romana que tal vez sexa coma as atopadas trala busca

Pese a todo, creo que o realmente interesante deste descubrimento é que se trata dun grupo de moedas de cobre, que eran as que usaba a xente normal para o seu día a día. Non estamos ante a fortuna soterrada de alguén poderoso, senón ante obxectos de uso común. Este sinxelo achado implica o establecemento dun sistema monetario, aínda que podería coexistir cunha economía de troque. O uso de moeda corrente implica un alto grao de desenrolo cultural e un continuo intercambio con outros lugares civilizados, do contrario non tería sentido trocar pequenos discos de cobre sen apenas utilidade. Isto quere dicir que a illa de Ons estaba plenamente integrada nun circuito comercial e que mantiña contacto con outros lugares civilizados. Todo iso, obviamente, ocorría por medio de barcos, o que da a entender que a Historia Naval de Galicia non é tan aburrida como se pensaba... Pode que esas moedas apenas tiveran valor económico, pero o seu valor histórico é innegable.

Fonte: España. Ministerio de Educación Cultura y Deporte. Archivo Histórico de la Nobleza, Marquesado de Mos-Valladares, Caja 18, Documento 3.

COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

VERTEBRADOS MECOS. IV: AVES DO MUNICIPIO DO GROVE (PARTE 1: ESPECIES NIDIFICANTES)

Por: Cosme Damián Romay^{1,3,5}, Antonio Fontoira², Xurxo Piñeiro³, Gustavo Ferreiro³, Encarna González³ e Pablo A. Sanmartín⁴.

¹ Dpto. de Bioloxía Animal, B. Vexetal e Ecoloxía. Facultade de Ciencias, Univ. da Coruña. Rúa da Fraga, s/n. 15071 A Coruña.

² Conricado, 12. 36980 O Grove.

³ Colectivo Ecoloxista do Salnés. Apartado 100. 36980 O Grove.

⁴ Casal de Rei, s/n, 36157 Pontevedra.

⁵ E-mail: c.d.romay@udc.gal

Introdución

A presente entrega, dedicada ás aves, é a cuarta e última da colección “Vertebrados mecos”. Por motivos de espazo, divídese en dúas partes, correspondendo esta primeira ás especies nidificantes. Ao longo dos anteriores artigos abordáronse os peixes, anfibios, réptiles e mamíferos tanto terrestres como mariños do concello do Grove (A, B, C), totalizando 180 especies. Seguindo a estela doutros traballos (D, E, F), o presente relatorio pretende actualizar e ampliar o coñecemento sobre as aves da zona, sen dúbida o grupo de vertebrados mecos que conta cunha maior cantidade de información hoxe en día.

Área de estudo e métodos

Considérase como área de estudo tanto a parte terrestre como a contorna mariña do municipio do Grove (suroeste de Galicia) (ver referencias A e B). Os vértices da zona mariña asignable ao municipio meco sitúanse equidistantes cos litorais dos concellos de Ribeira, A Illa de Arousa, Cambados e Sanxenxo; esta área mariña abrangue 6,5 km² de contorna mariña e atópase parcialmente protexida (B). Empréganse como base as cuadrículas UTM de 1x1 km que posúen parte ou a totalidade da súa área tanto na parte terrestre como na contorna marítima municipio do Grove, en total 107 (Figura 1). Os datos proceden principalmente dos autores, engadíndose rexistros doutros ornitólogos e bibliográficos (D, E, F, G, H, I). Considéranse na Táboa 1 todas aquelas especies con ao menos un dato de cría (posible, probable ou confirmada; ver referencias J e K) na área de estudo no período 1986-2016, inclusive, detallándose todos os rexistros desta especie na zona e resaltando as cuadrículas con algunhas das tres categorías de cría.

Resultados e discusión

Para o período 1986-2016 rexistráronse 81 especies de aves con algún tipo de categoría de cría no Grove en estado aparentemente salvaxe (categoría A definida pola AERC e

usada na lista de aves de España, referencias L e M) (táboa 1). A estas hai que engadir unha especie (o bico de lacre *Estrilda astrild*) que presenta unha poboación asilvestrada aparentemente autosustentable, polo que encadraría na categoría C da AERC (táboa 2). Para todas as especies citadas hai datos de presenza en cuadrículas UTM de 1x1 km, cun total de 1681 rexistros non repetitivos. Considerando tamén o *Estrilda astrild*, a distribución das 82 especies aves nidificantes foi en xeral restrinxida (aínda que algo maior que outros vertebrados estudados) no contexto das 107 UTM da área de estudo, cunha media de 21,7±18,3 cuadrículas con datos por especie. Agradécese o envío de rexistros para calquera cuadrícula UTM de 1x1 km sen datos para unha determinada especie, novas confirmacións de cría ou nomes tradicionais inéditos, ao enderezos e/ou correo electrónico do primeiro autor.

Agradecementos e dedicatoria

A Emilio Martínez Sabarís e a Juan Carlos Cabrero Figueiro (1964-2014), polos datos aportados. Á memoria deste último vai dedicado este artigo.

Referencias bibliográficas (todas as URL tiñan acceso o 10/1/2017).

A. Romay, C. D.; Cabana, M.; Cabrero, J. C.; Ferreiro, G. & González, E. 2014. Vertebrados mecos. I: Peixes continentais, anfibios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio do Grove. *Aunios* 19: 43-48. B. Romay, C. D. & Padín, A. 2015. Vertebrados mecos. II: peixes mariños da contorna do municipio do Grove. *Aunios* 20: 58-61. C. Romay, C. D.; Covelo, P.; López, A.; Ferreiro, G. & González, E. 2016. Vertebrados mecos. III: Mamíferos e réptiles mariños da contorna do municipio do Grove. *Aunios* 21: 56-59. D. Álvarez, A.; Caamaño, V. M.; Rey, X. L.; Rodríguez, Á. & Rodríguez, J. 1991. *A enseada Umia-O Grove*. Asociación de Ensinantes do Salnés (Candea). 183 pp. E. Romay, C. D. 1996. *Aves da Costa*. Colección Natureza, 2. Consellería de Agricultura,




FIGURA 1. Mapa do municipio do Grove e concellos adxacentes, detallando a contorna marítima considerada (cor cincenta escura), as áreas de mar colindantes (cor cincenta clara) e as cuadrículas UTM de 1x1 km consideradas no presente estudo.

Gandería e Montes/Xunta de Galicia. 172 pp. **F.** Romay, C. D.; Fontoira, A. Martínez, E.; & Ramos, A. 2009. *100 aves comúns do Concello de O Grove e áreas veciñas*. Proxecto Pío O Grove. Aporta Comunicación/Concello do Grove/Fundación Biodiversidad/Xunta de Galicia. 230 pp. **G.** Sociedade Galega de Ornitología, Xunta de Galicia & CESGA. 2016. *Noticuario Ornitoxeográfico Galego/SGO*. URL: <http://bit.do/aves>. **H.** Consulta dos catorce volumes dos Anuarios das aves de Galicia, 1992-2006, varias referencias bibliográficas. **I.** Penas-Patiño, X. M.; Pedreira, C. & Silvar, C. 2004. *Guía das aves de Galicia*. 2ª edición. Baía Edicións, A Coruña. 463 pp.+CD-ROM. **J.** Martí, R. & Del Moral, J. C. (ed.). 2003. *Atlas de las aves reproductoras de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-SEO/BirdLife, Madrid. **K.** British Trust for Ornithology. 2016. *Breeding Status Codes*. URL: <http://bit.do/btocodes>. **L.** Association of European Records and Rarities Committees. 2012. *Guidelines for European Rarities Committees*. URL: <http://www.aerc.eu/DOCS/guidelines99.pdf>. **M.** Gutiérrez, R.; de Juana, E. & Lorenzo, J. A. 2012. *Lista de las aves de España*. Edición

de 2012. Sociedad Española de Ornitología-SEO/BirdLife, Madrid. URL: bit.do/lae2012. **N.** Del Hoyo, J.; Elliott, A.; Sargatal, J.; Christie, D. A. & de Juana, E. (ed.). *Handbook of the Birds of the World Alive*. Lynx Edicions, Barcelona. URL: www.hbw.com. **Ñ.** Conde, M. Á. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138. **O.** A Chave. 2016. *Nomes galegos das aves recomendados pola Chave*. URL: bit.do/achaveaves. **P.** Romay, C. D. 2012. Novos de aves do Salnés: revisión e ampliación. *Aunios* 17: 39-44. **Q.** Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. *Diario Oficial de Galicia* 89: 7409-7423. **R.** Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino. 2011. Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas. *Boletín Oficial del Estado* 46: 20912-20951. **S.** IUCN. 2017. *The IUCN Red List of Threatened Species*. URL: <http://www.iucnredlist.org>.

(páx. seguintes)




TÁBOA 1. Aves nidificantes rexistradas en estado aparentemente salvaxe (categoría A da AERC, referencia L) na zona de estudo entre 1986 e 2016 inclusive (ver **Figura 1**). Para a taxonomía (familia e secuencia de especies) séguese a referencia N. Para os nomes galegos séguese as referencias I, Ñ e O. Os nomes locais son os publicados en P. En “Sinopse dos rexistros” relátanse as cuadrículas con citas de cada especie, ordeándoas segundo estas claves de cría: p: cuadrículas con cría posible; P: cuadrículas con cría probable; C: cuadrículas con cría confirmada; X: cuadrículas sen evidencias de cría. Aos números de cuadrículas dáselles os seguintes formatos: grosa: número total de cuadrículas distintas ocupadas; cursiva: só se rexistraron individuos sobrevoando a zona; asterisco: exemplares mortos; paréntese: citas dentro da cuadrícula pero fóra da área de estudo. A columna “Notas” contén, de ser o caso, apuntamentos sobre taxonomía, abundancia e/ou a categoría de ameaza detallada para cada especie no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA, referencia Q), no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA, referencia R) e/ou na última versión da Lista Vermella da Unión Internacional de Conservación da Natureza (IUCN, referencia S) considerando as seguintes: VU: vulnerable. EN: en perigo de extinción. CR: en perigo crítico.

Familia	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse dos rexistros (ver explicación na lenda da táboa)	Notas
Phasianidae	<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás (común) / <i>Paspallás, codorniz</i>	1: p: 25.	Presenza irregular.
Anatidae	<i>Mareca strepera</i>	Pato frisado, pato mediano	15: p: (44). X: 1, 2, 24, 36, 37, 41, 42, 43, 44, 47, (68), (75), (84), 92, 93.	Cría segura en Sanxenxo. Antes <i>Anas strepera</i> .
Anatidae	<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco, pato real, alavanco real / <i>Pato</i>	29: p: 2, 36. P: 34, 37. C: 1, 11, 14, 17, 20, 24, 28, 36, 37, 43, (44), 47, (75), (78). X: 3, 4, 5, 19, 29, 40, 41, 42, 44, 48, (60), 66, 67, (68), 75, (81), 84, 91, 92, 93, 100, 101.	
Podicipedidae	<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Mergullón pequeno, mergullete, augarón, fonducho / <i>Pato</i>	5: C: 24, 43, 47. X: 44, 84.	
Columbidae	<i>Columba palumbus</i>	Pombo (torcaz), pomba, torcaz / <i>Torcaza, turcacia, turcaz, torcaz</i>	48: p: 1, 2, 3, 4, 5, 7, 13, 19, 22, 23, 28, 34, 42, 43, 47, 48. P: 8, 11. C: 9, 10, 16, 17, 18, 20, 24, 25, 26, 27, 31, 32, 33, 35, 36, 38, 39, (75). X: 29, 37, 40, 41, 44, (60), (68), 78, (81), 84, 91, 92, 93, 101.	
Columbidae	<i>Streptopelia decaocto</i>	Rula turca / <i>Rula, rula portuguesa</i>	23: p: 1, 11, 23, 24, 28, 32, 33. P: 3, 7, 8, 25, 33, 34, 39, (48), (75). C: 2, 9, 10, 19, 20. X: 47, (60).	
Columbidae	<i>Streptopelia turtur</i>	Rula (común), rula brava, rola (común), rola europea / <i>Rula</i>	28: p: 7, 10, 33, 34, 35, 38, 39, 42, 43, (44), (48). P: 8, 17, 18, 19, 22, 24, 26, 28, 31, 32, 47. C: 1, 2, 16, 23, 25, (48). X: (84).	IUCN: VU.
Caprimulgidae	<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta, noitevoá, noitebra	30: p: 4, 5, 16, 18, 19, 22, 25, 28, 34, 38, 47, (48). P: 8, 10, 11, 23, 24, 25, 26, 31, 32, 33, 35, 36, 39, 42. C: 17, 27, (75). X: (3).	
Apodidae	<i>Apus apus</i>	Cirio (común), vencillo / <i>Sirlo, asesino</i>	22: p: 2, 7, 19. P: 20. C: 3, 8, 9, 33. X: 1, 22, 24, 27, 31, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 42, 43, 44, 47, 48, (60), (68), (75), (84).	
Cuculidae	<i>Clamator glandarius</i>	Cuco grallo, cuco real, garallo	2: p: 33, 43.	
Cuculidae	<i>Cuculus canorus</i>	Cuco (común), cuquelo / <i>Cuco</i>	8: p: 8, 24, 43. P: 18, 27, 35, 36, (75).	
Rallidae	<i>Rallus aquaticus</i>	Zurrasca (común), rascón (común)	8: p: 1, 2, 28, 36, (48). P: 43, 47. C: 24, (47).	
Rallidae	<i>Gallinula chloropus</i>	Galiña de (do) río, galiñola, galiñola de auga	4: C: 24, 43, 47. X: 1*.	
Rallidae	<i>Fulica atra</i>	Galo de auga, galo copo, galiñola negra	3: C: 24, 43, 47.	
Ardeidae	<i>Ixobrychus minutus</i>	Garza pequena, manzaneta, garzote común	1: p: 24.	CGEA: VU.
Ardeidae	<i>Egretta garzetta</i>	Garzota (común), garzota pequena, garzota branca, garza branca / <i>Garza branca</i>	33: p: 37. C: 4, (78). X: 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 16, 17, 19, 20, 22, 24, 28, 29, 30, 31, 33, 34, 36, 39, 42, 43, 44, 47, 57, 58, 59, (60), (68), (75), (78), (81), (84).	
Phalacrocoracidae	<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo mariño cristado, pata, galo mariño / <i>Corvo mariño</i>	79: p: 21. C: 12. X: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 22, 24, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 40, 41, 42, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 53, 55, 56, 57, 58, (61), 62, 63, 64, 65, 66, 67, (69), 70, 71, 72, 73, 74, 76, 77, 79, 80, 82, 83, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, (102), 103, 104, 105, 106, (107).	CGEA: VU. CEEA: VU.
Charadriidae	<i>Charadrius alexandrinus</i>	Pillara das dunas, pillara papuda	8: p: 1, 16, 34. C: 24, 33, 42, 43, 47. X: 44.	CGEA: VU.
Laridae	<i>Larus michahellis</i>	Gaivota patiamarela, gaivota clara / <i>Gaivota</i>	107: p: 13, 15, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 59, 65, 66, 67, 72, 73, 74. P: 5, 6, 10, 11, 20, 29, 48, (84). C: 2, 3, 7, 9, 12, 14, 21, 39, 58, 73, (78). X: 1, 4, 8, 16, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, (49), 50, 51, (60), (61), 62, 63, 64, 68, (69), 70, 71, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, (88), 89, 90, 91, 92, 93, (94), 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, (102), (103), 104, 105, 106, (107).	
Laridae	<i>Larus marinus</i>	Gaivotón (real), gaivotón atlántico	62: p: 12, 21. X: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 22, 24, 28, 29, 30, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), 65, 66, 67, (68), 73, 74, (75), (78), (81), (84), 90, 91, 92, 93, 97, 101.	
Tytonidae	<i>Tyto alba</i>	Curuxa (común), ancruca / <i>Curuxa</i>	8: p: 1, 7, 17, 20, 24, 25, 33. P: 8, 9. C: 36. X: 43.	
Strigidae	<i>Otus scops</i>	Moucho de orellas, piouca	19: p: 4, 11, 23, 24, 25, 26, 36. P: 16, 17, 18, 22, 31, 32, 34, 35. C: 8, 10, 20, 27.	
Strigidae	<i>Athene noctua</i>	Moucho (común), gatomocho / <i>Moucho</i>	7: p: 8, 36. P: 34, 35, 42, (75). C: 16, 23, 39.	
Accipitridae	<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das xunqueiras, rapina arpella	6: p: 47. X: 37, 43, (44), (48), (84).	
Accipitridae	<i>Accipiter gentilis</i>	Azor (común) / <i>Azor</i>	16: p: 36. P: 18, 28. C: 26, 27. X: 7, 8, 9, 17, 19, 23, 24, 25, 37, (75), (84).	
Accipitridae	<i>Accipiter nisus</i>	Gabián (común), gabilán	32: p: 1, 2, 7, 8, 16, 20, 22, 23, 25, 26, 31, 33, 34, 35, 36, 42. P: 9, 10, 11, 17, 19, 24, 27, 28, (75). C: 18, 32. X: 43, 44, 47, (68), (84).	




Accipitridae	<i>Buteo buteo</i>	Miñato (común), lamote, buxato, bexato / <i>Miñoto, miñato</i>	38: p: 1, 2, 4, 5, 7, 11, 13, 16, 20, 22, 23, 25, 26, 33, 34, 36, 42, 43. P: 8, 9, 10, 19, 27, 28, 32, 37. C: 17, 18, 24, 31, 35, 36, (75). X: 44, 47, (68), (81), (84).	
Falconidae	<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro (común), peneireiro, tecelán	18: p: 20. C: 36. X: 1, 2, 7, 8, 22, 24, 31, 33, 34, 36, (41), 42, 43, (44), 47, (48).	
Upupidae	<i>Upupa epops</i>	Bubela, poupa / <i>Bubela</i>	8: p: 1, 17. C: 18, 43. X: 8, 42, 47, 48.	
Alcedinidae	<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe (común), martiño peixeiro / <i>Martín</i>	25: p: 17. P: 7, (47). X: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 19, 20, 24, 33, 34, 39, (44), 47, 57, 58, 59, (60), (68), (75), (84).	
Picidae	<i>Picus sharpei</i>	Peto verde (ibérico) peto verdeal, peto relincho / <i>Peto</i>	31: p: 2, 7, 16, 37, 38, 42, 43. P: 9, 10, 11, 17, 19, 22, 23, 25, 26, 28, 32, 33, 34, 36, 39. C: 8, 18, 24, 27, 31, 35, (75). X: (47), (48).	Antes <i>Picus sharpei</i> .
Picidae	<i>Dendrocopos major</i>	Peto real, peto carpinteiro / <i>Peto</i>	31: p: 7, 8, 9, 11, 18, 19, 22, 28, 37, 43. P: 4, 5, 16, 23, 24, 25, 26, 31, 32, 33, 34, 38, 39. C: 10, 17, 27, 35, 36, 42, (75). X: (47).	
Alaudidae	<i>Galerida cristata</i>	Cotovia cristada, cotovia dos camiños	4: P: 47, 48. C: 35. X: 1.	Actualmente extinta.
Alaudidae	<i>Lullula arborea</i>	Cotovia pequena, cotovia das árbores	6: p: 42. P: 36. C: 35, 43, 47, 48.	
Alaudidae	<i>Alauda arvensis</i>	Laverca (común) / <i>Laverca</i>	12: p: 48. P: 31, 36, 42. C: 43, 47. X: 1, 7, 24, (44), (48), (84).	
Hirundinidae	<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña (común), anduriña / <i>Anduriña</i>	55: p: 10, 16, 17, 19, 22, 26, 28, 31, 32, 34, 42, (75). P: 18, 33, 39. C: 1, 2, 3, 7, 8, 9, 20, 23, 24, 25. X: 4, 5, 6, 11, 12, 13, 14, 15, 21, 27, 29, 36, 37, 40, 41, 43, 44, 48, 55, 56, 57, 58, 59, (60), (78), (81), 84, 92, 93, 101.	
Hirundinidae	<i>Delichon urbicum</i>	Andoriña de (do) cu branco / <i>Anduriña</i>	6: C: 3, 9, 20. X: 1, 8, 57.	Actualmente case extinta.
Motacillidae	<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira amarela, lavandeira verdeal	12: p: 36, 48, (84). P: 28, (44). C: 1, 24, 37, 43, 47, (48), (84). X: 29.	
Motacillidae	<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca, labrandeira / <i>Señorita, lavandeira, engaladora</i>	31: p: 13, 34, (47), (48), 57, (75), (81). P: 1, 4, 8, 9, 10, 11, 17, 19, 22, 25, 33, 39, 42, (60). C: 2, 3, 7, 16, 20, 23, 24, 36, 56, 58.	
Troglodytidae	<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza (común), carrizo (común) / <i>Carraxe, carraxiña, carrizo, carriza</i>	40: p: (44). P: 1, 2, 4, 5, 7, 10, 11, 13, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 25, 26, 28, 30, 31, 32, 35, 37, 38, 43. C: 8, 9, 22, 24, 27, 31, 33, 34, 36, 39, 42, 47, (48), (75).	
Prunellidae	<i>Prunella modularis</i>	Azulenta (común), negrucho, azulíña	31: p: 13, 30, 42. P: 2, 7, 9, 16, 17, 18, 19, 21, 23, 25, 26, 27, 28, 32, 33, 34, 35, 36, 38, 39, 43, (44), 47. C: 1, 8, 22, 24, 31.	
Turdidae	<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo, torda	6: P: 34. C: 35, 36. X: 24, 42, 43.	
Turdidae	<i>Turdus philomelos</i>	Tordo (común)	31: P: 8, 17, 18, 23, 25, 27. C: 24, 31, 36, (75). X: 1, 2, 3, 7, 9, 16, 19, 22, 26, 28, 32, 33, 34, 35, 37, 38, 39, 43, (44), 47, (48).	
Turdidae	<i>Turdus merula</i>	Merlo (común), merla, melro / <i>Merlo</i>	30: p: 43. P: 11, 16, 17, 28, 37. C: 2, 3, 7, 8, 9, 10, 18, 20, 22, 23, 24, 25, 27, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 39, 42, 47, (48), (75).	
Turdidae	<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio (europeo), paparroi, pisco, tarrueco, peizoque, paifoco / <i>Paparroi, paparroio, paparroibo, paparroibo</i>	39: p: 13, 38, (44). P: 1, 2, 4, 5, 7, 8, 10, 11, 16, 18, 19, 20, 22, 23, 28, 32, 33, 34, 35, 37, 39, 42, 43, 47, (48). C: 9, 17, 24, 25, 26, 27, 31, 36, (75). X: 29, (84).	
Turdidae	<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio (común), raborrufo, ferreira, carboeiro	30: p: 16, 17, (60), (75). P: 2, 9, 11, 18, 20, 25, 35. C: 1, 3, 7, 8, 19, 22, 23, 30, 31, 33, 34, 36, 38, 39, 42, (48), (75). X: (44), 47.	
Turdidae	<i>Saxicola rubicola</i>	Chasco (común), chasca, chaschás / <i>Chaschás, chasco</i>	27: p: 13, 18. P: 30, (44). C: 1, 2, 7, 8, 13, 16, 17, 22, 24, 25, 28, 31, 33, 34, 36, 37, 38, 39, 42, 43, 47, (48), (75).	Antes <i>Saxicola torquatus</i> .
Turdidae	<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro cincento, chasco pedreiro	11: p: 42. X: 1, 2, 7, 8, 24, 31, 33, 34, 47, 48.	
Regulidae	<i>Regulus ignicapilla</i>	Estrelíña riscada	20: p: 4, 5, 8. P: 7, 9, 10, 16, 17, 18, 22, 24, 25, 32, 35. C: 23, 26, 27, 31, 36, (75).	
Cisticolidae	<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos	27: p: 17, 18, 19, 22, 23, 25, 32, 38, 39. P: 1, 2, 7, 16, 28, 31, 34, 42. C: 8, 24, 31, 36, 37, 43, (44), 47, (48), (75).	
Sylviidae	<i>Cettia cetti</i>	Rousinol bravo, rousiñol da auga, reiseñor da auga	7: p: 42, 43, 47. P: 8. C: 24. X: 31, (48).	
Sylviidae	<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	Folosa das canaveiras, fulepa	5: p: (48). C: 24, 43, 47. X: 31.	
Sylviidae	<i>Acrocephalus arundinaceus</i>	Folosa grande, fulepa grande	1: p: 47.	Só un rexistro.
Sylviidae	<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela, fulepa amarela	15: p: 7, 8, 17, 18, 22, 23, 28, 36, (44). P: 16, 25, 47. C: 24, 31, (47), (48).	



Sylviidae	<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico	7: p: 8, 18, 26, 27. P: 36. C: 24, 31.	
Sylviidae	<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato, papuxa montesa	14: p: 1, 8, 13, 17, 18, 24, (44). P: 25, 27, 39. C: 22, 31, 35, 38.	Desaparecida de varias cuadrículas.
Sylviidae	<i>Sylvia melanocephala</i>	Papuxa cabecinegra	30: p: 2, 7, 9, 13, 17, 22, 23, 25, 28, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 37, 38, 39, 42, 43, 47, (48), (75). P: 1, 8, 16, 18, 36. C: 19, 24.	
Sylviidae	<i>Sylvia communis</i>	Papuxa común	8: p: 1. P: 24, 25. C: 31. X: 43, (44), (47), (84).	Irregular na zona.
Sylviidae	<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras, papuxa encapuchada	33: p: 4, 5, 11, 39, 42, 43. P: 1, 2, 7, 8, 10, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 25, 26, 28, 32, 33, 34, 35, 36, 47, (48), (75). C: 9, 24, 27, 31.	
Paridae	<i>Lophophanes cristatus</i>	Ferreiriño cristado, paxarín gaio	10: p: 16, 26, 27, 31, 32. C: 35, 36, 38, 39, (75).	Antes <i>Parus cristatus</i> .
Paridae	<i>Periparus ater</i>	Ferreiriño negro, ferreiriño común	29: p: 4, 5, 11, 20, 37. P: 7, 9, 10, 17, 18, 19, 22, 23, 24, 26, 32, 34. C: 8, 16, 25, 27, 31, 33, 35, 36, 38, 39, 42, (75).	Antes <i>Parus ater</i> .
Paridae	<i>Cyanistes caeruleus</i>	Ferreiriño azul, ferreiriño bacachís, meixengra, ameixengra	9: p: 1, 8, 18. P: 27. C: 24, 31, (75). X: 43, 47.	Antes <i>Parus caeruleus</i> .
Paridae	<i>Parus major</i>	Ferreiriño real, ferreiro abelleiro, ferreiro real	25: p: 1, 2, 7, 9, 17, 19, 39, 43, 47. P: 16, 18, 22, 23, 28, 32, 34, 35, 36, 37. C: 8, 24, 31, 33, (48), (75).	
Aegithalidae	<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreiriño rabilongo, subeliño, rabolongo	14: p: 8. P: 7, 17, 18, 23, 24, 25, 27, 31, 36, 42. C: 26, 38, (75).	
Corvidae	<i>Oriolus oriolus</i>	Ouriolo, vichelocrego, regavión, figorrodrigo	1: p: 8.	Actualmente extinta.
Corvidae	<i>Garrulus glandarius</i>	Gaio (común), pega da fraga, pega marza, pega marxa, pega rebordá, pigarro	19: p: 7, 8, 16, 31, 37, 38, 39. P: 9, 17, 18, 19, 23, 24, 26, 27, 32, 35, 36, (75).	
Corvidae	<i>Pica pica</i>	Pega (rabilonga), pega porca / Pega	21: p: 1, 2, 10, 11, 16, 17, 18, 20, 42, 47, (48). P: 7, 23, 24, 25, 33, 34, 39. C: 8, (75). X: (44). 62: p: 6, 11, 13, 14, 15, 20, 30, 37, 38, 40, 41, 42. P: 1, 2, 4, 5, 9, 10, 16, 18, 22, 23, 25, 31, 32, 33, 34, 36, 39, 43. C: 7, 8, 17, 19, 24, 26, 27, 28, 35, (75). X: 3, 29, (44), 47, 48, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 65, 66, 67, 72, 73, 74, (78), (81), (84). 17: p: 31, (75). P: 7, 8, 9, 25, (60). C: 1, 2, 20, 22, 23, 24, 33, 39, 43, (48). 34: p: 22, 31. P: 28, (60). C: 1, 2, 3, 7, 8, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 19, 20, 23, 24, 25, 26, 27, 32, 33, 34, 36, 39, 42, 43, (48), (75). X: 30, (44), 47.	
Corvidae	<i>Corvus corone</i>	Corvo pequeno, corvo viaraz, corvelo / Corvo	8: P: 25. C: 2, 7, 8, 23, 24, 43, 47. 8: p: 33, (48). P: 43, 47. C: 34. X: 24, 27, 42.	
Sturnidae	<i>Sturnus unicolor</i>	Estornio negro / Estornillo	27: p: 4, 5, 16, 20, 33. P: 7, 8, 9, 10, 17, 19, 23, 24, 26, 27, 32, 34, 36. C: 38, 39, 42, (75). X: 13, 22, 43, (44), 47.	
Passeridae	<i>Passer domesticus</i>	Pardal (común), gorrión / Pardal	30: p: 3, 4, 5, 9, 11, 26, 35, 36, 42. P: 2, 7, 10, 20, 22, 28, 31, 32, 33, 34, (75). C: 8, 18, 23, 24, 25. X: 1, 30, 38, 47, (84).	
Passeridae	<i>Passer montanus</i>	Pardal montés, pardal oreilleiro	35: p: 3, 4, 9, 10, 37, 38, 39, 42, 43, (84). P: 7, 16, 17, 19, 22, 23, 25, 26, 28, 32, 33, 34, 35. C: 1, 2, 8, 18, 20, 24, 27, 31, 36, (44), 47, (75).	
Passeridae	<i>Petronia petronia</i>	Pardal das rochas	29: p: 3, 4, 5, 30, 35, 38, 39, 42. P: 2, 7, 9, 10, 16, 17, 19, 22, 23, 25, 26, 28, 33, 43, 47, (48). C: 1, 8, 20, 24, 31.	Actualmente extinta.
Fringillidae	<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín (común), maceirento / Pimpín	37: p: 4, 5, 10, 30, (84). P: 2, 7, 8, 9, 20, 23, 26, 28, 32, 34, 35, 37, 42, 43, 47, (48), (75), (81). C: 1, 13, 18, 22, 24, 25, 27, 31, 33, 36, 38, 39, (44). X: 3.	
Fringillidae	<i>Serinus serinus</i>	Xirín (común), xirí, sirín, nabiñeiro / Xirín	4: P: 16, 17. X: 27, 36.	
Fringillidae	<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo (común), verderol / Verderol	17: p: 16, 18, 32, 34, 35, 37. P: 7, 9, 22, 23, 25, 26, 36. C: 8, 17, 24, 27.	
Fringillidae	<i>Carduelis carduelis</i>	Xilgaro (europeo), pintasilgo, pintasilvas / Xilgaro	38: p: 2, 13, 30, 37, 43, (81), (84). P: 1, 2, 4, 5, 7, 8, 11, 18, 19, 20, 22, 23, 25, 26, 28, 32, 33, 34, 39, 42, 47, (48), (75). C: 16, 17, 24, 27, 31, 35, 36, 38.	
Fringillidae	<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro (común), nabiñeiro / Pardillo	5: P: 43. C: 47. X: 24, 25, (44).	CGEA: EN (reprodutora). Hoxe non reprodutora.
Fringillidae	<i>Loxia curvirostra</i>	Cruzabico (común), bicotorto		
Fringillidae	<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal (común), paporrubio real, papandreu, cadete, tellasangue		
Emberizidae	<i>Emberiza cirius</i>	Escribenta común, escribenta liñaceira / Escribidora.		
Emberizidae	<i>Emberiza schoeniclus</i>	Escribenta das canaveiras		
TÁBOA 2. Aves asilvestradas con poboacións autosustentables (categoría C) nidificantes na zona de estudo entre 1986 e 2016 inclusive.				
Estrildidae	<i>Estrilda astrild</i>	Bico de coral, bico de lace, estrilda	7: P: 1, 8, 24, 25, 43. C: 47. X: 3.	Colonizadora recente.



**Eses entrañables
amigos illáns
que se nos foron.**



*sempre estaredeis
na nosa memoria*



ONS: NAUFRAXIO DO "NOVO MARUJA COSTA" "PEQUENAS CONTRADICCIÓNS NA PRENSA"

Por: Fernando Trigo

Á vista do bo labor que están a levar dende a Deputación de Pontevedra para poñer en valor os castros da provincia, tiña preparado para este número de AUNIOS un artigo dirixido a dar a coñecer unhas pequenas pautas a seguir para, tamén, poñer en valor a parte histórica, etnográfica e arqueolóxica da Illa de Ons.

Coido que estamos nun intre interesante, pois que un organismo como a Deputación se preocupe por realzar o noso patrimonio arqueolóxico e preste as axudas técnicas e económicas para realizalo é importantísimo e tiña que ser tamén aproveitado por outros organismo, chamemos neste caso Parques Nacionais, e solicitar esas axudas para levar a cabo o necesario estudo arqueolóxico dos castros de Ons catalogados, polo menos, o que existe no barrio de Canexol, preto dun xacemento romano a carón da mesma praia.

Pero a miña tardanza en poñer en orde toda a documentación, pedir as axudas necesarias e escribilo, provocou un atranco importante. Cando o mandei, despois de varios avisos por parte do coordinador, resultou que o número de páxinas era excesivo e só dispoñía de dúas, polo que decidín seguir investigando sobre o tema e telo preparado para o próximo número, evitando retrasos e, neste, seguir co tema dos naufraxios que tocara nos números 19 e 20 desta revista.

No número 19 de AUNIOS¹ facía unha pequena introdución aos naufraxios ocorridos no arquipélagos da Illa de Ons. Este aspecto, a arqueoloxía submarina do Parque, está totalmente abandonada en estudos e posta en valor. Parques debería preocuparse máis por dar a coñecer e patrocinar inmersiones para o estudo desta parte da historia dos arquipélagos que forman o Parque Nacional pois, co traballo de documentación que encargou a Miguel San Claudio non é suficiente, xa que non afondou máis aló do que xa coñeciamos, por exemplo, por un dos articulistas desta revista no seu magnífico traballo (Lino Pazos Pérez <Naufragios en las Rías Bajas>).

Neste intre vou tocar o último naufraxio ocorrido en Ons cun número importante de vítimas: o caso do "Nuevo Maruja Costa" que embarrancou na Illa de Onza o 31 de outubro do ano 1972, fai agora 45 anos, e salientar algunhas contradicións aparecidas na prensa da época.

O <Nuevo Maruja Costa> era un pesqueiro de madeira, cun motor de 120 HP, que fora botado no ano 1937 e que contaba cunha tripulación, no momento do naufraxio, de 11 persoas. O seu armador era o marinense José Luís Taracido.

Parece ser que, cando ocorreu a traxedia, non era un día de temporal, pero si de espesa néboa. Así o relata Julio Santos Pena, que nesa data era mestre titular

da escola de Ons²: *"El ambiente era plomizo, con fina lluvia y espesa niebla, pero apenas sin viento"*. Sen embargo no xornal A Vanguardia, o 2 de novembro, o seu correspondente de Marín, de boca dos superviventes, escribe: *"... el temporal, muy grande, poco común por estas costas, y unas corrientes fortísimas..."*.




Tamén no ABC do día 1 de novembro de 1972, escriben: *"El naufragio fue motivado por el fuerte temporal y el viento del suroeste que empujó a la embarcación contra unos bajos muy peligrosos, donde hace años también se registró el naufragio del guardacostas de la Escuela Naval <Cíclope>"*.

¹ Fernando Trigo. "Illa de Ons: Naufraxios neste arquipélado. O caso do Cíclope e un dos seus comandantes Miguel Buiza". Revista AUNIOS nº 19. Asociación Cultural Pineiróns. 2014.

² Julio Santos Pena. "Tragedia en Ons hace hoy 42 años". Faro de Vigo de 2 de novembro de 2013.

Esta información contrasta coa relatada anteriormente polo mestre e coa que dá posteriormente, onde comenta: *“Unos golpes en la puerta de mi casa y varias voces de hombres entremezcladas nos alertaron. Algo grave estaba sucediendo. Abri la puerta y, en efecto, diez o doce de aquellos rudos marineros isleños con Checho, el pedáneo, al frente, me informaban de que una sucesión de bengalas habían surcado el cielo al sur, muy cerca de la isla. Mi confusión fue grande, no habituado a aquellas circunstancias pero me uní al grupo. Uno de aquellos hombres había tenido la previsión de traer unas botas altas de goma en las que enfundé mis pies y en grupo salimos hacia la zona de las señales”*.

De novo aquí, o mestre, non fala das dificultades climatolóxicas da noite e, sen embargo, o ABC, volve a repetir: *“Las operaciones de búsqueda de los desaparecidos llevadas a cabo durante toda la noche y en las que participaron embarcaciones de Marín y Bueu, han resultado muy difíciles por el fuerte temporal que se registró en la zona del naufragio durante toda la noche y la nula visibilidad”*.



O remolcador da Armada “Cíclope” que embarrancou no mesmo lugar que o “Nuevo Maruja Costa”

Tamén, ao lado das diferentes versións sobre a climatoloxía no momento do naufragio, está a do lugar onde sucedeu. Nos libros sobre naufraxios consultados falan da illa de Ons, sen embargo, polos datos ofrecidos pola prensa e polo escrito polo mestre de Ons, o naufragio tivo lugar na Illa de Onza. No ABC escriben que o lugar do embarrancamento foi onde hai anos embarrancara o Cíclope, e este fíxoo ao nordeste da illa de Onza. Julio Santos escribe: *“El camino hacia Pereiró fue lento y largo y, quien más quien menos, se temía lo peor. Las bengalas fueron espaciando su disparo hasta que dejaron*

de iluminar el cielo. Después de casi una hora llegamos al límite de la isla pero la decepción fue grande porque entre la niebla y la oscuridad de aquella noche era imposible avistar nada y nada se oía sino la propia fuerza del mar”. Estas palabras, vividas en primeira persoa polo mestre, demostran que o naufragio non foi na illa grande de Ons, pois de selo, non terían dificultade en avistar o barco embarrancado, ou polo menos, escoitar os berros dos náufragos ou algún que outro ruído que fixera pensar que o barco estaba nesa zona.


Outro punto a tocar sobre este triste naufragio está no relativo ao seu intento de salvamento e busca dos náufragos. Julio Santos fala de como un mariñeiro de Ons quixo saír esa noite coa súa dorna na procura de posibles superviventes: *“Fue Manuel, un singular marinero que lucía una inusual barba, quien manifestó su deseo de embarcarse en una dorna y salir hacia la parte exterior de la Onza donde, estaba seguro, como otras veces, que podría haber ocurrido un naufragio”*. Quitáronlle a idea da cabeza e todos dirixíronse ás súas casas. Sigue contándonos Julio: *“Al día siguiente, varios*

barcos salieron con el amanecer hacia la zona y, pocas horas después, el Ntra Sra. del Carmen, patroneado por el señor Piñeiro, descubrió sobre la Onza a varios marineros que hacían señales de auxilio, a los que inmediatamente rescataron de su trágica posición. Pola contra o ABC comenta: “Desde las primeras horas de la mañana embarcaciones de varios puntos de la ría se han incorporado a la búsqueda de los desaparecidos, entre ellos, el <Fu> gemelo del barco siniestrado”.

Chama a atención que en ningunha das noticias que saen na prensa da época, non recollan o contado por Julio Santos sobre o salvamento dos náufragos realizado polo pesqueiro de Ons <Ntra. Sra. del Carmen>, e si falen do <Audaz II> con base en Portonovo que recollera

os cadáveres do contramestre, do cociñeiro e dun dos mariñeiros.

Deixando de lado estas pequenas anécdotas sobre como ocorreu o naufragio, onde e como foron salvados os superviventes ou recuperados os falecidos, dicir que o <Nuevo Maruja Costa> embarrancou na Illa de Onza, o 31 de outubro de 1972, que a súa tripulación era de 11 homes no intre da desgraza, que puido deberse a un descoido por culpa da espesa néboa e que morreron 5 dos seus tripulantes, outros 5 lograron salvarse e 1 desapareceu.



“CEN AÑOS NON É NADA”

Por: José Taboada García

Como di a canción de Gardel: “*Han pasado veinte años, veinte años no es nada...*” Cen anos son os que se levan estas dúas Guías Michelin. A sexta que data do ano 1917 e a deste ano 2017. Esta Guía aparece en Francia no ano 1900, cando nese país había tres mil coches. En España aparece, a primeira, no 1910, que inclúe a España e Portugal. Defínese como o “Vade-Mecum do automobilista”. Tanto aquí como en Francia, ofrecíase de agasallo aos automobilistas pola compra de pneumáticos.



Esta Guía, a do dezasete, pertenceu ao meu avó, que foi propietario dun coche Panhar&Levassor nº: 17091 TYPEU 6, fabricado en Francia. Acadaba 60 Km/hora, velocidade importante para aquela, xa que acendía a manivela, rodas con radios de madeira, transmisión por cadeas, suspensión de béstas,..., e as estradas sen asfalto. As luces eran de carburo, aínda que debían alumear ben, por levaren lupas de aumento. Tiña bucina de apertar a goma e serea. Era coche de moito consumo, como case todos os desas datas, cerca de trinta litros aos cen quilómetros.

A Guía era de gran axuda para os automobilistas. Ensinaba como cambiar unha roda ou un pneumático. Traía un mapa de estradas ben detallado no que figuraban as localidades onde había pneumáticos Michelin. Explicaba tamén como era a estrada, distancia entre localidades, como ir dunha a outra,...



Nº de chasis do coche do artigo

Dos primeiros coches en España non se sabe moito. Parece que o primeiro que circulou foi un Panhar-Lavassor, de 1881, importado de Francia para Asturias. O primeiro que se matriculou foi un Clement inglés en Palma de Mallorca PM-1, no ano 1900. Máis non foi igual en todas as provincias, algunhas matricularon dez ou doce anos máis tarde.

Os donos dos coches soían ter condutor que tiña coñecementos de mecánica e conducción xa que os talleres mecánicos escaseaban.

Cando ían sacar o carné, facían un curso práctico de mecánica, cambio de pneumáticos, reparar picadas,...

Ten moitas curiosidades esta Guía, por exemplo, para escoller os pneumáticos había que pesar o coche cargado e co depósito cheo e facer tres pesadas.

Trae publicidade variada; auga de quinina, Kodak, máquinas de coser Singer, buxías Sparta, lámpadas metal,...

As estradas galegas en xeral ponas como boas. Vexamos un percorrido:

“*Pontevedra la Toja 32 km. Salir por la Alameda. A la salida de la población, puente sobre la ría de Pontevedra. De Pontevedra a la Toja, carretera buena, algunos trozos ondulados y sinuosos. Pintoresca durante todo el recorrido, bordeando el mar en ciertos sitios, hermosas vistas sobre Marín y la Isla de Tambo. Tomar a la izquierda, el caserío de Poyo pequeño, bonita*”




vista atrás sobre Pontevedra, Poyo de San Juan, localidade que se deixa a la derecha y en la que se descubre un hermoso convento. Se deixa a la izquierda en la orilla de la ría el puertecillo de Combarro, hermosas vistas sobre Marin y la Isla de Tambo, así como alguna parte de la otra orilla de la ría. Algunas ondulaciones y trozos sinuosos, Samieira, un poco más lejos a la izquierda Rajo pueblecito de pescadores. Pequeña subida al llegar a Sanjenjo 18, a la salida carretera casi llana, se atraviesa un bosquecillo. Un poco antes de llegar a Villalonga 23, un poco más lejos a la izquierda Noalla, al 30 a la derecha, la carretera de frente conduce al Grove, bonito puente de cemento sobre al ría de Arosa, al llegar a la Isla de la Toja 32, bonito balneario situado en un parque muy pintoresco, Hotel del Balneario”.

Curioso recorrido Valencia - Madrid

“De Valencia a Madrid en general carretera regular, salvo a la salida de Valencia en cuyo sitio es mala. Carretera ondulada, pendientes del 5, 7 y 10 % polvorienta.

Antes de Minglanilla, se atraviesa el río Cabriel, lugar muy pintoresco. Hay que proveerse para las comidas, llevar también gasolina, pues no se atraviesa más que aldeas desprovistas de hoteles y depósitos de gasolina”.




A Guía Michelin nunca admitiu anuncios pagados de hoteis ou restaurantes. Para os hoteis usou e segue usando casas en lugar de estrelas: cinco casas, catro, tres dúas, unha.

Puña o plano das localidades máis poboadas como Madrid, Barcelona, Sevilla,...., a cor e a dobre páxina, mentres as máis pequenas ían a unha ou a media e en branco e negro.

Se as primeiras guías eran de itinerarios, hoteis e pousadas a actual volveuse gastronómica.

Galicia en xeral sae ben parada na Guía deste ano 2017. Santiago en aloxamentos destacando o Hostal dos Reis Católicos con cinco estrelas, San Francisco con catro, Quinta da Auga con tres. Restaurantes dez recomendados, un con estrela Michelin. Na Coruña o Hotel Hesperia Finisterre con catro estrelas e o María Pita con tres. Destaca catorce restaurantes, dous con estrela Michelin. Figuran tamén os paradores de Baiona, Pontevedra, Tui e Cambados.

No Grove, segundo a Michelin, destaca o Gran Hotel da Toxa con catro estrelas e o Atlántico con tres. En restaurantes D’Berto, O Solaina, Beiramar, Sansibar e Culler de Pau con estrela Michelin.



Os gravados pertencen á Guía Michelin de 1917

Botella de aire Michelin

no os fatigareis más
y vuestros neumáticos estarán siempre bien inflados.

Rodar con los neumáticos mal inflados, es matarlos.
Verificad frecuentemente la presión de vuestros neumáticos con el contador de presión Michelin.



JOSÉ PAZÓ DE CONSTRUTOR ACREDITADO DE MOTORES DE BARCOS A CAMPANEIRO OCASIONAL

Por: Estanislao Fernández de la Cigöña Núñez
(estanislao1941@hotmail.es)

INTRODUCCIÓN

As campás aquí reseñadas forman parte das máis de oitocentas que temos estudado nas catro provincias galegas, o que nos levou a descubrir unha gran parte dos fundidores galegos ou foráneos que deixaron a súa pegada escrita no bronce e que permaneceron practicamente agochados ata a publicación dos nosos traballos sobre as campás, dada a dificultade que estas presentan para ser observadas *in situ*.

Trátase, polo tanto, dun traballo de campo no que a bibliografía, dada a súa escaseza, apenas aparece reflectida.


UN MECÁNICO HABELENCIOSO

José Pazó Martínez iniciouse nos labores mecánicos da man de Antonio Sanjurjo Badía, alcumado “O Habilidades”, na fundición que este abría na cidade en Vigo co nome de “La Fundidora” e que despois se converteu en “La Industriosa”. Unha vez independizado, instalou o seu taller mecánico en Pontevedra a finais da década dos oitenta do século XIX, no barrio da Moureira de Abaixo, ao carón da capela de San Roque. Da antiga fábrica non quedou nin pegada pois no ano 1901 trasladaron capela e factoría para urbanizar aquela zona debido a expansión que estaba a experimentar a cidade.

José Pazó nacera en 1860 nunha familia labrega e el mesmo dedicábase aos traballos do campo ata a súa chegada á fundición viguesa. Asegúrase que morreu na fábrica aos 92 anos dun ataque ao corazón no ano 1920. Sucédelle o seu fillo **Diego Pazó Montes**, que despois da Guerra Civil se especializou na fabricación de motores mariños que levaron a marca “Pazó” por todas as rías galegas, especialmente as Baixas. A empresa, que chegou a ter máis de cen operarios, erguérase de novo no inicio da vella estrada a Marín e finalizaría a súa actividade en 1976, dedicada case exclusivamente á motorización do mundo do mar.

Fabricaba, daquela, motores diésel de dous tempos, con válvulas de varrido. A súa potencia oscilaba entre os 6 CV para os máis pequenos e os 300 para os maiores. Tamén o número de cilindros podía variar entre 1 e 6. En total fabricáronse entre 2500 e 3000 motores.

O museo etnográfico da parroquia de Artes (Ribeira) conserva un motor Pazó na súa exposición permanente aínda en magnífico estado. Coidamos que sexa a única pegada que chegou ata o día de hoxe daquela actividade industrial coa que se iniciou en Galicia a motorización dos barcos de pesca.



Motor “Pazó” de 75 HP exposto no museo etnográfico da localidade de Artes (Ribeira – A Coruña) (Foto cedida por Antón Parada Mariño).

AS CAMPÁS, UN COMPLEMENTO NO CATÁLOGO

No seu taller de fundición facían todo tipo de traballos en ferro, tales como reixas, varandas, trabes, portais, balcóns, cercados, etc. e a produción de campás en bronce realizábase para as igrexas da contorna na que a súa influencia era máis notable: Pontevedra e arredores. As súas campás, de boa presentación e coidado son, presentaban as características típicas das que se fundían artesanalmente. A bibliografía existente que conseguimos consultar resultou moi limitada, sendo Lino Pazos Pérez (2009), membro destacado de Pineiróns, un dos poucos investigadores que se preocuparon de dar a coñecer as actividades desta industria, asentada á beiriña da ría de Pontevedra, cando o despegue económico de Galicia estaba a comezar. A súa investigación refírese máis que nada aos motores mariños, como ben reflicte o seu título: “Motores Pazó”.



<

Campá pequena da igrexa do Salvador de Poio, concello de Poio (Pontevedra), onde se aprecia a greca superior e por debaixo epigrafía entre dous cordóns, a cruz ornamental, interrompida por un par de cordóns, a firma do fundidor e a súa procedencia, así como a data "1894" entre un trío de cordóns (Foto E. Cigoña)



>

Detalle da campá grande de Santa María de Curro, no concello de Barro (Pontevedra). Ano 1896 co nome do fundidor e a data (Foto E. Cigoña).

O uso frecuente de bronce (alixe de cobre e estano) no seu taller levouno sen esforzo á fabricación de campás, pero tanto neste campo como noutros, competía con outras fundicións moi acreditadas en Galicia como podían ser “Sanjurjo” e a “Mecánica Vázquez”, en Vigo, ou “Malingre”, en Ourense. Todos eles aceptaban os encargos que ou ben non podían atender os campaneiros ambulantes daquel tempo que traballaban maiormente durante a tempada morna, xa que o inverno lles impedía erguer os improvisados fornos de reverbero ao pé das igrexas nas localidades que poderían solicitar o seu servizo, ou presentaban un mellor orzamento aos abades e reitores de igrexas, mosteiros, ermidas, etc, ademais dunha garantía no produto, debido a súa proximidade e seriedade como industriais, que a priori parece máis seria e fundamentada da que podería dar un campaneiro nómade que, aínda firmando un contrato, a pouco de fundir a campá desaparecía.

REDUCIDA EXPANSIÓN


Observamos, sen embargo, que as campás de Pazó conseguiron un limitado espallamento, pois atopámolas exclusivamente por zonas próximas a Pontevedra onde se asentaba o seu obradoiro de fundición. Vémolos, así, na igrexa de San Martiño de Bueu (Bueu); na do Salvador de Poio (Poio) e na de Santa María de Curro (Barro). Estas tres campás pertencen aos tempos do inicio da actividade empresarial do fundador: finais do século XIX. Damos por feito que debeu haber máis campás coa súa marca, pero ou nós aínda non fomos quen de dar con elas ou xa desapareceron ao estragarse e ser substituídas por outras novas, diluíndo, deste xeito, a pegada de José Pazó neste sector.

O sistema de fabricación das campás pola industria era o chamado “á cera perdida” e coincidía por completo co utilizado de forma tradicional polos campaneiros transhumantes que percorrían Galicia ofertando aos señores abades a refundición das campás quebradas ou a creación das novas. Quizais a única diferenza residía no forno utilizado por uns e outros: de reverbero con tiro natural nos ambulantes e co tiro forzado nos industriais, pois para fundir ferro precisaban de máis calor que para o bronce, que se licúa xa a partir dos 850 graos, mentres que o ferro precisa de temperaturas superiores aos mil.

AS CAMPÁS DE PAZÓ, PEZAS ESCASAS

Se pouco se ten escrito sobre os motores mariños feitos en Pontevedra e o moito que esta industria supuxo para aquela cidade, seguramente estas serán as primeiras liñas que falen das campás de José Pazó e debemos advertir que como pezas escasas están a piques de desaparecer para sempre. Agora, dise: extinguir, coma se se tratase de seres vivos. Os anos non pasan en balde para as campás por moita fortaleza que aparentemente podan amosar, pois cando fenden ou quebran por un mal golpe, por un raio, por fatiga do material, por un uso excesivo, etc, non admiten reparación e deben ser fundidas de novo. Desaparecida a empresa Pazó será outra a encargada da súa feitura e porá sobre o vaso de bronce a súa marca e unha nova epigrafía que nada ten que ver coa que tiña a campá estragada. Como xa adiantamos, ao día de hoxe, temos inventariadas unhas 800 campás nas catro provincias galegas e un 20% levan a marca dos Ocampo de Arcos da Condesa, pois esta firma por estar en Galicia e ser a única que conseguiu sobrevivir ás diferentes crises que afectaron ao sector, ofrecen unhas campás de calidade e un prestixio que acumula séculos de seriedade. Vanse facendo, con estes antecedentes, cunha gran parte do mercado rexional, tanto novo como de substitución. Así, acontece a miúdo que: á campá antiga quebrada, campá nova refundida polos Ocampo.

Se consideramos as campás coma un documento, pois a maioría teñen gravado o ano de fundición, quen as fixo, de onde veñen, quen as encargou, quen as pagou, etc. a súa substitución leva aparelhada a total desaparición da súa epigrafía orixinal, xa que o novo fundidor lle porá, loxicamente, outra ben diferente. Aínda que pareza un contrasentido, sempre mantivemos que o papel é moito máis resistente co bronce, pois un documento escrito nel permanece nos protocolos notariais, arquivos, bibliotecas ou museos moitísimos séculos mentres que unha campá é moi difícil que supere os 400 anos de vida. Lembramos que a campá máis antiga que atopamos data do ano 1451. Érguese sobre a porta da sancristía da igrexa de San Pedro de Palmeira (Ribeira).



Detalle da cruz da campá grande de San Martiño de Bueu. Na parte baixa a aparece o nome do fundidor e a procedencia: "J. Pazó/ Pontevedra" (Foto E. Cigoña)



Detalle do ano "1897" na campá grande de San Martiño de Bueu por debaixo da greca e entre dous cordóns. (Foto E. Cigoña)

CARACTERÍSTICAS DAS CAMPÁS DE PAZÓ

Como as doutros fundidores, fosen industriais ou artesanais, as súas campás aparecen adobiadas por grecas, cordóns e unha gran cruz. A forma da cruz, a constitución da greca, o número e disposición dos cordóns repítenos os fundidores unha e outra vez, de xeito que se pode pescudar o nome do artesán que a fixo con só pescudar estes elementos decorativos.

Tanto a cruz ornamental como a greca das campás de Pazó parécense moitísimo ás que utilizan aínda os Ocampo de Arcos da Condesa (Caldas de Reis), polo que non dubidamos que as copiaron deles, pois os Ocampo empezaron a fundir campás no ano 1640, dous séculos e medio antes que Pazó abriera o seu taller. A diferenza máis notable radica na epigrafía onde se recolle o nome do fundidor: "J.

PAZÓ" e o da cidade: "PONTEVEDRA", que aparecen sempre en letras capitais, grandes e avultadas, situadas por debaixo da cruz ornamental.

Respecto ao tamaño, podémolas considerar como pequenas/medianas pois os seus pesos, nas tres que recolleemos, varían entre os 131 kg da menor e os 368 kg da maior.

BREVE DESCRICIÓN DAS TRES CAMPÁS

Ordenámolas dun xeito cronolóxico, o que coincide, casualmente, tamén polo seu tamaño, xa que van de menor a maior.

1ª. CAMPÁ: IGREXA PARROQUIAL DE SAN SALVADOR DE POIO (POIO), 1894

A feita por Pazó é a pequena das dúas que penduran na espadana exenta do corpo da igrexa e que se ergue nos terreos da reitoral.

Epigrafía:

Parte alta: “ME LLAMO MARIA”.

Parte inferior: “J. PAZÓ/ PONTEVEDRA”.

Na saia: “SE FUNDIO ESTA CAMPANA POR SUSCRICION PARROQUIAL SIENDO PARROCO D. JOSE M^a GARCIA PINTOS AÑO 1894”.

Ornamentación: greca superior, par de cordóns, cruz, par de cordóns na metade do vaso e cortando o pau da cruz. Trío de cordóns na parte inferior.

Medidas: 50 cm de altura e 61 cm de diámetro na boca. Peso aproximado: 131 kg.

2ª. CAMPÁ: IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CURRO (BARRO), 1896

Das dúas que ten a torre é a maior, pendurando pola banda esquerda da mesma.

Epigrafía:

Parte inferior: “SE HIZO ESTA CAMPANA SIENDO PARROCO D. PEREGRINO GÜMIL LUSIO EN EL AÑO DE 1896”.

Na saia: “J. PAZÓ/ PONTEVEDRA”.

Ornamentación: igual ca anterior.

Medidas: 70 cm de altura e 80 cm de diámetro na boca. Peso aproximado: 199 kg.

3ª. CAMPÁ: IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE BUEU (BUEU), 1897

Das dúas campás que ten a torre, a maior, situada no frontal, fixéraa J. Pazó, segundo se descobre da súa epigrafía. Así, lemos:


Parte alta: “SAN MARTIN DE BUEU JUNIO DE 1897”.

Parte inferior: “SE HIZO SIENDO PARROCO D. FRANCISCO CERVIÑO SANTOS”.

Na saia: “J. PAZO/ PONTEVEDRA”.

Ornamentación: repite puntualmente a das dúas campás anteriores polo que respecta á cruz grecas e cordóns.

Medidas: 76 cm de altura e 86 cm de diámetro na boca. Peso aproximado: 368 kg.



Pontevedra. Pinterasca. Coleccion C. del 1 al 15.
No 3. Mouteira de abajo.
Pa. J. Pinter Michalena 89.

AGRADECEMENTOS

Ao noso compañeiro na A.G.C.E. Antón Parada Mariño que nos cedeu a fotografía do motor “Pazó” que se acha no Museo Etnográfico de Artes (Ribeira- A Coruña).

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

* PAZOS PÉREZ, L. J. 2009. Motores Pazó. *Revista da Asociación de Veciños San Roque*, nº. 11: 47-48. Pontevedra.

*Construción do futuro
embarcadoiro de Pazó*

AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS. 2ª PARTE RÍA DE AROUSA I

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar


Continuando coa serie de artigos iniciada o pasado ano nestas páxinas, repasarei algúns dos protocolos notariais do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Só os que están dixitalizados e corresponden ao distrito notarial de Noia; xa que existen decenas deles máis, pero o seu acceso é moi laborioso debido á súa dispersión por distintos arquivos de Galicia.

Como comentei o ano pasado, as protestas dos capitáns realizábanse por diversos motivos, entre eles están os estragos sufridos polo buque, a perda de toda a carga así como os danos padecidos por esta, os retrasos soportados na entrega da mesma, ou ben noutros casos, como son as protestas polo sal, por falta de remuneración dos contratos á entrega da mesma nos alfolíes da real facenda, xeralmente pola falla de fondos. E existe outro grupo de protestas, máis luctuosas e desgraciadas, no que se refire á perda dalgún tripulante durante a travesía.

A fórmula notarial era, excepto nas do sal, a seguinte: **“...por lo que protesta una, dos, tres y las veces que hiciera falta contra el mar, el viento...”**, etc.

Con estas protestas, os capitáns cubríanse as costas no referente á súa responsabilidade sobre os danos e retrasos sufridos polos buques e a súa carga ou polo falecemento dun mariñeiro.

Para os investigadores estes protocolos notariais son un tesouro debido á gran información que conteñen, como pode ser: O nome e tipo de buque, o nome do capitán, o do piloto e tripulantes e incluso, nalgún caso, o nome do armador e dos pasaxeiros se os houbera, as toneladas e a matrícula do buque, o porto de carga, o cargamento e a súa cantidade, o porto de destino, a climatoloxía e os ventos predominantes na época do ano na que se produciu o suceso. En fin, toda unha cantidade de información que doutra maneira non vería a luz.



Comezarei entón a transcribir e resumir os sucesos que me parecen máis relevantes dunha serie de protestas relatadas polos protagonistas aos notarios da Ría de Arousa aínda que, como veremos, os contratemplos producíronse a moitas millas de distancia.

O 28 de xaneiro de 1828: *<El capitán del Bergantín Goleta español nombrada “Santa Teresa” de la matrícula de Santa Eugenia, D. Manuel Pérez vecino y de la matrícula de la misma localidad refiere en el Caramiñal que da la vela en el puerto de Málaga el día diez de diciembre con ocho tripulantes y que al día siguiente cruzando el estrecho el tripulante Manuel Martínez de Santa Eugenia, muchacho de fogón, fue a proa a hacer una diligencia natural y desapareció, siendo inútiles todos los esfuerzos por parte del capitán y tripulantes para recuperarlo>*.


O 26 de novembro de 1829: *<Cuenta en el Caramiñal D. Mateo Carril de Cádiz, capitán del Bergantín Goleta “La Pastora” de la matrícula de Cádiz que carga de sal y dos pipas y media de aceite en esa ciudad con destino a los reales alfolíes de la villa de Marín y con muy mal tiempo y vientos desfavorables pasaron el cabo San Vicente, las Berlingas, Oporto y no pudieron acercarse a las islas Cíes y Ons fueron a recalar al Cabo Villano, donde permanecieron cinco días hasta que salió el viento NO fuerte que les condujo hasta la isla de Ons donde otra vez un viento desfavorable les alejó cinco leguas en una noche, pero que a la mañana siguiente pueden recalar en este puerto del Caramiñal>*.

Tamén no Caramiñal, o 2 de decembro de 1929: *<Dice D. Antonio Sendón de Santa Eugenia, capitán del Queche “San Antonio y Ánimas” que carga en esa localidad sardinas, maíz y jamones con destino a Canarias pero que un*

contratiempo tan terrible que casi hace ir a pique el buque le empuja a salvar el Cabo Finisterre y refugiarse en Camariñas, días después regresa al puerto de salida>.

O 20 de decembro de 1829: < *Relata D. Roque Hervilla de Puerto del Son y capitán del Queche “Agustina Carmen”, con carga de sal en Torrevieja para los alfolíes de Betanzos y dos pipas de vino catalán, ocho cajas de jabón y tres piezas de cotonia, sufren un contratiempo en el estrecho que les obliga a arribar a Algeciras una noche y al día siguiente zarpan de nuevo y a la altura de Aveiro un Leste tan fuerte que corren a la vía más de treinta leguas a la mar , lo grueso que se puso ese elemento, los golpes de las formidables olas y la tempestad derecha que aguantaron fue la causa de que se le rindiera el buque anegándose y con todos los marineros a la bomba anclan en el día de ayer al puerto de Santa Eugenia de Riveira. Protesta por los desperfectos de la carga. El mismo capitán formaliza una protesta ante el mismo notario del Caramiñal el día 6 de Enero de 1830, cuando siguiendo viaje hacia Betanzos en el cabo Finisterre rompe el palo mayor y la mayor parte de la cubierta por lo que arriba al puerto de Corrubedo>.*

Xa máis adiante, o 4 de abril de 1830: < *D. José María de Abalo, de Carril, capitán de la Goleta “Anita” de la matrícula de Carril , dice en el Caramiñal que carga en Cádiz sal para Marín y pasajeros para Carril, que después de pasar el cabo San Vicente y a la altura de Oporto de unas catorce leguas a la mar ,con viento SW fuerte a la violencia de una ola le cayó un hombre al agua por la proa y que fue en vano la búsqueda del infeliz naufrago ya que sucedió a medianoche y aunque llamó a lista a toda la tripulación y pasajeros no apareció Antonio esperón , marinero y vecino de San Genjo , estando a bordo su primo Juan esperón de la misma vecindad. Sin más remedio continúa la navegación hasta ésta ría porque tenía la obligación de echar en el Carril los pasajeros. Entre otros testigos oculares, comparecen Juan Esperón de San Genjo y Juan Pombo de la parroquia de Arra>.*



Ao ano seguinte, o 23 de xaneiro de 1831: < *Comparece ante el notario del Caramiñal D. Jaime Vaello de Villajoyosa capitán de la Bombarda “Virgen del Carmen” también de esa misma matrícula y dice que carga en Torrevieja sal, 17 pipas de vino y una porción de espartería para D. Agustín Ferrer del Caramiñal y que a la altura de Oporto y Mondego pierden el juanete y la jarcia, echan al mar parte de la sal, una y media pipas de vino , dos cabos ,uno de esparto y otro de cáñamo, media pipa de carbón y bastante aceite. Relata que sólo con la mayor alcanzan los 10 nudos>.*

O 6 de febreiro de 1832, un ano despois: < *D. José Miffus vecino de Camariñas capitán y dueño del Bergantín Goleta “Nuestra Señora del Carmen” de la matrícula de Camariñas , cuenta ante el notario del Caramiñal que carga sal en Torrevieja con destino a Corcubión y que ratifica en todo la protesta notificada en Setúbal de donde siguió la navegación hasta el día que saltó el viento al NNO con tanta violencia que fue preciso ponerse a correr a la vía con un solo bolso de trinquete sorteando los grandes mares , y a las diez de la noche se le encapilló tan fuerte golpe de mar por la popa que entendieron ser víctimas en aquél momento de su furor, pero la divina providencia quiso que se llenasen todas las empavesadas de ambos costados , el fogón, desfondó la lancha y, en fin hasta rompió un cuartel de la escotilla por donde se anegaban, los víveres se le averiaron y perdieron el trinquete que desapareció , colocaron el velacho y también se lo llevó el viento, de manera que el ver el buque es ver una miseria. Se agrega a todo esto la circunstancia de no poder descansar porque se está dando siempre a las bombas por las cuales salió mucha sal. Así corriendo a lo que diese de sí el destino, se puso en la latitud N 33° 56´ y longitud occidental de Cádiz W4° 7´ , es decir 70 leguas de las Canarias , en cuya situación comenzó a templarse el tiempo y con vientos bonancibles siguieron navegando hasta Sagres para hacer pan y agua, de donde salieron hasta ayer para montar los bajos de Corrubedo que con viento muy recio, serrazón y mucha*

mar no lo pudo conseguir y una treboada por la travesía le hizo arribar y entrar a todo trance en esta ría y anclar en la rada de este puerto>.

Uns meses máis tarde, o día 3 de xullo de 1832: < *El vecino de Villajoyosa. Jerónimo Abello capitán y dueño del Jabeque “El Invencible” de la matrícula de esa localidad relata ante el notario del Caramiñal que después de haber cargado en Torrevieja sal para los alfolíes de Betanzos ,y espartería y cáscara de pino para los puertos de Marín y Villagarcía ,y precisamente después de haber descargado en Villagarcía salen de la ría y es entre las islas de Sálvora y Ons cuando les entró el viento por el NNO navegando hasta el día siguiente latitud N 42° 34’ y longitud W 2° 52’ que observó que el barco estaba rendido y hacía 14 pulgadas de agua, siendo indispensable tomar rizos a la gavia y velachos con cuya operación se le rindió totalmente el palo mayor hasta ponerle en estado de arribar a todo trance en esta ría, pero por no haber podido entrar en ella por el viento contrario tuvo que arribar en el punto que llaman La Barrosa donde fondearon. Al día siguiente y con mucho cuidado por las averías, entran en esta ría>.*

Algo máis de dous anos despois, o día 9 de maio de 1834: < *Comparece ante el notario del Caramiñal D. José de Chan, D. Manuel Ferreirós capitán del Queche “San Antonio y Ánimas” de la matrícula de Carril el cual expone que después de haber salido de la Bahía de Cádiz cargado con 708 fanegas de sal de las reales fábricas de San Fernando con destino a los reales alfolíes de la contigua villa de la Puebla del Deán, protesta esta ocurrencia imprevista una , dos ,tres y las más veces necesarias por hallarse en tiempo y forma ,no solo contra el contratista de dicha ciudad de Cádiz por quien viene fletado, sino contra su encargado en este partido D. Juan Mames vecino del Coto de Goyanes y más personas que resulten cómplices en los expuestos perjuicios y demoras que están experimentando ya, sin que pueda percibir motivo justo para ello>.*

Anos máis tarde, en concreto o 29 de outubro de 1844: < *El notario de Santa Eugenia de Riveira D. José Gabriel de Marcos da fe de la protesta realizada por D. Domingo Sendón Bazarra capitán, piloto y dueño del Bergantín “Iris” de la matrícula de Muros. El cual manifiesta que sale del puerto de Cádiz después de haber cargado 2.000 fanegas de sal con destino a Cambados hasta que les cargó el viento por el ENE con gruesa mar reconociéndose en latitud N 38° 56’ y longitud W4° 44’ del meridiano de Cádiz, que no fue capaz de resistirlo a pesar de las distintas maniobras verificadas no obstante de mantenerse a la capa, determinó con la tripulación poner el buque a la vía evitando la ruina y ser desarbolado mediante ya sufriera bastante pérdida de aparejo; y en éste estado reconocieron los horizontes cubiertos de carices achubascados con el viento más fuerte y engrosada la mar la mar la cual entraba por todas partes rompiendo cuanto se hallaba y llevándose parte de la empavesada de ambos costados , desfondando el bote de popa y lancha y a fin de alijar (aligerar?) el buque a que no zozobrase arrojaron al mar el fogón, la cadena, una verga de gavia y un mastelero de respeto, hallándose ya desfondado el almacén de aguada , no pudiendo verificarlo(sic) de las anclas por hallarse trincadas a los palos a causa de haber nuevamente entrado con mayor violencia la mar en el buque dejándole cuasi sumergido. Viéndose con la tripulación en tan fatal situación, acordaron echar parte del cargamento se sal a la mar por la camarasa (sic) y rancho de proa y lo han hecho durante tres horas consiguiendo con ello el alivio en parte del Buque. A continuación, con descanso de la mar y el viento siguen el rumbo con dirección al destino, embocando la Ría de Arosa desde el paralelo del Cabo Sines (¿¿) la mañana del día de ayer sin serle posible entrar en la Bahía de Cambados por lo cerrado de los horizontes y falta de práctico guareciéndose en el puerto de santa Eugenia de Riveyra.....protesta contra la mar, el viento y sus olas y más que haya lugar, una, dos, tres, y las más veces necesarias para que las pérdidas y averías que se consideren no sean de su cuenta ni de la tripulación...>.*

Como vemos despois da lectura destas testemuñas, un chega á conclusión de que a vida dos tripulantes dos veleiros desa época non era doada, nin moito menos!!!

No próximo capítulo seguirei con outros protocolos de protestas en notarías da Ría de Arousa.

Documentación: AHUS: Protocolos, Fe notarial, Noia (Coruña).

Notas do autor:

1º.- Imaxes cedidas por D. Ramiro Villoch Herrera. Prohibida a súa reprodución sen permiso expreso do mesmo.

2º.- Intentei ser o máis fiel posible ao texto orixinal dos documentos para que foran o máis intelixible posible, incluso no seu resumo, espero telo conseguido.

O ENCANTO DAS OUTRAS ILLAS DE GALICIA

Por: Cristóbal Ramírez


Hai países, como Gales, que miman ata o seu máis minúsculo anaco de ribeira, e nas redes sociais abundan os seus grupos de natureza e fotografía onde machaconamente repiten os microtopónimos. Acadan así espallar o coñecemento, promover o interese pola xeografía e, en suma, avalorar o país onde viven. Chega a tal punto a cousa que de norte a sur e de sur a norte (máis de 1.800 quilómetros) un viaxeiro pode ir camiñando pegado á costa por un sendeiro. E xa no currunchito suroeste ese mesmo viaxeiro pisa durante 299 quilómetros o *Pembrokeshire Path*, un carroucho que percorre todo ese parque natural.

Non pasa igual en Galicia, aínda que non sería malo que tal cousa acontecesse. E non pasa porque a mitomanía, tan rica nalgúns eidos como o das lendas, non funciona coa xeografía. O verán pasado unha parella de franceses explicáballes a outra de galegos o significado do Estaquín Sigüeles, por exemplo. Nada novo, e aínda que sexa cambiando de tema, os peregrinos alemáns son os que máis entran na catedral compostelá por onde se entrou sempre: pola fachada de Acibecheira, algo que ignoran ata os mesmos habitantes da cidade.

Pero o certo é que ningún galego peregrina ás illas que miran aos catro puntos cardinais. Por certo, cales son?

Ollada ao norte

O anaco de terra española situado máis ao norte non é Estaca de Bares, senón un illote que hai millóns de anos formou parte daquel e que por mor dos embates hoxe é



No círculo, o Estaquín Sigüeles. Estaca de Bares.

o que é. O seu nome completo xa está dito: O Estaquín Sigüeles, apelido que todo o mundo obvia ao falar naquel cabo mitolóxico e lendario que ten só dous núcleos de poboación, a Vila e o Porto.

É posible velo dende o continente e é moi difícil achegarse a el. Para isto último a mar ten que estar ben en calma e o aventureiro levar ao temón a un experto mariñeiro da zona. E para o primeiro hai que deixar o faro de Estaca de Bares á dereita e iren con moito coidado por un sendeiro que ten a ambas as dúas beiras os cantís, o que obriga a ir con precaución, máis aínda se se levan persoas maiores ou nenos no grupo.

O que o recentemente chegado vai ver é un arrecife situado a media milla, e a distancia fai que pareza moi pequeno. Se ao seu carón se pon algún barco de pesca -mesmo con chalanas se atreven a ir ata aí, tal é o valor dos pescadores da zona!-, a comparanza xa permite ver un illote. O que o ollo non percibe son os numerosísimos percebes e mexillóns que tapizan o granito. Un tesouro. Pero tamén un tesouro simbólico.

E viaxe ao sul

O sul de Galicia é... o parque natural do Xurés. Ou Feces de Abaixo, a fronteira con Portugal á altura de Verín. Así que con propiedade cómpre falar do suroeste. Ou sexa, da Guarda, da desembocadura do Miño onde as ondas baten contra unha illa fortificada que é territorio luso. Desbotadas para mellor ocasión as illas fluviais do gran río de Galicia, non queda outra que remontar a costa, rectilínea, abrupta, salvaxe, bela, sen parangón.

Unha ancha estrada enfila cara Baiona, esa “*longa ringleira de casas con galerías vidradas ou grandes fiestras, ao longo do peirao e daría e ao pé das fortificacións ameadas da vella vila*”, en verbas que escribiu no 1922 o xornalista inglés Aubrey Fitz Gerald Bell no seu libro de viaxes *Spanish Galicia*. Aos dez quilómetros queda á esquerda un peñasco baixo do cal ás referencias principais que se atopan en Google están en alemán. Este é outro caso de indiferenza total en Galicia e de interese alemán, neste caso grazas aos libros do viaxeiro hispanista Tobías Buscher. O topónimo: Pena Alloeira. Conste: hai antes algunhas pedras semellantes, pero ou de menor tamaño, ou máis pegadas á costa ou ambas as dúas cousas. Unha pista para no perderse: cómpre deixar xusto atrás o cruce que leva a San Xián, ese lugar que andou preiteando se era de Oia ou se era do Rosal.

Pena Alloeira debe definirse como un gran peñasco de forma irregular afastado da costa 200 metros quizais algo escasos e non mide máis de medio cento deles. Algo especial que o distingua doutro que o viaxeiro vai atopar? Nada. Nin sequera houbo –por sorte- accidente algún aí, segundo contan os veciños, uns veciños que aseguran que esas augas dos arredores son moi ricas en peixes. Unha invitación: con temporal, é unha imaxe inesquecible ver como o Atlántico barre Pena Alloeira do oeste ao leste creando un campo de escuma. Marabillas da natureza.

Cara ao oeste

A liña de costa non é a que era hai dous mil anos. O mar avanzou. Os enrabechados ataques do Atlántico e do Cantábrico contra as moles graníticas foron moldeando cantís, cabo, praias... e illas. Así pasa na Costa da Morte,

onde está a máis situada ao oeste. Chámase A Insua ou O Castelo, que de ambas as dúas maneiras aparece na cartografía, no folclore e na fala popular.


É moi sinxelo ir ata preto do Castelo. Só hai que coller a estrada que leva de antes de Cee (indo dende A Coruña) a Muxía, e pasada a farmacia e a igrexa, desvío á esquerda a Lires. Ao par de quilómetros, novo desvío, nesta volta á man contraria, sinalizado cabo Touriñán. Certo é tamén que cómpre ir sen présa, xa que nesta estrada estreita e cun firme moi mellorable se ergue a igrexa de Santa Leocadia de Frixe, un magnífico exemplo de románico rural galego que reclama unha parada.

E o asfalto continúa para se meter de repente no cabo Touriñán, natureza pura, salvaxe. Nin sequera cables eléctricos aparecen nin aquí nin aló. O Atlántico o domina todo, e a baixada final impresiona non tanto pola súa pendente senón porque dá a impresión de que quen chega é minúsculo comparado con tantas ondas, tanta espuma, tanto azul e verde.

O coche queda a carón do faro. E non queda outra que botar andar polo carroucho que arranca á esquerda. Son 200 ou 300 metros para ter á vista un illote bravo ao que un bo nadador podería pasar calquera deses cinco días ao ano que o mar está completamente calma. Os outros 360 días ou se dispón dunha embarcación ou sinxelamente, é imposible poñer un pé en terra.

É unha boa recomendación levar uns prismáticos aínda que teñan poucos aumentos, xa que a distancia que separa o continente da Insua é pouca. Para que? Para ver mellor uns valados moi ben feitiños que resisten en varios niveis pola cara que mira á terra, porque pola outra é acantilado en vertical e lugar de niños de gaivotas, desaparecido o arao, noutras épocas tan abondoso por aquí.

O visitante vai quedar pensativo. Non tanto polos humildes valados en si, sen máis, senón cando saiba que pertencen a unha aldea da Idade do Ferro. Ou para dicilo máis claramente, a un castro. Porque, si, aí, nese lugar tan inhospito, construíuse un castro para vivir da pesca, porque non é terra boa para a agricultura, cheo o aire de salitre.



As motivacións son imposibles de saber, pero é de balde soñar. Quen e por que ergueu na fin do mundo unha aldea? Alguén que fuxía? Era un castigo e mandaron aí a xente indeseable noutros lugares? Porque vivir aí dous milenios atrás non tiña que ser duro; tiña que ser durísimo. Os teitos de palla non aguantarían ventos e treboadas. E, por moito que retrocedese a liña de costa nos tempos actuais, costa traballo pensar que O Castelo fose un cabo: era unha illa, máis preto que agora do continente, pero unha illa.

E para rematar, o leste

Se falamos do leste, falamos do Cantábrico. Lóxico. E haberá que comezar a exploración pola desembocadura do río Eo, o que une Galicia con Asturias,

para pescudar onde atopamos a primeira illa.

Os primeiros quilómetros desaniman. A estrada, ancha e moi xenerosa en curvas, permite ver a ría en todo o seu esplendor, que é moito, pero illas, nin por asomo. Cómpre deixar ás costas Ribadeo e o seu parque etnográfico, continuar polo paseo —de notable moi alto— e chegar ata a punta, o extremo oeste desa entrada onde o Cantábrico se amansa. Esa esquina é unha illa. SI, moi sui generis, pero éo. Chámase A Pancha, e enriba dela hai dous faros: un, vello e con inhabitada vivenda pegada, fóra de servizo; outro, alto e altivo, novo e en funcionamento.

Pódese pasar? Pódese... en teoría. Unha ponte une a illa ao continente —non a terra firme, como din algúns, porque terra ben firme son as dúas partes—, pero no medio foi colocada unha porta pechada con candeeado para evitar calquera tentación de vandalismo.

Pero a viaxe non é en balde. Non só pola foto que sen dúbida os visitantes levan para casa, senón porque se continúan o máis pegado posible á ribeira por

unha pista estreita e asfaltada chegarán nun par de minutos ata o castro das Grobas, parcialmente escavado aínda que a vexetación, xa se sabe, tende a tapar todo. Dende el hai unha visión máis afastada da illa da Pancha, pero tamén máis completa.



ANDURIÑA S.D.



Por: Javier Fernández Soutullo

Rematada a Primeira Gran Guerra, a Ría de Arousa convértese nun afamado porto natural para as frota navais das potencias vencedoras do gran conflito, a Británica e mesmo a da Unión Soviética, sendo a primeira delas a que máis pegada deixa nas poboacións limítrofes convertendo a Vilagarcía case que nunha das colonias do imperio.

Xunto coa maquinaria de guerra, viñeron algúns dos seus costumes como as cacerías de patos na ría e o fútbol, que pronto prendeu nos veciños. Sen dúbida a construción do Gran Hotel da Toxa, que se enchía de oficiais e das súas familias, contribuíu á práctica deste novo deporte no Grove.

Foi entón, en 1919, cando xurdiu o ANDURIÑA S.D., comezando a súa exitosa andaina nun eucaliptal que, situado na marxe esquerda da ponte da Toxa, foi preparado como campo para a práctica do fútbol.

Numerosos grupos de veciños, comandados polo Dr. Don Cándido Otero Goday, fundaron o club que sería claro dominador nas categorías das Rías Baixas durante moito tempo. O Anduriña era coñecido en toda Galicia, aínda que, a diferenza de hoxe, a competición desenvolvíase nun ámbito case que autonómico.

O Anduriña desenvolvía un gran labor social. Famosos foron os bailes no casino do Grove onde eran elixidas a mises do club e as súas damas, que no seguinte partido farían o saque de honor.

Tivo sempre seccións de categorías inferiores de moi bo nivel e incluso equipo de fútbol feminino, aínda que este non tivo continuidade por carecer de competición oficial. Tamén alcanzou sona o seu equipo de veteranos.

Foi unha sociedade de marcado carácter familiar. Recordo na década dos setenta que familias enteiras enchían varios autobuses e facíanse longos desprazamentos para apoiar ao seu equipo.



Tamén nos anos 70 se abandonou o campo da Toxa para estrear o novo campo de Monte da Vila e, como non podería ser de outra maneira, co Anduriña competiu outro equipo da localidade, xurdido nos anos 50 s.XX, o C.D. GROVE.

Foron tremendos os enfrontamentos no terreo de xogo durante moitos anos. O cambio de club, por parte de calquera xogador, era considerado unha traizón e unha afronta, pero iso remataba co son do pito final do Sr. arbitro, iso si, as dúas afeccións xa empezaban a pensar no partido da segunda volta.



Esquerda: 1948 o equipo do Anduriña no campo da Toxa, en formación, acorde cos tempos.
Dereita: 1935. Lueiro Rey, arriba 2ª pola dereita. A madiña era a súa muller. Campo da Toxa.



Esquerda: Equipo gañador do trofeo Juan Torres. Catro veces consecutivas 1925-26-27-28. Non había liga, eran campionatos rexionais.
Dereita: Unha das primeiras equipacións. Camiseta branca e calzón negro. 1920. O escudo tan só tiña a londra mirando cara abaixo.



Esquerda: 1935. Última formación do Anduriña antes da Guerra Civil. No campo da Pobra.
Dereita: Ano 1945. Don Cándido o presidente trouxo da Arxentina a camiseta coa franxa horizontal. Sería a definitiva.



Esquerda: 1954. Equipo campión Rías Baixas, tamén á Deportividade. Co eles o representante da Federación de Pontevedra.
Dereita: 1952. O equipo coa pancarta da "Peña 2 + 2 Vuela Anduriña".



Esquerda: 1961. Equipo campión Rías Baixas.
 Dereita: Equipo campión Rías Baixas 1971. Campión de modestos 1972.



Esquerda: 1976. Dous equipos de veteranos, todos do Anduriña. Xogaban unha caldeirada no campo de Monte da Vila.
 Dereita: O equipo con máis éxitos do club. Anos do 72 - 75. Gañaron todo.



1980
 Equipo feminino do Anduriña, con Túñez de mister e Pepiño de árbitro.

ACTIVIDADES "Pineiróns"
 Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
 CASA DE CULTURA DE O GROVE

UNHA ÁRBORE SENLLEIRA: A FIGUEIRA DO MECO

Por: Francisco Meis

Falar da figueira do Meco é falar de nos mesmos como vila, é expoñer un proceso cultural inmaterial que abarca cinco séculos de xeracións de grovenses que viviron e transmitiron a identidade desta vila a través dese símbolo; a súa forza, a súa arrogancia ante as inxustizas, a súa unión como colectivo social ante a adversidade. Toda unha historia dunha xente materializada nun símbolo que pervive a través dos séculos e das xeracións.

A primeira vez que aparece en documentación escrita será no libro do Padre Sarmiento titulado *Viaxe a Galicia* e datado en 1745:

“Antes de entrar en el Arrenal do Vado a mano derecha hay tres montes y en la cima del medio hay dos ganchos, y entre ellos está la higuera famosa; porque en el Grove hay tradición que allí ahorcaron las mujeres al Meco, y yo mandé cortar unas ramas de dicha higuera para llevar a Madrid por bufonada.”

A lenda conta que un cura, chamado D. Juan de La Meca, exercía o dereito de pernada coas mulleres que ían casar. Cansos os cidadáns de tanta licenza luxuriosa, decidiron executalo colgándoo da famosa figueira no monte da Siradella. Cando a xustiza buscou un culpable de tal abuso, ao preguntar: “Quen matou o Meco?”, contestaron todos xuntos: “Matámolo todos!”. Sen probas e sen culpables aparentes, o crime quedou sen resolver, quedándolle aos grovenses o alcume de “mecos”. Así é como se transmitiu con pequenas variacións a través da tradición oral.

A lenda contouna o Padre Sarmiento desta maneira:

“Dízese que un estudiantón, que o hera natural de MECO junto A Alcalá, o que se llamaba Meco de apellido (que también le ayazia el otro lugar) pasó a Galicia (como pasan otros tunantes), que habiéndose insinuado en el servicio de no se quien, consiguió el ser cura de San Martín del Grove, que esté en una casi isla en donde la Ría de Padrón entra en el mar alto; que habiendo allí manifestado las habilidades que llevó a Galicia, se desenfrenó tanto su carnal apetito, que vició a muchas mujeres, ya por sugestión, ya por violencia, y que irritadas las mujeres, determinaron hecharle de este mundo, ahorcándole de una higuera, y que finalmente habiendo hecho autos la Justicia de la Coruña...”

A segunda fonte escrita sobre a lenda deixounola o chamado cura de Fruime, Diego Antonio Cernadas de Castro (1702-1777). O párroco volvería a falar dela no século XVIII e tería que pasar máis de 100 anos para que o nome da árbore regresara a primeira plana da historia.

A Figueira no Congreso dos Deputados


No 1898, coa perda da illa de Cuba, o ministro Eugenio Montero Ríos fará unha hábil comparación contando a lenda

do Meco no Congreso dos Deputados coa finalidade de achacar a responsabilidade da perda da prezada colonia española non ao seu goberno, senón a todos os partidos daquel momento: Matámolo todos! Perdémola todos!

Sería de novo a Figueira sacada do seu ostracismo que xa duraba máis de 100 anos, vendo dende a súa atalaia privilexiada aló nun cumio do alto da Siradella, entrar e saír as xentes do Grove polo Istmo do Vao.

Unha lenda convertida en teatro

A tradición oral continuaría labrando as consciencias, ata que a finais dos anos 30 do século pasado o grovense Francisco Franco Calvete, ordenanza de telégrafos, crearía a obra *O señor feudal ou: ¿Quen matou o meco?*. Despois daquela serían numerosas as representacións que se fixeron desta obra na vila, unhas veces tinguidas de traxedia e misterio e outras de respecto e agoireira sospeita. As últimas leváronse a cabo durante o ano 2016 con gran éxito de participación.





BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (I) "PRIMEIROS PASOS"

Por: Celestino Pardellas de Blas

INTRODUCCIÓN:

Para o tema das baterías de Ons (tema moi importante xa que foi o intre no que comezou a última repoboación da Illa que chega ata os nosos días) vou a aportar as notas que eu conseguín nas miñas pescudas, documentación obtida por un investigador que non tivo inconveniente en pasarme algúns datos¹ e as sacadas de diferentes traballos e artigos.

Coido que os acontecementos que sucederon durante os anos que van do 1809 ao 1815 foron cruciais para a historia recente de Ons e que, sumados aos que van do 1815 ao 1840, provocaron o xurdir desta comunidade única que forman os veciños de Ons.

É difícil comprender o por que da falla de investigacións serias sobre estes anos que van de 1809 a 1840, anos nos que sucederon importantes acontecementos en Ons que deron pé ao paso da Illa a "*propiedade particular*", iso si, con moitos problemas e, sobre todo, con bastantes irregularidades.

O intento de fortificación trouxo unha primeira chegada de obreiros para a súa construción e, posteriormente, un goteo de familias para cultivar as terras illáns e asentarse nelas, con irregulares contratacións por parte de Genaro Ángel e os seus homes de palla, o arcebispado de Santiago e o Marqués de Valladares.

Importante sería dar a coñecer a interesante documentación existente, e outra que aínda fica nos arquivos, para saber como se levou a idea da construción das baterías en Ons, quen se encargou de levala a cabo, de como contrataron persoal e materiais, dos cambios de organización con respecto ao presentado nun primeiro intre no plano do Sr. Cossio, como se sufragaron os primeiros gastos, quen permitiu, como suposto dono de Ons, a construción, a que estaban obrigados e que compensacións tiñan os que aportaron os cartos,...

Eu intentarei, ao longo de dúas ou tres entregas, poñer sobre o papel os datos suficientes para que saibades que aquí había e hai un campo de investigación sen explotar polos, ata agora, estudosos de Ons. Ao longo destas tres entregas quedará un pequeno sumario para as súas pescudas.

Foto 1.- Restos da batería. Emprazamento perfecto para visualizar a entrada inimiga polo norte.



BATERÍAS DE DEFENSA: O POR QUE DA SÚA NECESIDADE:

Galicia fora invadida no ano 1808, sen apenas resistencia, polos franceses que viñan perseguindo ás tropas do Xeneral Moore. En pouco tempo ocuparon Galicia. Lugo foi a primeira o 9 de xaneiro de 1809 e a última foi Vigo-Tui o 31 do mesmo mes.

Pero a partires de febreiro, comeza a reconquista que ía a durar ata o mes de xuño do mesmo ano, no que tivo lugar a derradeira batalla galega contra os franceses nas beiras do río Verdugo.

Ante esta desagradable experiencia, sabendo que os franceses aínda estaban presentes noutros puntos de España e ante a posibilidade de que realizasen outra ofensiva contra Galicia, as forzas vivas decidiron que era necesario a creación dunha *Junta de Defensa* en prevención do que puidera pasar.

Esta *Junta* constituíuse en decembro de 1809. Dedicáranse case exclusivamente á defensa de Galicia, con competencias en materias de facenda e moi relacionadas co exército.

En diferentes reunións tanto desta *Junta* como de outros organismos militares, tómase a decisión de realizar varios proxectos de defensa de zonas das rías do sur de Galicia. Un bo número de enxeñeiros pónense ao servizo destes para a realización de diferentes proxectos.

¹ Dicur que, non vou expoñer a procedencia dos documentos que me aportou este investigador por ser o froito de varios anos de traballo e sería inxusto que outros se aproveitaran dela sen traballalos. Espero que pronto publique o seu traballo de investigación e alí si estarán reflectida a súa procedencia.

Concretamente na ría de Vigo, ao carón de fortalecer a zona costeira da vila, xorden varios plans de defensa para instalar nas illas Cíes arsenais, baterías, bases navais e fortificala.

PREPARATIVOS DAS OBRAS DE ONS:

Parecía que había urxencia en levar a cabo esas obras de defensa e, en pouco tempo, puxéronse ao traballo. A *Junta Superior de Defensa* comeza a busca das persoas adecuadas para levalas adiante.

No caso de Ons nomean como Comisionado ao cura párroco de Sanxenxo, D. Salvador López Gil. Supoñemos que por ser este concello o que está máis preto de Ons e, á vez, polas súas boas relacións coas altas esferas pontevedresas e, entre outras cousas, por ser tamén párroco de Salcedo.

As reunións e os intercambios de comunicados entre o comisionado e os responsables da *Junta* son constantes. Urxe poñerse ao traballo. O primeiro era buscar un enxeñeiro que se traslade a Ons, recoñeza a Illa, mire as súas posibilidades e realice un plano para a presentación á *Junta Superior* para a súa aprobación. Baralláronse varios enxeñeiros, pero aqueles máis coñecidos e cualificados foron trasladados para a ría de Vigo e illas de Baiona (Cíes).

Pode que por indicación de López Gil, o elixido foi un monxe beneditino, que era tamén enxeñeiro, D. Francisco Guillermo de Cossio. Este, en escrito enviado á *Junta Superior* con data 6 de febreiro de 1810, comunica o seu interese para realizar ese traballo. Desde la *Junta Superior* contéstalle da seguinte forma:



Mapa do Ministerio de Defensa. Cíes 1810.

Habiendo dado parte a esta Junta Superior del ofrecimiento que hace Usted de ocuparse en beneficio de la Nación por su primera profesión de Ingeniero, ha acordado que se le de gracias por su Patriotismo y que se le prevenga al propio tiempo que admitiendo esta Junta la oferta que hace Usted podrá trasladarse a esta ciudad con la brevedad que le sea posible para ocuparle en cuanto pueda ser útil a la Patria con sus conocimientos y luces de que tiene noticia la Junta.

Con esta misma fecha se comunica al Abad de ese Monasterio esta notificación para que la tenga entendida y facilite a Usted la traslación a ésta, proporcionándole los auxilios que fueran necesarios.
Coruña 6 de febrero de 1810.

Desprazado o Sr. Guillermo de Cossio á Coruña, envía escrito ao Presidente e *Junta de subsidio y Armamento de este Reino*:

Excmo. Sr. Presidente:

Guillermo de Cossio, Ingeniero en el siglo, y al presente religioso Benedictino, que fue ofrecido, aceptado y mandado venir por vuestra Excelencia a esta ciudad, donde se haya ansioso de acreditar sus vivos deseos de sentir en cuanto pueda a vuestra Excelencia, pero sin que tenga medios para subsistir.

Suplica a vuestra Excelencia, se digne asignarle algún diario para ello, según la prudencia y justicia que vuestra Excelencia juzgue necesario. Así lo espera de la penetración y bondad de vuestra Excelencia.

Coruña a 8 de Marzo de 1810.


Arranzados os primeiros trámites, o enxeñeiro ponse ás ordes do Comisionado, Salvador López Gil, e, en canto poden, desprázanse ata Ons para levantar plano e presentalo á *Junta Superior del Reino*.

Plano que manifiesta las Islas de Ons, y Onza.

Cm-A 11


Explicacion.

1. 1. Cuatro Baterias de los quatro lados deben colocarse en los Calcamos, para una con quatro cañones de calibre de 24, poco menos, y la otra en el medio en el sitio llamado Curro, de tres cañones de poco calibre, y la restante en el lado puesto, tambien de tres cañones de 24 por q. son para obstar a larga distancia todas ellas en el sitio donde van indicadas, a poco distante de unos, pero buvan do la parte mas espantada para la defenza, y ofensa.
2. Almahacen para tener las provisiones de Boga, y de otra, de las que pueden hacerse dos uno para cada casa, o solo uno para las dos, dividido por medio, y con dos puertas.
3. 3. Parapetos que deben haverse en diversos sitios para resguardo de la facilidad.
4. Rampa para arrimar las lanchas, donde puedan estar con alguna seguridad.
5. Restos de la Iglesia, y poblacion antiguas.



Escala en varas para manifestar las Baterias, y Almahacen






Plano de un Almacazan



Plano de una Bodega en grande.



S^{ta} J^{er}se a 17 de Julio de 1810.

F. Guillelmo de Corvia

Mentres, o Sr. López Gil xa trasladara a Ons, o que poderíamos chamar, unha primeira brigada de obras para ir preparando o terreo, mirar de construír algún almacén ou acondicionar algunha das antigas casas-chozas existentes para poder durmir e comer na illa mentres se realizaban as primeiras tomas de contacto.

Nesta viaxe, e aconsellado por algún colaborador, fílle ver a necesidade de que, mentres se constrúen as baterías, sería necesario que houbera polas proximidades algunha lancha de vixilancia para, no caso de achegarse pola zona barco inimigo, este puidera defender a costa e por conseguinte as obras que se ían realizar e así non perder o alí invertido. En escrito dirixido á Junta de Armamento exponlles:

Excmo. Sr.

... con motivo de realizar algunos trámites, me desplazé a Vigo y pude observar varadas en aquella playa, cinco lanchas cañoneras que sostuvieron la defensa de PuenteS.Payo e que, por non causar gastos en carenas y reparos, se pondrían en venta por no necesarias... El exponente y otros conocen la ventaja para la seguridad de la Ría de Pontevedra, Vilajuan y Carril de esas lanchas... También facilitarían por la ría e islas el suministro de víveres... Serían muy necesarias en el caso de una nueva irrupción...

Suplica se digno disponer por el orden que corresponda, para que las cinco lanchas, se carenen y pongan en estado de servicio, destinándolas a cargo de los Jefes de Marina de puerto de Marín y Carril,..., y presten servicio de vigilancia. Coruña, mayo 19 de 1810

Poucos días tardou o Sr. López Gil en recibir resposta da Junta de Armamento, pois o 28 de maio de 1810, recibe notificación onde lle din: “...en vista de los inconvenientes que ofrece la propuesta que nos hace a cerca de que se armasen las cinco lanchas que existen en la villa de Vigo,..., teniendo además en consideración los crecidos gastos que con ese motivo se organizarían,..., hemos acordado manifestarle que no podemos acceder a lo solicitado...”. De todos os xeitos, máis adiante miraremos que de novo dende Ons volven insistir para, polo menos, aproveitar os canóns que estas lanchas teñen para instalar nas baterías que estaban en construción.

Foto 2.- Restos da batería. Emprazamento perfecto para visualizar a entrada inimiga polo sur.



ENTREGA DO PLANO DE COSSIO E EXPLICACIÓNS DAS CARACTERÍSTICAS DAS BATERÍAS:

O plano é entregado polo enxeñeiro Cossio con data 18 de maio de 1810 con copia do seu informe. Foi acompañado polo comisionado Sr. López Gil que á vez fai entrega á Junta dun amplo escrito pedindo a aprobación e explicando as necesidades inmediatas e futuras. Interesante é que fai constar: “... espera se sirva conceder la artillería, municiones correspondientes y la dotación de algunos soldados, dispensando a los que vayan a poblar dichas islas del servicio del ejército...” Quere evitar que as persoas que vaian a traballar na construción non sexan tratados como soldados senón como obreiros ou veciños.

Continúa López Gil expoñendo a necesidade de comezar axiña as obras: “...es preciso no perder momento pues solo la actual estación es la propia para operar en aquel terreno escaso de todo recurso menos de agua y tojo...”

Tamén en dito escrito expón o comisionado a necesidade de recursos económicos para o comezo das obras de fortificación, para a construción dun peirao de abrigo, para un forno,..., recursos para os que a Junta xa informara con anterioridade da precariedade na que se atopaba, polo que era necesario unha subscrición popular por medio de accións.

Remata expoñendo como deben ser esas accións e da necesidade dunha persoa que se encargue do cobro e da sinalización dos terreos adxudicados.

Explicación do plano e os cambios que houbo, segundo o informe entregado posteriormente:

No propio plano o Sr. Cossio, de xeito resumido, explicou o contido do plano do seguinte xeito (mirar cadro):

1.1.- Catro baterías. Das catro dúas deben colocarse nos extremos, cada unha con catro canóns do calibre 24 ou pouco menos, e a outra no medio no sitio chamado Curro, de tres canóns de pouco calibre e a restante no lado oposto, tamén de tres canóns de 24 porque son para obrar a larga distancia. Todas éllas no sitio onde van indicadas ou pouco distante de éllos, pero buscando a parte máis oportuna para a defensa e ofensiva.

2.- Almacén para ter as provisións de boca e guerra, dos que poden facerse dous, un para cada cousa, ou só un para as dúas, dividido en medio e con dúas portas.

3.3.- Parapetos que deben facerse en diversos sitios para resguardo da fusilería.

4.- Rampla para arrimar as lanchas onde poidan estar con algunha seguridade.

5.- Vestixios da igrexa e poboación antiga

As présas obrigan a dar solucións de inmediato ao tema. Así, e xa sobre o terreo, coidan non levar a cabo as proxectadas en Cova da Loba e Area dos Cans. Unha polo lonxe que quedaba do lugar de acceso á Illa por mar e a outra porque a situación non era moi estratéxica, polo que o mellor emprazamento, sobre todo pola súa proximidade ao lugar onde ían construír a rampla que faría de peirao e que facilitaría o transporte do material necesario, era un saínte que estaba



Construción moi preto da batería <Castelo da Rueda>. Pode que pertencente a esas datas e con claro uso para a batería.

a poucos metros cara ao norte, fronte ao lugar coñecido como <Fondeadeiro dos Ingleses>, dende alí había unha boa visión no caso de penetración polo norte ou polo sur.

A outra batería quedaría no lugar previsto no barrio, coñecido hoxe, como Pereiró, con canóns de 24 para operar a longa distancia.

As obras comezaron axiña, xa que as dúas ían sobre unha base rochosa o que facilitaría a construción aproveitando as mesmas pedras da zona e evitar, ao mínimo, o traballo de extracción de pedra en canteira. Proxectáronse a realización de pozos, embalses e almacéns para gardar

todo tipo de armamento e todo o necesario para o bo funcionamento dos canóns preto das baterías.

Ata aquí esta primeira parte. Deixo para a próxima entrega temática tan interesante e ben documentada, como o comezo das construcións e as problemática xurdidas pola falla económica. A posta en funcionamento das <Accións de Primeira Clase> e da persoa que se fixo cargo de poñelas a andar. Documentación sobre o Cabido á hora de poñer claro a quen pertencía Ons. Como se chega a acordos entre o Cabido, a Junta de Armamento e os primeiros accionistas. Necesidade de armar as baterías e a busca do armamento necesario para dotalas. Problemáticas entre os accionistas e os novos obreiros-veciños pola posesión e pago de canons polas terras. Paralización das obras aos dous anos do comezo. ...

NOTA: O meu agradecemento ao investigador José Manuel Pereira Fernández polos datos aportados para poder realizar este traballo.


O plano presentado por Cossio, é informado positivamente pola Junta, pero a falla de recursos iniciais e á espera do que dean de si as <accións> pensadas para a obtención dos cartos necesarios para o proxecto, fai que só se planeen, nun primeiro intre, dúas das catro baterías.

Ao principio figuraban (mirar plano de Cossio): Ao nordeste tres, unha na zona coñecida hoxe como Cova da Loba, outra preto da praia, hoxe nomeada, de Area dos Cans e unha terceira na zona de Pereiró, concretamente hoxe, na Punta do Castelo.

A cuarta, non está ben definida a súa situación. Era necesaria, segundo explica, para disuadir ao inimigo antes de navegar cara ao leste, por onde podían penetrar e desembarcar con máis facilidade.

Polo que podemos sacar das exposicións que dá Cossio no documento adxunto ao plano, estaría preto do lugar coñecido hoxe como <Alto do Vixía> (enriba da praia de Liñeiros) xa que, dende ese lugar pódese observar con facilidade, polo norte, ata a costa do Barbanza e polo sur, ata a costa portuguesa.

Planos dunha batería e dun almacén, presentado por Cossio.




A outra batería quedaría no lugar previsto no barrio, coñecido hoxe, como Pereiró, con canóns de 24 para operar a longa distancia.

As obras comezaron axiña, xa que as dúas ían sobre unha base rochosa o que facilitaría a construción aproveitando as mesmas pedras da zona e evitar, ao mínimo, o traballo de extracción de pedra en canteira. Proxectáronse a realización de pozos, embalses e almacéns para gardar

todo tipo de armamento e todo o necesario para o bo funcionamento dos canóns preto das baterías.

Ata aquí esta primeira parte. Deixo para a próxima entrega temática tan interesante e ben documentada, como o comezo das construcións e as problemática xurdidas pola falla económica. A posta en funcionamento das <Accións de Primeira Clase> e da persoa que se fixo cargo de poñelas a andar. Documentación sobre o Cabido á hora de poñer claro a quen pertencía Ons. Como se chega a acordos entre o Cabido, a Junta de Armamento e os primeiros accionistas. Necesidade de armar as baterías e a busca do armamento necesario para dotalas. Problemáticas entre os accionistas e os novos obreiros-veciños pola posesión e pago de canons polas terras. Paralización das obras aos dous anos do comezo. ...

NOTA: O meu agradecemento ao investigador José Manuel Pereira Fernández polos datos aportados para poder realizar este traballo.



PUNTA COUSO, UN LUGAR CHEO DE RECUNCHOS POR EXPLORAR

Por : Lino Pazos Pérez

Cando determinado día do mes de xuño, do ano 1998 me acheguei por Aldán coa intención de recoller algunha información, polo menos gráfica, sobre o faro que se atopa na parte máis abrupta do promontorio, atopeime con que esa enigmática punta escondía outras moitas cousas, ademais dunha vexetación exuberante e unha infraestrutura de arrevesados camiños que máis dunha vez me levaron ao mesmo punto de partida.

Entre as xoias arquitectónicas representativas da industria galega que acubilla, e por orde de marcha (partindo do peirao de Aldán), podémonos atopar coas fábricas conserveiras e de salgadura que se manteñen en pé, unha, a piques de desaparecer, outra buscando novas posibilidades, e a máis aberta aos ventos do norte, practicamente na punta mesma, completamente remocicada e reconvertida nunha vivenda de considerables dimensións, restaurada con mimo e moi bo gusto, ao meu parecer, que mantén a rampla, caseta de aparellos (parece ser que se utilizaba para gardar a *escama* do peixe que era logo vendida como subproduto) e estrutura fabril (creo que se pretende ou pretenduse destinala a actividade hostaleira como casa rural ou similar).

Imaxínome o ir e vir das mulleres por aqueles camiños á fábrica, coñecida como de Juan Buet, montada sobre a mesma praia, e as embarcacións que lle fornecían do necesario peixe varadas na area ou esperando quenda manténdose á capa, facendo fronte ao temible nordeste.



Fábrica de Buet en Punta Couso

Pasada a praia de Arnelas, en Ameixende, metémonos de cheo na enorme fábrica de Lamberti, que se alza sobre os peiraos, rampla e escaleiras, dividida en tres grupos de edificios que funcionaron a un tempo cando estas instalacións traballaban ao cento por cento, dando emprego a boa parte da poboación de Aldán e as súas aldeas limítrofes.

Posta á venda, esta factoría sería adquirida en 2007 co fin de instalar nela un hotel thalasso, pero a día de hoxe aínda está pendente de execución.

Pero comeceamos a camiñada na praia de Vilariño, no mesmo saco da ría de Aldán, onde xa nos atopamos cunha antiga fábrica de salgadura reconvertida en vivenda, que mantén maxestosa a súa estampa mariñeira enfrontada ao mar. Esta factoría, aumentada considerablemente, dedícase, ou dedicábase, á fabricación de fariñas de peixe; mantén peirao, ramplas e escaleiras, todo iso en perfecto estado.

Antiga fábrica de salga en Vilariño, Aldán





Instalacións de Lamberti antes da súa venda

Continuando polas reviravoltas da estrada, que ten nalgúns puntos perigosos estreitamentos, e pasado o acceso á praia de Area Brava, chegamos a punta Lalada, onde podemos contemplar o que foi unha pequena pero activa fábrica de salga, situada practicamente sobre as rochas do mar, da que soamente quedan algúns lenzos dos seus muros, cegados os seus pilos e desaparecida toda actividade. Este fábrica, parece ser, pertencía á familia Gil, de Cangas.

Factoría totalmente arruinada en punta Lalada



Continuando, xa a pé, e despois dalgúns sobresaltos xa que a liña da costa non é nalgúns lugares apta para camiñar sen ter que agarrarse ás pedras ou arbustos, atopámonos cunha pracenteira enseada na que podemos contemplar en toda a súa extensión a citada anteriormente fábrica dos Buet.

Existen documentos que confirman a adquisición da leira de Punta Couso no primeiro terzo do século XIX por Juan Buet, así o acreditaban os seus descendentes en 1997 con motivo dunhas dilixencias pola propiedade dos camiños que había na herdade e que eran motivo de litixio por parte dos veciños.

Fotografía da factoría de Juan Buet realizada por Arturo Sánchez Cidrás



Pero non soamente existen trazos da nosa historia industrial; tamén nos atopamos coa sinalización daquelas augas que entre as súas pedras, todas elas con nome propio, esconden os máis prezados tesouros en forma de mariscos e peixes; tamén atesouran restos dos naufraxios que enloitaron moitas familias, xa se sabe, é a cota que o mar se cobra por darnos a cambio os seus produtos.


A luz, montada sobre a mesma Punta Couso, de axuda á navegación, atópase sobre unha torre cilíndrica de cachotería branca que se alza 20 metros sobre o nivel do mar, sinalando as pedras dos Salaiños, e as Osas, entre as que destaca o Cabalo de Aldán, e á súa fronte o temible Baixo da Cruz e as Cabadas, estas a maior profundidade.



A luz practicamente colgada no cantil


Outro dos atractivos que presenta a Punta son as ruínas do antigo destacamento do Exército onde, ademais de dúas construcións, unha recuperada e convertida en vivenda familiar, e a outra practicamente sobre o cantil (á beira mesmo da plataforma onde se situaba o reflector que iluminaría os posibles brancos en caso dunha hipotética presenza na boca da ría de buques inimigos), en ruínas, onde estaría o xerador que producise a necesaria enerxía eléctrica; todo este sistema defensivo baseábase nas baterías de costa de San Vicente no Grove e Cabo Silleiro, apoiadas pola de Cabo Udra, dependentes no seu momento do Rexemento de Artillería Nº 3, de Campolongo, Pontevedra.

A plataforma dende a que se manexaba o reflector



Aproveitando a visita ás instalacións militares, de complexo acceso, subimos ata a punta das Osas, promontorio dende o que se divisa boa parte da Costa da Vela e as illas Cíes, pola esquerda, mentres que á dereita alíñase o arquipélago das Ons no que tantos bos momentos pasamos, e no medio, adivíñase a liña divisoria que pecha, ou abre, segundo se mire, a ría de Marín-Pontevedra.

Sobre esa pequena atalaia érguese unha cruz de afogados, que mira desafiante ao mar aberto, e que nos avisa de que todo ten un prezo nesta vida, e que o mar, como xa quedou dito, tende a cobralo.



Se continuásemos cara ao sur, acabariamos en Cabo Home, Punta Robaleira e Punta Subrido, onde houbo que acender unha tríade de faros para que os buques lograsen entrar na ría de Vigo, deixando por estribor a illa de Monteagudo do arquipélago das Cíes sen maiores problemas.

A cruz de afogados parece desafiar ao mar

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

U-LO PLANO DE JOSÉ CARDONA ROSELLO, DA ILLA DE ONS?

Por: Belarmino Barreiro Rosales

“Chippendale. Compreino, enteiro, a un lord arruinado; mandeino desmontar e, peza a peza foi reconstruído na miña casa ...” dille Caetano Salgado a Carlos Deza no capítulo VI do primeiro libro titulado “*El Señor llega*” da triloxía “*Los Gozos y las Sombras*” de Gonzalo Torrente Ballester e fai referencia á escena coñecida da biblioteca ou despacho do estaleiro. Contan que o autor tomou como fonte o traslado dos mobles e pertenzas que o defunto Didio Riobó Bustelo herdara do seu pai, médico e dono de Ons, Dr. D. Manuel Riobó Guimeráns que trouxera de América, concretamente de Filipinas e estaban na súa casa almacén do Curro e que á morte daquel en 1936 a súa viúva, María Antonozzi Palanca apoderara a Massó Hermanos, S.A. na persoa de Gaspar Massó García a facerse cargo de todo o que na illa había, negocios e venda do arquipélago incluído contra cargo dunha renda anual que se encargaría de enviar. Tivo que ser todo un espectáculo ver chegar en barco ó peirao Massó de Bueu tódalas pertenzas dende Ons. Fálase dun atril tallado en madeira de caoba con forma de aguia alada estendida para suxeitar as follas dun libro aberto no momento da descarga e outras pezas que delataban a súa nobreza e orixe. Así nacería o rolo documental en corda frouxa coñecido como *Illas Ons da familia Riobó*, nos estantes do *detall* do complexo fabril conserveiro de Massó Hermanos, S.A. de Bueu.

O 29 de agosto de 1989, un conato de incendio provocado por unhas cabichas mal apagadas dentro dunhas cunchas de vieiras facendo as veces de cinceiro que caeron ó chan, ameazan con queimar a Casa Consistorial de Bueu que segue a ser de madeira. O lume iniciouse no ático, antiga vivenda dos secretarios municipais, cuarteado para este fin e reconvertido en arquivo e que naqueles momentos estíbese a reorganizar parte dos seus fondos. (A data exacta está extrapolada precisamente da memoria arquivística desa reorganización). Montóns de papeis amoreábanse no chan : boletíns oficiais, formularios de imprenta, chapas de antigas matrículas de carros e bicicletas e moitas letriñas de entroido estrofalladas daquelas seladas e / ou autorizadas para seren cantadas ou prohibidas e moito material considerado de segunda ou circunstancial. O asunto foi que boa parte del danouse e mollouse nos labores de extinción. Nos días seguintes deuse a orde de desaloxo e limpeza do chan e polas fiestras abertas da fachada principal da Casa do Concello que non se abrían dende que deixara de vivir o último dos secretarios municipais, paleáronse centos de follas, documentos e papeis a eito que estaban polo piso espaxados e caían uns polo seu peso contundentemente na alameda fronte a arcada do edificio e outros tardaban máis cal folerpas ou muxicas planeando no mesmo entorno. Claro está, a xente parábase estupefacta a ver que ocorría pois nunca tal se vira, outro espectáculo parecido ó anterior dos mobles, pero este máis ampuloso polo xeito de facelo e por tratarse do propio Concello. Entre os documentos que caeron máis a plan foron uns rolos pregados sobre si, de cartón, aparencia antiga, medios amarelos sucios (hoxe dirían unha cor branca rota). Dado o seu número e fasquía chamou o interese por ver de que se trataba nun dos asistentes ó acto e desenvolvendo un deles veu que se trataba dun debuxo a tinta e pouco tempo lle levou en advertir que se trataba dun motivo escultórico da capela ermida dos Santos Reis no Valado. No extremo inferior dereito constaba a sinatura do autor. E así repetíndose con tódolos rolos que caían do ceo: tratábase dos bocexos orixinais do pintor Urbano Lugrís González encargados para o deseño e construción da citada ermida en 1948, bosquejo que en 1998 reaparecerían na refundada biblioteca pública municipal de Bueu alí depositados pola persoa que os salvou e esquecidos novamente ata o seu inventariado e enmarcado pasando a decorar o salón nobre capitular de sesións da Casa Consistorial de Bueu, hoxe cedidos en depósito ó Museo Massó polo Concello que tanto lle estorban, polo visto.

Pero tamén caeron documentos de menor peso e máis volátiles. Neste segundo grupo enmárcase un prego de papel groso, menos acartonado que os anteriores, despregado polo aire como dun metro de longo por corenta de ancho aproximadamente. Cando caeu ó chan parecía debuxado tamén unha especie de mapa feito á man. A persoa que o colleu puido ler detidamente que se trataba dun plano da Illa de Ons (tamén viña debuxada a de Onza) feito a escala polo fareiro, daquela torreiro, D. José Cardona Roselló, no ano 1904 cando era propietario do arquipélago, Fernando Quiñones de León y Elduayen, Marqués de Mos, Alcedo e Valladares. Ó parecer tamén foi depositado na mesma biblioteca de Bueu, pero o certo é que a día de hoxe o orixinal atópase desaparecido. No arquivo municipal consta un copia parcial duplicada a escala minguada. Chama a atención que en diversos libros e publicacións aparece reproducido e non da copia conservada do arquivo como se pode ver, polo que hai que inferir que a reprodución provén doutra fonte. Aproveito para facer un chamamento público a través destas liñas para que poida recuperarse e devolver ó seu lugar de orixe que é o arquivo municipal de Bueu. Grazas.

Parecida sorte por atoparse extraviados correron outros documentos municipais como o tomo encadernado do xornal buenense *La Voz de Bueu* de 1904 desaparecido das dependencias municipais a finais dos anos oitenta e tamén reproducido algún dos seus números co selo impreso da antiga biblioteca popular de Bueu, así como o álbum de fotografías do propio arquivo municipal que, agardemos un día poidanvolver xunto cos bosquexos de Urbano Lugrís ó seu lugar de orixe marcando así a maioría de idade dunha institución de todos e para todos que garda a memoria documental pública dun pobo.

A continuación reproducimos unha imaxe e maila letra do citado plano de Ons de 1904:

*“ YSLA DE ONS EN LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
 ESCALA DE 1:4000 METROS = JOSÉ CARDONA Y ROSELLÓ
 ADSCRYCIONES Ó RESEÑA DE LA ISLA DE ONS
 EN LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA*

Casas y casetas que hay en la isla y la familia que hay en cada una de ellas:

Casas nº de orden	Nombres de los cabezas de casa	Número de almas en cada casa
1	Jerónimo Martínez	11
2	Hermenegildo	2
3	Manuel Pena (Ripote)	7
4	Benito Regueira	10
5	Manuel Reiris	6
6	Vicente López	4
7	José López (padre)	10
8	José Laberco	10
9	La casa del Marqués	2
10	Ramón Masenlla	10
11	D. Ramón (el cura)	1
12	Manuel de Vera (Comesaña)	10
13	José Otero (del Centulo)	4
14	Ramón de Vera	3
15	María de Cuña	11
16	Viuda e hijos de Mendes	6
17	Juan García (de Faustino)	6
18	José Mendes	9
19	Pastora Goberna	3
20	Benigno	5
21	Fábrica de Salazón (Marcial)	11
22	Angelito García (Faustino)	7
23	Antonia Faustino es García	4
24	Juana Piñeiro	4
25	Benito Sampedro (Roque)	10
26	Sra. Ramona viuda de Patiño	11
27	Maximino (Laberco)	2
28	Manuel Patiño (B<a>ndullo)	8
29	José Reiris (Padre)	9
30	Francisco Reiris (Chosco)	3
31	Antonio Otero (del Centulo)	5
32	Ramón Otero (del Centulo)	11
33	José Ramón de Dios	11
34	Serafín Blanco	7
35	El Faro D. José Cardona y D. J. Bugallo?	10
36	Ramón Patiño	11
37	Ramona de (Laberco)	4
38	José Reboiras	9
39	José Vidal (hijo)	5
40	Perfecto Vidal	3
41	José Vidal (Viejo)	9
42	David Otero (de Bogueiro)	6
43	Francisco Otero (Cañete)	7
44	Joseño Otero (del Centulo)	9
45	Emilio Patiño	5
46	Benito Otero (del Centulo)	9
	Total	306

La isla de Ons está situada al O. de Marín a una distancia de unas cinco leguas- La isla tiene de largo 5,200 – Kilómetros aproximadamente (y de altura hasta la esplanada del faro 116 metros)


El dueño en la actualidad es el hijo del Marqués de Alcedo, D. Fernando.

El arrendatario D. Marcial Bernadal pagó por dicha isla 1500 pesos anuales

Faro de Ons, 1º de Octubre de 1904

El Torrero José Cardoña (firmado y rubricado)

La isla tiene de largo 5,200 metros y de altura hasta la espaldada 116 metros



Ysla de Oms en la provincia de Pontevedra
Escala de 1:4000 metros = José Cardama y Boullé

Fine de Oms el 2 de Octubre de 1894
El Geógrafo José Cardama

Descripción o toponimia de la isla de Oms en la provincia de Pontevedra

La isla de Oms está situada al N. de la provincia de Pontevedra y tiene de largo 5,200 metros aproximadamente y de anchura en su mayor parte de 1,000 metros. El punto más alto de la isla es la espaldada que tiene 116 metros de altura.

Los castros que hay en la isla y la parroquia que comprende son los siguientes:

Orden numeración	Nombre del castro	Altura de cada uno de ellos	Parroquia de adscripción
1	Castro de San Juan	116	San Juan
2	Castro de San Pedro	110	San Pedro
3	Castro de San Miguel	105	San Miguel
4	Castro de San Antonio	100	San Antonio
5	Castro de San Marcos	95	San Marcos
6	Castro de San Andrés	90	San Andrés
7	Castro de San Blas	85	San Blas
8	Castro de San Mateo	80	San Mateo
9	Castro de San Sebastián	75	San Sebastián
10	Castro de San Nicolás	70	San Nicolás
11	Castro de San Esteban	65	San Esteban
12	Castro de San Agustín	60	San Agustín
13	Castro de San Valero	55	San Valero
14	Castro de San Primitivo	50	San Primitivo
15	Castro de San Julián	45	San Julián
16	Castro de San Basilio	40	San Basilio
17	Castro de San Leocadio	35	San Leocadio
18	Castro de San Vicente	30	San Vicente
19	Castro de San Andrés	25	San Andrés
20	Castro de San Mateo	20	San Mateo
21	Castro de San Sebastián	15	San Sebastián
22	Castro de San Nicolás	10	San Nicolás
23	Castro de San Esteban	5	San Esteban
24	Castro de San Agustín	0	San Agustín
25	Castro de San Valero	0	San Valero
26	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
27	Castro de San Julián	0	San Julián
28	Castro de San Basilio	0	San Basilio
29	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
30	Castro de San Vicente	0	San Vicente
31	Castro de San Andrés	0	San Andrés
32	Castro de San Mateo	0	San Mateo
33	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
34	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
35	Castro de San Esteban	0	San Esteban
36	Castro de San Agustín	0	San Agustín
37	Castro de San Valero	0	San Valero
38	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
39	Castro de San Julián	0	San Julián
40	Castro de San Basilio	0	San Basilio
41	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
42	Castro de San Vicente	0	San Vicente
43	Castro de San Andrés	0	San Andrés
44	Castro de San Mateo	0	San Mateo
45	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
46	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
47	Castro de San Esteban	0	San Esteban
48	Castro de San Agustín	0	San Agustín
49	Castro de San Valero	0	San Valero
50	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
51	Castro de San Julián	0	San Julián
52	Castro de San Basilio	0	San Basilio
53	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
54	Castro de San Vicente	0	San Vicente
55	Castro de San Andrés	0	San Andrés
56	Castro de San Mateo	0	San Mateo
57	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
58	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
59	Castro de San Esteban	0	San Esteban
60	Castro de San Agustín	0	San Agustín
61	Castro de San Valero	0	San Valero
62	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
63	Castro de San Julián	0	San Julián
64	Castro de San Basilio	0	San Basilio
65	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
66	Castro de San Vicente	0	San Vicente
67	Castro de San Andrés	0	San Andrés
68	Castro de San Mateo	0	San Mateo
69	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
70	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
71	Castro de San Esteban	0	San Esteban
72	Castro de San Agustín	0	San Agustín
73	Castro de San Valero	0	San Valero
74	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
75	Castro de San Julián	0	San Julián
76	Castro de San Basilio	0	San Basilio
77	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
78	Castro de San Vicente	0	San Vicente
79	Castro de San Andrés	0	San Andrés
80	Castro de San Mateo	0	San Mateo
81	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
82	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
83	Castro de San Esteban	0	San Esteban
84	Castro de San Agustín	0	San Agustín
85	Castro de San Valero	0	San Valero
86	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
87	Castro de San Julián	0	San Julián
88	Castro de San Basilio	0	San Basilio
89	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
90	Castro de San Vicente	0	San Vicente
91	Castro de San Andrés	0	San Andrés
92	Castro de San Mateo	0	San Mateo
93	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
94	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
95	Castro de San Esteban	0	San Esteban
96	Castro de San Agustín	0	San Agustín
97	Castro de San Valero	0	San Valero
98	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
99	Castro de San Julián	0	San Julián
100	Castro de San Basilio	0	San Basilio
101	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
102	Castro de San Vicente	0	San Vicente
103	Castro de San Andrés	0	San Andrés
104	Castro de San Mateo	0	San Mateo
105	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
106	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
107	Castro de San Esteban	0	San Esteban
108	Castro de San Agustín	0	San Agustín
109	Castro de San Valero	0	San Valero
110	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
111	Castro de San Julián	0	San Julián
112	Castro de San Basilio	0	San Basilio
113	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
114	Castro de San Vicente	0	San Vicente
115	Castro de San Andrés	0	San Andrés
116	Castro de San Mateo	0	San Mateo
117	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
118	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
119	Castro de San Esteban	0	San Esteban
120	Castro de San Agustín	0	San Agustín
121	Castro de San Valero	0	San Valero
122	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
123	Castro de San Julián	0	San Julián
124	Castro de San Basilio	0	San Basilio
125	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
126	Castro de San Vicente	0	San Vicente
127	Castro de San Andrés	0	San Andrés
128	Castro de San Mateo	0	San Mateo
129	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
130	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
131	Castro de San Esteban	0	San Esteban
132	Castro de San Agustín	0	San Agustín
133	Castro de San Valero	0	San Valero
134	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
135	Castro de San Julián	0	San Julián
136	Castro de San Basilio	0	San Basilio
137	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
138	Castro de San Vicente	0	San Vicente
139	Castro de San Andrés	0	San Andrés
140	Castro de San Mateo	0	San Mateo
141	Castro de San Sebastián	0	San Sebastián
142	Castro de San Nicolás	0	San Nicolás
143	Castro de San Esteban	0	San Esteban
144	Castro de San Agustín	0	San Agustín
145	Castro de San Valero	0	San Valero
146	Castro de San Primitivo	0	San Primitivo
147	Castro de San Julián	0	San Julián
148	Castro de San Basilio	0	San Basilio
149	Castro de San Leocadio	0	San Leocadio
150	Castro de San Vicente	0	San Vicente


VERÁS CORTEGADA DEITADA NO MAR

Por: Ana Vilas Paz

O arquipélago de Cortegada é o máis pequeno, seguramente o máis descoñecido para a maioría das persoas, e tamén o que máis diferenzas presenta respecto aos outros arquipélagos do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, tanto a nivel ecolóxico como pola súa historia.

Os arquipélagos de Sálvora, Ons e Cíes atópanse na boca de entrada das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, respectivamente, coa súa cara oeste enfrontada ao océano Atlántico e ás duras condicións ambientais que isto supón: fortes ventos, ondas, salinidade... Así os ecosistemas que atopamos nestas illas deben estar, por forza, e tanto no mar como na terra, adaptados a estes condicionantes.

Cortegada pola contra atópase situada fronte a Carril, no fondo da ría de Arousa. Se as outras illas están na fronteira entre a ría e o océano, Cortegada está na fronteira entre a ría e a desembocadura do río Ulla, máis resgardada de ventos, ondas e demais condicionantes oceánicos. Podería dicirse que é a menos atlántica das Illas Atlánticas.



O arquipélago de Cortegada, situado na boca do esteiro do Ulla

Tamén a nivel xeolóxico presenta diferenzas coas outras illas, xa que a maior parte das rochas que atopamos en Cortegada son metamórficas, non graníticas, o que condiciona as características dos solos que a súa vez son a base sobre a que se asenta a vexetación e consecuentemente, o resto dos seres vivos.

Estas diferenzas a nivel xeográfico e ambiental explican en gran parte que tamén a súa historia humana sexa a que máis difire respecto ás outras illas do Parque Nacional.

Resulta difícil atopar referencias documentadas sobre a historia de Cortegada e os seus habitantes anteriores ao século XX. Dende estas mesmas páxinas fíxose noutros números unha chamada á necesidade de buscar

documentación en arquivos históricos que permitise profundar en determinados aspectos da illa de Ons. Quizais nesta illa sería aínda máis necesario ese labor de mergullarse nos arquivos na busca de documentación que nos dea algo de luz sobre a súa historia, e tamén prospeccións arqueolóxicas que proporcionen novos datos e certeza.

É complicado incluso saber dende cando Cortegada estivo habitada. A escasa distancia que a separa de terra firme e o feito de que incluso co nivel do mar que hai actualmente, as mareas vivas permitan un acceso relativamente fácil á illa, permite supoñer que dende que a costa próxima estivo habitada, Cortegada foi dalgún xeito explotada, e o nome da vila de Carril provén precisamente, segundo aparece recollido nun documento do S.XVII, do carril que facían os carros cando viñan á ribeira e á propia illa pola baixamar para a recolección de algas que servisen como fertilizante para as leiras.

A súa estratéxica situación na entrada do esteiro do Ulla, unha das principais vías de acceso cara o interior de Galicia por vía marítima, fixo tamén que aqueles pobos que se achegaron a Galicia polo mar con propósitos diversos, dende o comercio ata o saqueo, fixeron aquí acto de presenza. Así, restos atopados e distintas referencias escritas falan de fenicios, gregos, romanos ou vikingos na illa ou nas súas augas.

Na Idade Media, a finais do S.IX, a illa de Cortegada, igual que as outras que forman o Parque Nacional, é doada á igrexa compostelá, tras o descubrimento ou invención do sepulcro do apóstolo Santiago. Aínda na Idade Media, como moi tarde en 1334, constrúese o primeiro santuario da Virxe dos Milagros de Cortegada, onde se acudía a implorar pola curación dos afectados pola peste negra. En 1652 constrúese unha nova ermida, da que se conservan os restos hoxe en día, nun emprazamento distinto ao orixinal. A ermida tiña un pequeno hospital lazareto - albergue para os peregrinos que ían a Santiago de Compostela polo que hoxe coñecemos como Camiño Inglés. Moitos mariñeiros tiñan tamén por costume pedir protección ante a Virxe de Cortegada, como reflectían os numerosos exvotos de embarcacións que había na ermida. Probablemente nalgún momento destes séculos instalouse en Cortegada unha pequena poboación que construíu a aldea situada na parte da illa que se atopa fronte a Carril, da que actualmente se conservan as ruínas.

A vida dos poboadores de Cortegada cambiaría completamente cos inicios do século XX, e igual que na maioría dos grandes cambios na vida dos poboadores costeiros de Galicia, as razóns hai que buscalas orixinariamente no mar. O

porto de Carril tivo unha grande actividade durante varios séculos, especialmente para as mercadorías que tiñan como destino Santiago, chegando a ser un dos portos máis importantes de Galicia no século XVIII, cando as principais casas de comercio de Santiago tiñan filiais en Carril. A finais do século XIX comezan a xeneralizarse os barcos de vapor, de maior tamaño, e constrúese en Vilagarcía o “Muelle de Hierro”, cunhas instalacións máis modernas e espazosas, e a maior parte do tráfico marítimo trasládase cara ao porto de Vilagarcía e outros portos en zonas máis exteriores das rías e por tanto con maior calado que o de Carril, que entrou en declive afectando a economía de toda a zona.

Co inicio do século XX un grupo de notables arousáns pensan en doar unha propiedade na bisbarra ao futuro rei Alfonso XIII, co obxectivo de que construíse alí unha residencia de verán e que isto dese un pulo á zona para que puidese poñerse no mapa do incipiente sector turístico que se empezaba a desenvolver. Houbo varias tentativas, con motivo da súa coroación e da súa voda, pero finalmente é en 1907 cando se pon en marcha a doazón da illa de Cortegada á familia real.

Nese momento a illa distaba moito de ser un lugar deshabitado e sen uso que se puidese ceder sen máis ao monarca. Vivían nela 17 familias, cun total de 71 habitantes, pero o número de propietarios de terreos na illa era considerablemente maior, de 211, xa que a maior parte da súa superficie estaba cultivada e había máis de 1200 leiras que eran explotadas polos veciños de Cortegada e por outros moitos veciños da zona. As fotografías antigas da illa mostran unha imaxe completamente distinta da que Cortegada nos ofrece hoxe en día, xa que os numerosos campos de cultivo facían da illa un terreo con poucas árbores, coa aldea perfectamente visible dende terra.



A illa de Cortegada a finais do S. XIX (Fotografía: O Faiado da Memoria)

Ponse en marcha unha subscrición popular coa fin de comprar os terreos aos numerosos propietarios e de construír novas vivendas en terra firme para os habitantes da illa.

En agosto dese mesmo ano celébrase un acto de sinatura do documento de doazón co delegado da Casa Real ao que asistiron tamén os habitantes da illa, e en setembro Carril e Cortegada reciben a visita do propio Alfonso XIII. Con todo, en realidade os trámites da subscrición popular e a compra tardaron anos en estar completados, e polo tanto a doazón non foi efectiva ata varios anos máis tarde, en 1910, cando xa estaba en construción o palacio da Magdalena no terreo que o concello de Santander lle doara ao rei con motivo da súa voda. Quizais por este atraso, aínda que os motivos nunca foron aclarados, non se chegou a construír o palacio na illa de Cortegada, que quedou en mans da familia real pero abandonada a efectos prácticos, e dende que en 1930 Juan de Borbón, fillo de Alfonso XIII, visitase a illa, ningún membro da familia real volveu xa a poñer un pé nela nin tan sequera de visita, e a súa relación con ela limitouse a contratación dun garda xurado para a vixilancia da propiedade. Así, a pesar de que a illa quedou completamente deshabitada e de que os habitantes de Cortegada tiveron

que deixar as súas casas e afacerse a unha nova vida en terra firme, non se cumpriron os obxectivos perseguidos coa doazón.

En 1931, coa proclamación da Segunda República e a marcha de España da familia real, a propiedade pasaría á República, para despois ser recuperada polos Borbóns en 1958.

Ó quedar abandonada e libre de explotación, as árbores foron devagar recolonizando os terreos antigamente




As casas da aldea están agora agochadas tras as árbores

ocupados polos campos de cultivo e ocultando as casas da antiga aldea. Este proceso configurou e deu forma a paisaxe de Cortegada que podemos apreciar actualmente, un pequeno trociño de terra ategado de árbores diversas.

En 1978 Juan de Borbón vende a propiedade da illa de Cortegada á inmobiliaria Cortegada S.A., que en 1982 chega a un acordo co goberno municipal para a urbanización da illa como un enclave turístico de alto nivel con 800 vivendas e unha ponte de acceso. Nese mesmo ano créase o Colectivo Cidadán en defensa de Cortegada, que solicita que se clasifique como non urbanizable de protección ambiental. A finais dos anos 80 apróbase o Plan Parcial para Cortegada, co cal parece que se da vía libre á urbanización, pero varios recursos xudiciais e o movemento cidadán paralizan o proceso. Tamén as administracións van dando ás costas á inmobiliaria, cambiando o concello a clasificación dos terreos e denegando a Dirección Xeral de Costas a concesión de terreo público para a construción da ponte. No ano 1999 comeza xa a falarse da posibilidade da expropiación da illa ou de declarala como Parque Natural, e no 2001, aínda que hai opinións contraditorias sobre a inclusión da illa no Parque Nacional das Illas Atlánticas, nese momento en proceso de declaración, iníciase a redacción do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da illa de Cortegada, paso previo á súa declaración como espazo protexido. En xullo do ano 2002 declararíase finalmente o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia protexendo os catro arquipélagos incluíndo o de Cortegada. En 2007 chegaría ademais a expropiación da propiedade á inmobiliaria e a apertura ás visitas para que todos teñamos a posibilidade de coñecer e gozar os valores da illa.

Como dixemos no principio do artigo, a situación de Cortegada e as súas condicións xeográficas e ambientais, fan desta illa a máis distinta ás outras que forman o Parque Nacional, non só na súa historia, se non tamén a nivel natural. Os ecosistemas costeiros e mariños atlánticos que conforman os outros arquipélagos, varridos polos ventos e ondas oceánicos, deixan paso en Cortegada a outro tipo de ecosistemas. No mar, os fondos areosos e lamacentos rodean toda a illa, como consecuencia da reducida hidrodinámica desta zona protexida da ría e dos aportes de sedimentos dende o Ulla, e dan fogar a numerosas comunidades de bivalvos, principalmente ameixas e berberechos. Na terra, as árbores antigamente escasas ocupan agora un lugar predominante na paisaxe e nos ecosistemas. Ademais de eucaliptos, que están en proceso de eliminación, e piñeiros, especie tampouco orixinaria da costa galega, podemos atopar en Cortegada unha gran diversidade de árbores e tamén especies arbustivas que conforman, nunha superficie relativamente escasa (42 hectáreas terrestres para o total do arquipélago), distintos ecosistemas de arborado autóctono: bosques aluviais de amieiros e salgueiros, bosques autóctonos de carballos, cerquiños e castiñeiros, o loureiral probablemente máis desenvolvido da Europa continental, orlas arbustivas de estripeiros e abruñeiros...



Loureiros de Cortegada

Estes ecosistemas forestais son o fogar para a fauna propia deste tipo de ambientes: insectos coma a vacaloura, pequenos mamíferos coma toupas, ratos ou ourizos cachos, paxaros coma ferreiriños, pimpíns, gabeadores,... Pero son sobre todo fogar para unha impresionante riqueza micolóxica, con máis de 800 especies distintas localizadas na súa reducida superficie, con primeiras citas para Galicia e con varias especies incluídas nas listas de especies ameazadas. Esta elevadísima diversidade de fungos, asociada á súa diversidade de ecosistemas forestais e aos distintos microclimas existentes, fan que Cortegada sexa considerada polos expertos un enclave micolóxico de gran importancia a nivel de Galicia, España e incluso Europa, e xunto co loureiral, son os aspectos máis coñecidos de Cortegada polo público, aínda que xa vemos que esta pequena illa ten moitísimo máis para descubrir.

“Se vas a Carril / o mesmo chegar / verás Cortegada / deitada no mar”, canta a foliada de Carril. Alí segue agardando por nós.

BIBLIOGRAFÍA E REFERENCIAS

- Boado Aguinaga, Santiago. *Breve aproximación a la historia de Cortegada*. www.cies.gal, 2016
- Garrido Castromán, Daniel. *Cortegada. Una isla real*. Deputación provincial de Pontevedra, 2007.
- Garrido Castromán, Daniel. *Visitas históricas a la isla de Cortegada*. www.patrimoniovilagarcia.com, 2013.
- Pazos Pérez, Lino J. *La isla de Cortegada en su historia. Apuntes sobre su donación*. Salnés Editorial, 2002.
- Peña Lastra, Saúl de la. *Guía micológica de la isla de Cortegada*. Edición propia, 2016.



A IGREXA VELLA DA ILLA DE ONS

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Falar da Illa de Ons é falar da memoria entrelazada no tempo onde, ao igual que os seus moradores, xurdía e desaparecía silandeiamente. Agora témola máis fresca grazas a persoas como Salustiano Portela, Álvaro de las Casas, Celestino Pardellas, Asociación Pineiróns, María A. e Santiago Castroviejo, Staffan Mörling, Paula Ballesteros, Lino Pazos, Fernando Alonso, Adán, Susi, articulistas de Aunios e tantos outros que se preocupan de documentar non só as cadernas e banceiras dese barco ancorado fronte á costa galega senón tamén as súas raíces e o seu espírito cicelado polo mar e o illamento.

Bebendo no rego da tinta de moitos deles e salpicándoos cun pouco de salmoira arquivística quero concentrar o que se coñece sobre a(s) capela(s) antiga(s) de Ons.

Se exceptuamos as referencias ao bispo Consencio¹ a inicios do s.V, a primeira mención da existencia dunha igrexa na illa de Ons témola documentada no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela. Data do ano 899 cando o rei Alfonso III fai unha doazón das illas da costa galega coas súas pertenzas ao Cabido Compostelán². No caso da illa “Aones” ou Ons ven referenciada coa súa igrexa baixo a advocación de San Martiño³.



Ao longo do tempo varias son as mencións dalgún elemento relixioso en Ons e algunhas das cales suxiren a existencia de monxes na illa. Con respecto a isto Lino Pazos⁴ achéganos varias citas abondando na existencia de mosteiro en Ons, entre elas, as de Frei Martín Sarmiento⁵, de Hipólito de Sa ou a de Salustiano Portela, etc. Salustiano Pazos escribe ao respecto: “*Tamén persiste alí a tradición dun cenobio, en pasados séculos, sen dúbida o que aínda existía no XV, con indicación de lugar de emprazamento e engadidos de lenda popular*”⁶.

Como resumo de todo o abano escrito en canto a construción monacal en Ons temos os artigos de Celestino Pardellas saídos no xornal A Comarca do Morrazo⁷ onde se pode ler: “... *monxes beneditinos que se recollían á soidade da Illa para meditación e repouso, e doutros monxes que periodicamente se achegaban a ela para a recolección de froitos. Hai referencias da existencia dunha igrexa na que se reunían á hora dos Divinos Oficios e que realizaron algún tipo de construción para a súa estadia na illa.*”

Posiblemente, pertencentes a estas construcións monacais, son as pedras moi ben traballadas, e ata con algunha inscrición, que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros dalgúns leiras.”

A través de causas xudiciais abertas, por ser sorprendidos cazando de forma furtiva, hai constancia documental da existencia de eremitas na illa de Ons. Como é de supoñer faríano para sobrevivir nunha paraxe difícil como é unha illa pequena. A primeira denuncia coñecida contra un ermitán foi interposta o 27 de outubro de 1584 ante ou xuíz de Cangas polo tamén xuíz “*de residencia da illa e freguesía de St^a María de Dons*”, en nome do seu amo Antonio Sarmiento de Montenegro, por “*ir a cazar á illa pequena [Onza] con lazo e esparrela*”⁸.

A primeira vez que a illa aparece como parroquia é no 1587, o que non quere dicir que o fose, ou polo menos así non consta en séculos posteriores. O motivo polo que chegou ata nós información da existencia da igrexa, da advocación da mesma –St^a María de Ons– así como o nome do párroco –Jorge da Millara– é “*en virtude de querrela criminal [...] ante Antonio Sarmiento de Montenegro Sor.*”

¹ López Ferreiro, Antonio. Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I páx. 387 Santiago. 1898. Consencio, bispo da Sede por Caldas de Reis, ao que atribúen a posibilidade de que morara na illa de Ons, o que suporía unha estrutura eclesial da que, de ser certo, non quedou constancia algunha. Consencio ou Cosencio, como recolle Monseñor Teófilo Ayuso Marazuela no seu libro “La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos, T.I, páxina 490, reflicte a súa correspondencia epistolar con San Agustín.

² Recollido tamén por López Ferreiro do Arquivo Catedralicio de Santiago no Tombo A. folios 4 v. e 5 v. As confirmacións da doazón en reinados posteriores tamén no mesmo arquivo e documento pero folios 6 e 12.

³ Hai moitos anos tiven una referencia da pertenza da illa, no cido relixioso, a San Martiño de O Grove. O tempo ‘traspapelou’ a anotación e encargouse de borrar a cita da memoria. Polo que de agora coñezo, non lle pode dar ningunha credibilidade.

⁴ Lino Pazos Pérez. “*Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*”. Deputación de Pontevedra. 1999. Páx. 64.

⁵ Frei Martín Sarmiento en “*Viaxe a Galicia 1745*”, folio 106 r. No folio 120 v. vólvese a mencionar un testamento dado en Santa Clara no 1420: “*Débese coñecer se alí, igual que nas de Ons e nas de Tambo houbo de tempo antigo mosteiro; pois do mesmo testamento consta que había relixiosos en Tambo, Dons e Sias, e serían da nosa orde [beneditino]*”.

⁶ Salustiano Portela Pazos “*Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*”. Cuadernos de estudios gallegos. Tomo XXVII de 1954. Páx.-36-37.

⁷ Pardellas, Celestino, “*A Illa de Ons: arquitectura e destrución urbanística (I)*” A Comarca do Morrazo 16-29 de novembro de 1996


⁸ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. *No Arquivo dos Marqueses de Mos* – n^o 77 (1584). Neste mesmo arquivo hai outra denuncia contra un ermitán no ano 1605 pero este ermitán, chamado Antonio Díaz, érao da ermida de San Fins (Pontevedra) e non residía na illa de Ons senón que ía a ela a pastar ilegalmente gando vacún e equino.

de ditas Illas, feudatario da Igrexa de Santiago” contra dous fregueses seus por tratalo mal de palabra e obra⁹ (Salustiano Portela:1954; 43).

Uns anos despois, no 1594, o cura de Leiro (Rianxo), Amaro González, di que “había moitos ladróns corsarios e luteranos, que roubaban canto atopaban así de barco, como dos demais [...] Neste tempo saqueouse a illa de Hons, e decían queimaran a igrexa dela, mais non fixeron mal aos veciños senón levarlles seus gandos e bens” (Salustiano Portela:1954; 46)

E así chegamos a 1752 que no Real de Legos do Castro de Ensenada¹⁰, correspondente á Xurisdición da Lanzada aparece a Illa de Ons como unha freguesía anexa a S. Estevo de Noalla:

“ILLA DE ONS: Nota N^o 12. Que é pertencente a esta Xurisdición e seu termo a Illa nomeada de Ons, que se atopa situada no mar de Lanzada, á embocadura á Ría de Pontevedra, e á P(oniente) á freguesía de Sn Hesttevan de Noalla, que é a terra firme máis inmediata,



Mapa no Catastro de Ensenada. Real de Legos. Xurisdición Lanzada. AHPP L-117

a distancia de media Legua de mar cuxa Illa, segundo tradición xeralmente recibida e derivada de pais a fillos, foi poboada e constituía unha freguesía anexa a esta Xurisdición a cuxa Parroquia, e doutros edificios se conservan actualmente os vestixios e monumentos; e terá de N(orte) a S(ur) unha legua de lonxitude, de L(este) a P(oñente). un carto de Lonxitude, e de Circunferencia dúas Leguas e media; Como terreo está inculto, e parte do solo produce pasto, de que se aproveitan promiscuamente todos os veciños naturais e forasteiros que queren botar nela os seus gandos mulares e cabalar; deixando de executalo cos lamares e vacúns, polo risco de que os extraían e rouben as embarcacións inimigas que soen ampararse de dita Illa para facer auga, e este mesmo risco foi motivo de que os poboadores antigos a abandonasen; e parte tamén produce toxo de que se utilizan cantos queren collelo, así os veciños deste Partido como os que viven na ouïtra banda do mar na Península de Morrazo, Xurisdición de Cangas y en cada ano poderá render dous mil carros de dito toxo.

Inmediata a esta Illa e ao medio dela hai outro Illote nomeada a Onza situada case no medio da embocadura de dita Ría de Pontevedra e terá un cuarto de Legua de Circunferencia cuxo terreo é o máis del quebrado e rochoso, e solo ten tal cual Mancha en Campo que produce Pasto para algún Gando mular que queiran os donos levar a ela; segundo todo resulta das respostas Xerais dos Peritos á pregunta 12 do Interrogatorio, e posuír esta Vila e Porto de Sanxenxo a Capital desta Xurisdición pareceu convinte notar no Libro da súa Operación a situación de ditas Illas, para os fins que poidan conducir, e se deixou de executalo nos emolumentos do Común porque as referidas Illas e as súas Utilidades non son da particular pertenza desta freguesía senón de toda a xurisdición e aínda doutras forasteiras. Como queda exposto.”

Terán que pasar cincuenta anos, para que a Xunta de Armamento e Defensa da provincia de Santiago decida facer unhas construcións defensivas¹¹ e así protexerse do invasor francés. “Salvador López Gil, cura de Sanxenxo e Comisionado pola Xunta Superior do Reino para a fortificación das illas de Ons e Onza”¹² sería o verdadeiro ideólogo da repoboación e aluguer da illa para facer fronte aos gastos das obras. Entre estas obras propuxo arranxar o que quedaba da antiga igrexa coa fin de que se “asegure no sucesivo a utilidades dos novos poboados”¹² de traballadores-colonos.

Con posterioridade, por unha Real Disposición do Cabido Catedralicio de outubro de 1833, reconécese de novo que hai obras comezadas, “por conta do fondo de accionistas”¹³ entre as que se contaba unha capela.

O 31 de xullo de 1837 adscribese a Illa de Ons ao concello de Sanxenxo e non “teñen igrexa nin ningunha crás de santuario” (Xosé Fariña Jamardo: 1990;136). Nesa data a mesma Deputación lle pide ao alcalde de Sanxenxo lle manifeste a parroquia do Continente máis cerca da illa, e a que deba considerarse engadida no espiritual...

No que atinxe á igrexa da Illa¹⁴ ao ano seguinte atopamos unha nova referencia do seu estado xa que se “conserva case medio edificio da igrexa co altar que a pouca costa lle pon corrente o titulaba S. Martin de Ons, Presentación do Ilustrísimo Cabido”¹⁵ polo que nos atopamos a 22 de xaneiro de 1838 cunha carta do monxe bicito exclaustro Frei Manuel Mos “solicitando o seu permiso para facer e bendicir unha capela na Illa

⁹ Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobreza. No Arquivo dos Marqueses de Mos – n^o 77 (1587-1588)

¹⁰ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Catastro. Sinatura L-117. Catastro de Ensenada. Real de Legos. Xurisdición da Lanzada. 1752


¹¹ Obras que non chegaron a rematarse. Unha estaba no lugar de Pereiró e a outra coñecido como castelo da Roda, que aínda se pode ver a súa contorna, no de Curro.

¹² Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS). Mazo 423. Ano 1810.

¹³ Os “accionistas” son os subscritores de accións (1810) para poder executar a fortificación da Illa “para defensa de la Patria” así como outras edificacións complementarias aos que se lles compensaría con aforamentos. Ao non conseguirse a cantidade de diñeiro ao través do accionariado precisa para a realización das obras é polo que se rotularon terras por parte destes e o Cabido, como dono e señor, pensaba alugar terreos poñendo una serie de condicións.

¹⁴ Localizada na ladeira do barrio de Canexol a menos de 300 metros do castro “Castro dos Mouros”.

¹⁵ Nótese que a advocación volve a ser a de San Martín. Carta ao arcebispo do cura párroco de San Estevo de Noalla (Sanxenxo), Manuel Antonio Álvarez. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)



Mapa no Catastro de Ensenada. Interrogatorios. Xurisdición Lanzada. AHPP C-548

de Ons para dicir o St^o sacrificio da Misa, a cuxo punto penso trasladarme polos intereses que necesito neste tempo de orfandade, o que non deixará de ser útil aos mesmos insulares pola súa incomunicabilidade que lles ocasiona o mar”¹⁶.

Para tomar unha decisión sobre este asunto o arcebispo solicitou dalgúns párrocos coñecedores da realidade de Ons ou coñecedores do freire para que lles transmitira as súas impresións e coñecementos sobre o tema.

O primeiro que respondeu foi o párroco de Noalla (xa citado anteriormente-nota 15) e no relacionado a que parroquia pertence Ons resposta: “dise que desta parroquia referida de Noalla”. E ante se é necesario ou non permitir edificar a igrexa e manter un cura (neste caso o freire) “constitúíuse o ano pasado alí un almacén¹⁷ que subsiste e atraerá alí moitos operarios todos carecen de misa e do máis que poda ofrecerse...”

Logo sería o cura de Beluso, Eugenio Adrán (21-2-1838) que polo seu interese transcribo na súa totalidade:

“Que a Illa de Ons estivo sen habitantes dende fai moito tempo ata o ano de oitocentos nove en que algúns labradores da parroquia de St^a M^a de Beluso, e outras parroquias pasaron a cultivar nela algún que outro permanecerá alí; pero todos os demais se deteñen o tempo que necesitan para cultivar e recoller os seus froitos e logo se veñen aos seus propios fogares; tamén o fan, e o mesmo os que alí se fixaron, todas as veces que lles acomete algunha enfermidade para coidarse e recibir o pasto espiritual dos seus respectivos párrocos e noutras varias ocasións, a cuxo efecto, polo menos os desta parroquia teñen alugado un barco que pasa a dita illa todas as semanas. Non hai dúbida que a maior parte dos expresados cultivadores pasan a mes e aínda a meses naquel punto sen o Sto. Sacrificio da Misa. Non obstante respecto á solicitude que motiva o sobredito oficio non son capaz de calcular as vantaxes e os prexuízos que poida orixinarse da súa concesión xa por arte do señorío que se casa con algún dereito de intervir directa ou indirectamente, xa dos párrocos cuxos cultivadores sexan propios fregueses e especialmente de aquel que polo seu ministerio corresponde a xurisdición da Illa, xa por outras razóns que alcanzarán a penetración dos Sres Gobernadores, e as que acaso tería presente noso Exmo. e dignísimo Prelado cando na visita deste partido habéndolle chamado a atención sobre o particular algúns Srs Párrocos, segundo o oído, nada resolveu. Non puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa. Só por tradición se sabe que unha imaxe de Nosa Señora que se atopa nesta igrexa no altar colateral do evanxeo veu da antiga igrexa da Illa, e era a súa patroa coa advocación de Santa María de Ons igualmente que veu a pila bautismal da expresada antiga igrexa, e a que hoxe sirve nesta p^o a auga bendita entrando pola porta principal á man esquerda o que da fundamento a crer o que a referida igrexa da Illa era agregada a esta ou polo menos que suprimida no seu distrito da xurisdición do párroco que o sexa desta”.

Tres días despois recíbense no secretariado da cámara do arcebispado de Santiago a contestación por parte do cura de Bueu, Andrés Pérez Lapido. As respostas son case calco da dadas polo cura de Beluso:

“Informado lle adxunto oficio que V. se serviu dirixirme procuo informarme de varios suxeitos que puidesen orientarme do que dito oficio manifeste. [...]”

Non obstante respecto á solicitude que motiva o citado oficio non son capaz de calcular as vantaxes ou prexuízos que puideran orixinarse da súa concesión xa por parte do Señorío que se crea con algúns dereitos de intervir directa ou indirectamente cuxo preito se está ventilando polo Sr. Marqués de Valadares na Audiencia da Coruña y xa dos párrocos, cultivadores sexan propios fregueses, e particularmente de a quen pertence a Illa e xa por outras razóns [...] No puiden pescudar con certeza a que parroquia pertence a Illa; só souben de suxeitos de moita idade que por tradición se dicía cunha pila de auga bendita que hoxe hai na parroquia de St^a M^a de Beluso viñeira da Pila de Ons, así tamén como a imaxe da Nosa Señora que se di que foi a Patroa de St^a M^a de Ons na illa, que está colocada ao lado do evanxeo, coa devoción da Virxe do Carme na referida igrexa de Beluso...”

Interesante foron as respostas ás preguntas polo monxe exclaustrado, por se Ons fora ou non parroquia, etc. dadas no mes de marzo dese mesmo ano de 1838 polo cura de Vilaboa, José Quirós y Araujo:

“... Noutro tempo houbo alí Igrexa bastante cómoda; aínda subsisten as súas paredes medias derrubadas; e sobre a porta maior se len estas palabras =Santa María=

Uns informantes me din non teñen noticias seguras se é parroquia; e quen era o seu Patrón ou Presentador; outros din que a Pila Bautismal de alí se atopa na Parroquia de St^a María de Beluso; outros din que está na parroquia de Portonovo; de todas maneiras esta aquí ou alí a Pila Bautismal, se da coñecer que era Parroquia.

Por outro conduto souben que a presentación de aquela correspondía ao Sr. Marqués de Valadares, quen se atopa na actualidade disputando o seu dominio temporal...”

Logo fai un alegación para que no se lle permita ao monxe edificar igrexa e ter parroquia nos seguintes termos:

“... sen embargo se a solicitude do P. Mos é piadosa, el non é acredor deste encargo nin capaz de dar o paso espiritual con edificación porque segundo meu informe, é criatural e residente á parroquia de Cesantes do bispado de Tui, non ten ansias de confesar; e está celado e oficiado polo seu Prelado é bastante bulicioso.”

Como curiosidade dicir que por estas datas, 8 de xaneiro de 1841 nace a primeira insular que sería bautizada na parroquia de Beluso.


No 1842 o presidente da Deputación recibe unha carta asinada por 30 persoas da illa de Ons para queixarse dos inconvenientes que supón para eles que Ons estea adscrito a Sanxenxo. A carta estaba asinada en Beluso.

Con respecto á opinión dos moradores da illa no que atinxe a se querían ou non que houbera parroquia en Ons vézolo claramente reflectido, entre outras cousas de interese, noutro informe ao arcebispado, do párroco de Vilaboa, en outubro de 1847:

“... Teñen unha lancha ben aparelhada que existe na mesma Illa; e se pon no peirao antes de nacer o sol todos os días de precepto para recibir as xentes e conducila a Beluso con obxecto de que oían misa como o verifica. O Marqués adoptou este medio para que facilmente poidan gozar dos auxilios espirituais xa que os poucos moradores que na Illa hai, e os cultivadores eventuais ata agora protestaron que non consentirían que se fundase alí parroquia porque no queren desprenderse das freguesías á que pertencen fóra da

¹⁶ Carta ao arcebispo. Arquivo Diocesano. Cartafol 60 (antes Mazo 1141)

¹⁷ Fai referencia á salga que en 1837 fixera a residente na Praia de Beluso, M^a Rosa Aballe. Artigo que pode lerse na revista Aunios n^o 19 páx. 9-14, nas webs que se redireccionan desde <http://bueu.ga> ou xa directamente ao artigo en <https://goo.gl/EDDbsJ>



2004-Capela antiga de Ons. Foto: Afonso Fernández

illa, nas que recibiron o bautismo, compren co precepto pascual e se casaron, teñen enterrados os restos mortais dos seus maiores. [...] e ultimamente a idea de instabilidade que atormenta aínda aos que con máis resolución determinaron fixarse e que levan na illa algúns anos porque recordan ouvir aos seus maiores que nela houbo no antigo moradores e poboación e xuíz e párroco que nomeaba e presentaba o posuidor da casa que hoxe é do Sr. Marqués de Valadares, e que desapareceron permanecendo a Illa por moitísimos anos sen cultivadores e sen chozas nas que resgardar o que a ela aportaban.”

Logo di que a illa non conta con 7 veciños, como dicía o Secretario do arcebispado (recollido doutras fontes), senón:

“No día e ata agora con máis ou menos anos de permanencia solo hai trinta e seis moradores que teñen na súa compañía ás súas familias cuxos fillos se bautizan na súa igrexa e eles se casan nas súas respectivas parroquias...”¹⁸

Dúas semanas despois o Marqués de Valadares envía ao Arcebispo de Santiago unha carta dicíndolle que vendo a escrita do párroco de Vilaboa (do 8-10-1847) está de acordo con ela e lle manifesta a súa:

“... disposición á edificar unha capela de capacidade suficiente para conter máis da poboación existente, e a buscar e establecer ali un eclesiástico pola retribución que estipulemos mentres non se realiza por completo o pensamento de establecer e erixir parroquia independente. V. E. recoñecerá que non está da miña parte facer máis e contando que na autoridade e celo de V. E. está facilitar que por este medio se cubran as necesidades espirituais dos moradores da Illa, tan pronto como a capela estea edificada dará coñecemento a V. E. para que se digne autorizar a súa bendición, e darlle título e advocación, que celebrarei, pregarei entón a V.E. sexa o de San Xoaquín por ser o nome da miña esposa a cuxo patrimonio pertence a illa.

Creo corresponder de este modo a los desexos de V. I. ao mesmo tempo que aseguro a V.E. atoparame sempre disposto a contribuir pola miña parte a que se realicen no seu día por completo aplanados todos os inconvenientes que no momento o dificultan e manténdose á casa os dereitos que de antigo tivo e conserva.

Descoñecemos a resposta exacta que dou o arcebispado pero non dubidamos que foi positiva pois a igrexa fíxose coa advocación solicitada aínda que como é habitual nestes casos, poñendo condicións. Todo isto confirma unha cuartilla ou nota illada atopada entre os papeis citados e que parece ser copia da contestación ao Marqués en canto di: “Para edificar unha capela na que oían misa os residentes e veciños da Illa de Ons...”

E continúa dicindo que pode concederse “a licenza sempre que se aseguren os gastos do edificio, a súa conservación e o estipendio do sacerdote que celebre...”

Na parte inferior do escrito aparece con outra tinta e letra:

“Engade o Provisor que si o Marqués da o terreo e costea o edificio para parroquia regularmente quererá que se lle conceda o Padroado do curato”.

Uns días despois o arcebispo remítelle unha carta ao Marqués felicitándose “pola xenerosidade piadosa con que V.I. se presta a contribuir á execución de dita igrexa ofrecendo dar seu honorario de capelán [...] cando teña o gusto de recibir o aviso de estar concluída a Igrexa que VI me ofrece a mandarei bendicir coa advocación de S. Xoaquín a que VI a desexa consagrar”.

O día 12 de outubro de 1848 o Marqués de Valadares comunicalle ao arcebispo que xa está rematada a capela e que esta é “unha capela na maior decencia e bastante capaz non só para que poida ter lugar o Santo Sacrificio da Misa senón para conter o Santísimo Sacramento e os Santos Óleos podendo, por lo tanto, o capelán que ali se sitúe administrar a Sagrada Eucaristía e a Santa Unción...”.

Ase mesmo que sinala cura para a bendición da mesma e lle propón por se non puidera ir o proposto sexa substituído por D. José Manuel Correa párroco de S. Andrés de Valadares. Curioso é que lle indica que ten que ser con bo tempo polo que o que se estaba a gozar eses días, “segundo os intelixente” non duraría máis que a presente lúa. Tamén lle indica que:



2004-Vista da capela. Foto: Afonso Fernández

¹⁸ Continúa debullando o número de veciños e procedencia. Resumo: Dos 36 residentes en Ons... 15 proceden de Beluso, 11 de Stº Tomé de Piñeiro, 1 de Ardán, 1 de Moaña, 1 de Noalla, 1 de Vilalonga, 1 de Nantes e 3 de Carreira. Tamén di que hai, ademais, 24 cultivadores eventuais (con acordos co Marqués) dos que 16 son de Beluso, 1 de Moaña e 7 de Sto. Tomé de Piñeiro.

“Ademais do patrón San Xoaquín teño disposto colocar no altar as imaxes da Santísima Virxe dos Milagres, San Ramón aos que tivo sempre por particular devoción miña familia, e os conservaba no oratorio da miña casa. E polo tanto rogo a V.E. se digne conceder por ditas efixies as ditas indulxencias...”

Non pasou unha semana e o arcebispo lle comunica que para bendicir a igrexa avisaría ao arcipreste do Morrazo e párroco de Vilaboa, D. José Quirós y Araujo¹⁹, e caso de non poder ir facultou a D. José Manuel Correa. E en canto ás indulxencias solicitadas: *Así mesmo concedo oitenta días de indulxencias aos fieis por cada vez que visiten a nova igrexa e nela pidan a Deus polas necesidades do reino.*

80 por cada vez que rezaren o Pai Noso e Ave María diante da imaxe de San Ramón Nonato e 80 rezando un Ave María, a ladaíña ou a salve diante da Nosa Señora dos Milagres logo que bendicidas estas imaxes se coloquen na igrexa”.

E por fin chegou o día da inauguración: o luns 30 de outubro. O párroco de Valadares, José Manuel Correa, describello ao arcebispo nos seguintes termos:

“... con data 7 de outubro último fun facultado por VE que falta de arcipreste de Morrazo D. José Quirós y Araujo párroco de Vilaboa para a bendición da capela das Illas de Ons e como é Sr. invitado ao obxecto se houbese retirado a causa da mala estación fixen a cerimonia relixiosa acompañado dos Sr. Marqueses e a súa familia o día 30 do mes de outubro, de modo e forma que proven do Ritual Romano e despois de observar atoparse a capela coa decencia correspondente ao Sto. Sacrificio que alí ía a celebrar, e sendo igual a isto os ornatos precisos ao obxecto, que tamén se bendixera coas imaxes que encerra”.

No mes de decembro o Sr. Marqués pon en coñecemento do prelado da diócesis, para solicitar licenzia, o nome do capelán co que tratou para levar a igrexa da illa: *“Este sacerdote é D. José Ramón Correa, irmán de D. José Manuel dunha conducta irrepreensible e de saber e intelixencia por cuxas apreciables circunstancias o estimo moito. Dedicouse porción de anos á ensinanza nesta cidade de gramática latina con notable aproveitamento sendo xa perceptor antes de secularizarse pois foi relixioso de VI San Francisco e [...] veuse precisado a ser capelán interino no lazareto de San Simón, cuxa circunstancia moveume para que a confianza que me inspira por seus boas prenda a proporcionarlle aquela colocación”.*

Por esas datas o capelán estaba *“indisposto”* pero pensábase que para o vindeiro verán xa podería facerse cargo da illa. Mais debeu atoparse antes mellor xa que no mes de xaneiro de 1849, “logo da Epifanía” José Ramón Correa trasladouse á illa como capelán e así o fai saber en sendas cartas ao arcebispo e a ao arcipreste poñéndose a disposición destas autoridades eclesiásticas.

Non pasaría un ano en que o Marqués de Valadares ten que propoñer a outro capelán para a illa xa que ao ver que José R. Correa *“non se adaptaba e como que cada vez se empeoraba houbo a necesidade de restituirse a esta cidade e por ilo elixin no seu lugar a D. José Monravia, sacerdote natural de Bouzas, que fai anos está de director do establecemento de Beneficencia desta cidade.”*

No 1854 temos constancia de que había problemas co capelán de Ons pois o alcalde de Bueu, Antonio Entenza, solicita do arcebispo poña remedio ao conflito de competencias que se dan no ámbito relixioso *“por que se ben ten alí un capelán para o Sto Sacrificio se ignora a quen corresponde dispoñer a administración dos demais sacramentos ocasionando con elo grandes sacrificios. Así pois é a súa vía que para suplir en parte este baleiro e se caer a súa totalidade, acoden a imploralo do párroco de Sta María de Beluso...”*

Non hai constancia dunha solución escrita a este problema. Do que si se coñece é que no futuro a dependencia dos capeláns á parroquia de Beluso tomou entidade xurídica ao depender xerarquicamente do seu párroco como coadxutores.

Ao longo dos anos seguintes van alternándose os períodos onde Ons ten novo capelán ou carece del. Como no 1877 que o arcebispo autoriza ao capelán de Ons para que ensine a doutrina, os confese, dea a Comunión, etc. Ou como no ano 1883, que non había, Francisco Vidal, ecónomo de Sta. María do Campo, solicita pasar a Ons *“para coidar espiritualmente aos seus veciños”*.

Con posterioridade, e xa estamos a finais do 1887, hai varios oficios nos que se dan informes, ao arcipreste e ao bispado, da situación da illa para vela necesidade de crear ou non unha entidade parroquial. Exemplo de solicitude para a creación dunha parroquia na Illa de Ons vémosla nunha carta datada no mes de setembro, do Gobernador Civil de Pontevedra ao Arcebispo de Santiago:

“Na ría á que da nome esta capital atópase situada a Illa chamada de Ons que dista máis de 3 leguas do pobo de Bueu o máis próximo, e está habitada por considerable número de veciños que forman una especie de colonia independente por máis que no relativo aos deberes católicos dos seus moradores está adscrita á parroquia de dito pobo”²⁰.

A súa situación e outras circunstancias especiais fixaron a miña atención sobre os inconvenientes que dilo xorde a necesidade de reparar un punto esencial cuxas consecuencias xa se tocaron.

A comunicación coa Illa imposible algunhas veces pola exposición da travesía especialmente no inverno, é de 8 en 8 días, ou de 15 en 15 días, sendo preciso ocupar tres horas polo menos, e non podendo facerse o momento necesario para estar suxeito ao temporal que reine, dada a estreiteza da boca da entrada, e o mal atracadoiro que ten.



Imaxes da igrexa de Ons. Foto: Afonso Fernández

¹⁹ Tamén era curmán do Marqués de Valadares.

²⁰ A adscrición da Illa a Bueu faise o 20 de novembro de 1844. Pode verse unha entrada referente a este evento no meu blog: <http://acidras.blogspot.com.es/2016/11/20-de-novembro.html>

Estes obstáculos invencibles motivaron que repetidas veces tivese que darse sepultura na praia aos que morren naquela localidade, dándose un espectáculo pouco edificante e moralizadores, ademais das consecuencias lóxicas de quedar expostos os cadáveres aos perigos do mar e dos animais; a parte da exposición polos habitantes da Illa polas emanacións pútridas que poidan producir, e non é aventurado atribuír a isto unha das causas das febres epidémicas que este verán se desenvolveron alí.

Ante tales feitos Ecmo. Sr. é a meu xuízo indispensable adoptar unha medida que repare o mal e que evite consecuencias futuras, e pareceume oportuno poñelo en coñecemento de V.E. por se estimara a conveniencia de establecer unha parroquia na Illa de que se trata..."

A resposta do Arcebispo ao Gobernador Civil de Pontevedra non se fai esperar e de forma educada pero contundente:

"Agradezo a advertencia que V.I. se sirve facerme, e a tomarei en consideración; e dado que non está na miña man establecer novas parroquias pola oposición do goberno, que rexeita gravar o presuposto, mirarei se hai algún outro medio de ocorrer a esta necesidade."


O arcebispo, a pesar dos atrancos, toma cartas no asunto e solicita información aos curas de Bueu, Beluso, Noalla, Vilaboa, e Híu unha carta moi semellante a esta que mandou o 8 de outubro de 1887 ao cura de Salcedo, como Arcipreste do Morrazo:

"A Autoridade superior civil desa provincia recorreu a min lembrándome as necesidades especiais dos habitantes da Illa chamada de Ons, a cal pola moita distancia da parroquia se atopa desatendida.

Sírvase, pois, asegurarse do número de veciños que hai en dita illa; da distancia que a separa da parroquia; das dificultades que hai para ir a ela a cumprir os deberes relixiosos e das que teña tamén o clero parroquial para ir a celebrar misa alí os días festivos e demais razóns que poida alegar para non facelo.

Así mesmo manifestarame cal sexa a capacidade do templo ou ermida que alí hai e que recurso queda a xuízo de V. para remediar tal necesidade, xa que non está na miña man exixir novas parroquias".

"Estes curas non aportaron nada novidoso e aos poucos anos a illa queda sen capelán polo que no Boletín Oficial del Arceobispado de Santiago, xornais como El Eco de Galicia e outros no primeiro trimestre de 1891 ofertase unha praza de capelán para a illa nos seguintes termos:




"Necesitase un capelán que resida na illa de Ons, para atender ás necesidades espirituais de aqueles fieis. O arrendatario ofrece dar ao sacerdote, que se preste a servir na indicada capellanía, casa-habitación, un anaco de horta para legumes e tres reais diarios. A señora marquesa de Valadares contribúe cun real diario, e cada veciño (que son máis de 80) da un ferrado de millo, se o capelán pon escola de nenos. Os que aspiren á obter o cargo expresado poden dirixirse á secretaría de cámara [do arceobispado]".

Será en 1892 cando opte á praza de capelán de Ons o coadxutor de Santa Eulalia de Castro, D. Ramón Guerra Azofre que sería o que máis tempo exerceu este cargo vivindo na illa, xa que o fixo por case 20 anos²¹. En boca de Salustiano Portela era un capelán "con moi estreito 'pasar'". Mesmo no 1896 o Secretario do concello, Nicolás M^a Seijo, manda un comunicado ao prelado de Santiago encomiando a súa actuación na illa. Para dar unha idea do espírito deste cura témolo coa súa actuación ante un naufraxio dunha lancha de Marín, o 3 de xuño de 1899 que contemplando como tres mariñeiros que non sabían nadar estaban agarrados á quilla da lancha achegouse cuns mariñeiros nunha dorna "e con grande traballo, recolleunos e levounos a unha praia da illa onde foron embarcados nun vapor que acababa de prestar servizo no faro, o "Riotesa", que os trasladou ata Marín"²².

1891- Boletín Oficial do Arceobispado. N^o 1242

No ano 1921 a illa está en pé de guerra contra o seu propietario Manuel Riobó Guimeráns. Despois duns intentos dos insulares de non acatar a autoridade do Dr. Riobó este ao través do xuíz municipal forza, como último recurso para non baleirar a illa de persoas, asinar un acta de Conciliación (30-11-1921) entre el, como propietario, e os colonos de Ons. Este tiveron que recoñecer como "domo absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó". As cláusulas asinadas zumegan unha humillación terrible, propias dun réxime feudal. Mais en canto ao orde e moralidade no punto sexto de dito documento podemos ler:



1998-Altar e sagrario. Pila bautismal.

"O Sr. Riobó acepta todas as anteriores estipulacións e lles

²¹ En 1913 pasou como coadxutor á parroquia de Mourente (Pontevedra).

²² Entrada no blog "O capelán de Ons, nunha dorna, rescata tres naufragos": <http://goo.gl/l6jRq1>

outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigacións que ofrecen gardar no sucesivo; comprensivos non tan só na realización de canto concirna aos contratos de arrendamento, senón que moi principalmente, gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó e a quen lle represente, levando o orde e a moral nas respectivas familias, e en todos os actos públicos que na Illa executen, cumprindo así todos os deberes relixiosos, para o cal o Sr. Riobó porá da súa parte todo o posible, ao fin de conseguir o culto e a ensinanza²³ na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí se deixan criar sen educar, xeracións de seres dexenerados.”



1989-Estado ruinoso da capela.
Foto: Afonso Fernández

Había longas tempadas nas que a illa estaba sen capelán. E dos que houbo, poucos foron os que viviron de forma permanente nela polo que sería o reitor de Beluso, e logo o coadxutor, os que deron en desprazarse os días festivos ou en eventos como os enterros. Outro exemplo dos que nos consta que estiveron vivindo na illa como os Correa, Monravia e Ramón Guerra, xa mencionados, foi Manuel Fernández Cambeiro, irmán do mestre da illa Joaquín Fernández Cambeiro, que desde que é nomeado, principios do mes de xullo de 1930, pasa a vivir na mesma coa súa irmá Dulce. En agosto de 1934 sae da illa para tomar posesión como coadxutor en Ribeira²⁴.



1998-San Xaquín. O oficiante é D. Ramón Beiro Formoso, nese momento párroco de Bueu. Cando mozo estivera de coadxutor en Beluso e como capelán da Illa de Ons.
Foto: Afonso Fernández

E así chegamos ao ano 1964 en que Ons pasa a depender do Instituto Nacional de Colonización. Esta institución acabou definitivamente coa vella capela ao construír unha nova dentro do conxunto de actuacións e arranxos de edificios públicos escolas, peirao, etc. Será a finais desta década



2007-Manifestación en Ons.
Foto: Afonso Fernández

cando se pasen a celebrar todos os oficios relixiosos á nova capela.

O abandono da vella implicou o seu deterioro acelerado por un incendio a causa dunhas velas colocadas co gallo da Semana Santa. E así chegamos ata finais dos anos noventa do século pasado onde é una vez máis restaurada o que motivou que a pesar de ter a igrexa nova algún ano volveu a celebrarse a festa de S. Xoaquín nela.

Que a igrexa vella de Ons aínda está no corazón e nas raíces das xentes de Ons pono de manifesto a utilización, nalgún momento da historia recente, do seu recinto para expresar as súas reivindicacións relacionadas coa Illa.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Romero, Fernando. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXXII. nº. 96-97. CSIC. 1981. Páx. 285-306
- Arquivo Diocesano. Fondo Xeral. Serie Varia. Arciprestazgo do Morrazo . Parroquias A-B. Santiago de Compostela.
- Arquivo Histórico Nacional. Sección Nobleza. Arquivo dos Marqueses de Mos.
- Arquivo Municipal de Bueu.
- Arquivo Provincial de Pontevedra (AIHP). Catastro de Ensenada.
- Aunios. Revista da Asociación Piñeiróns.
- Ayuso Marazuela, Teófilo. “La Vetus Latina Hispana: Prolegómenos”. Tomo I. Madrid. 1953
- Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago: Año XXX Número 1242 - 10 Marzo 1891
- Estévez Castro, José Mª. “Reconocer Bueu” (1996). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Fariña Jamardo, Xosé. “A adscripción municipal da Illa de Ons”. Pontevedra nº 4 páx. 133-142. Revista de estudos provinciais. Deputación Provincial de Pontevedra, 1990.
- López Ferreiro, Antonio. “Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela” Tomo I. (1898). Santiago de Compostela.
- Pazos Pérez, Lino. “Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas” (1999). Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Portela Pazos, Salustiano. “Apuntes para la historia de la Isla de Ons”. “Cuadernos de Estudios Gallegos”. XXVII.1954. P. 35-73. CSIC. Instituto Padre Sarmiento.

²³ Por esas datas había una escola mixta rexentada por José Juan Piñón Mouriño que ao non vivir na illa provocaba un gran absentismo por culpa das inclemencias do tempo.

²⁴ Sanchez Cidrás, A. “A escola da Illa de Ons”. Revista Aunios nº 20 páx. 77 e 79. Pódese ver tamén nas webs que se redireccionan desde <http://bueu.ga> ou xa directamente ao artigo en <https://goo.gl/hHqZxH>



CABO CORRUBEDO

Por: Manuel Chazo Cores

Estamos no Cabo Corrubedo. Para chegar ata aquí deixamos a un lado o Porto do Son e, seguindo a estrada, foron quedando atrás preciosas perspectivas dignas de gabanza, afanosas aldeas, singulares contrastes de mar e terra, así como tamén a Lagoa de Xuño e o Dolmen de Axeitos. A avanzada posición do Cabo Corrubedo sobre o Atlántico, convértese nunha marcación de importancia, polo que o *Servicio Nacional de Señales Marítimas* elixiuno de celoso sentinela.

Na actualidade está dotado para a néboa. A abra de Cabo Corrubedo ten cantidade de baixos que rompen ata con moi pouca marusía. A abra é inquietante con temporal, o pobo agóchase, refuxiase e reza, e os nenos choran.

O agreste desta plataforma resulta en verdade impresionante e, na súa acusada soidade, non podemos por menos de comprender aquel vello mundo de supersticións que estivo tan arraigado, principalmente, polo seu illamento.

Neste pequeno reino silente e, en maior abundancia das andrómenas de antano, acude agora á miña mente unha antiga e trivial historia que me contaron e que, pese ao seu evidente simplismo, tivo certas repercusións de tipo psicolóxico entre os antigos habitantes daquel retrinco de costa. Refírome ao ocorrido con motivo do naufraxio dun pailebot alemán que se perdeu naquelas augas nos derradeiros anos do s.XX, e que traía entre o seu cargamento un lote de xoguetería e instrumentos musicais.

Como consecuencia do accidente houbo que lamentar a perda de toda a súa tripulación e de aí que, aos poucos días, o mar fora botando os cadáveres á costa.

Pero o líquido elemento tamén devolveu a terra unha importante diversidade de obxectos, entre eles, unha porción de acordeóns que, motivado pola acción do mar, mesturaban as súas estridentes notas co oulear do vento e o fragor das ondas. A xente, que xa tiña noticias daquelas macabras aparicións, interpretou semellante desconcerto, como lamentos das almas en pena.

Deixamos a balconada do Cabo e baixamos ata o pobo, que está situado ao abrigo daquel promontorio

dende o que, nos días claros, pode divisarse Monte Louro e incluso o Cabo Fisterra. Eu fun testemuña verdadeira diso, nunha excursión que fixemos a Cabo Corrubedo dende a Pobra do Caramiñal pola festa do Nazareno.



O pobo é eminentemente pesqueiro e, polo tanto, dono do típico que é común a esta clase de pequenas poboacións preto do mar. Ten ademais unhas magníficas praias, das que podemos citar a das Dunas, histórico e natural escenario que deu vida a aqueles buscavidas coñecidos co nome de <Playeros>.

Corrubedo, muralla natural entre as dúas paisaxes das rías intermedias e as baixas, é tamén bravía estampa nas xornadas invernaís, amosando en todo momento unha feliz exposición de valores nos que se conxugan e mesturan a beldade, o heroico e o tráxico, como así nolo certifica a súa paisaxe, os seus homes e o perigoso da súa costa.

Cantas veces temos atravesado de noite as abras de Corrubedo!! O finado do meu pai facíao guiado polos faros, chegando a entrar despois polo carreiro de Sagres e Falcoeiro como se fora de día. Hoxe as chamadas Sagres teñen faro, o faro do Sargo; despois, rebordadas as Centoleiras, a baliza do Con de Agosto, e xa estabamos dentro da ría en busca da illa da Rúa...

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA



LOAS POPULARES AO MARISCO: FESTAS E ROMARÍAS GASTRONÓMICAS EN GALICIA

Por: Xulio X. Pardellas

Varios estudos sitúan xa na prehistoria o aproveitamento dos moluscos para o alimento das comunidades humanas do litoral galego (Cuevillas, 1979; García Martínez, 1990). Os achados de cuncheiros na Guarda, no Castro de Baroña e en varios lugares da costa de Lugo semellan confirmar aquela hipótese e desde logo, os documentos das lexións romanas que chegaron ata Fisterra dan fe da existencia e recolleita das ostras, vianda excelsa e exclusiva dos patricios en Roma e apenas sen valor daquela para os bárbaros castrexos da Gallaecia.

Aínda moito despois, a fins do s. XIX e inicios do XX, poden encontrarse diferenzas comparativas entre os escaso valor social do marisco fronte ao prestixio do peixe, tal como o expresaba Xaquín Lorenzo (1979) o marisco era a ruín mantenza das familias mariñeiras nos duros meses da invernia, cando os barcos non podían saír a faenar e eran as mulleres as que baixaban á praia para recoller moluscos. Teremos que agardar a 1946 para ver os primeiros xermolos dunha actividade marisqueira con tendencia claramente empresarial e comercial asentada nunha ría galega: as bateas de mexillón na ría da Arousa (Pardellas, 1989; Miranda, 1998).

Desafortunadamente, faltan aínda os estudos histórico-sociolóxicos que poñan luz ás razóns do cambio de valores sociais que fixeron posible a singular metamorfose que converteu aquela “ruín mantenza” en “perla” e “ouro do mar”, como xa comezou a denominarse a principios da década dos 60. Este autor, con moita cautela pola falta de datos e referencias que a confirmen, apunta a hipótese dun impacto conxunto entre o notable incremento da renda dos españois despois do Plans de Desenvolvemento desde 1962 a 1974 e a crecente chegada de turistas peninsulares (maiormente madrileños) ás praias de Galicia neses anos, que descubriron o marisco de sucate e fixeron brincar a súa demanda, provocando a mudanza cara arriba do antes escaso valor que lle daban os nativos (Pardellas, 1992; Pardellas e Cortés, 1997).

Sexa como for e de seguido, a consecuencia confirmada foi unha rápida actuación social e institucional para promover e proxectar este recurso en dirección a aqueles mercados peninsulares (e máis logo europeos), co obxectivo de manter o crecemento da súa demanda e con iso os ingresos dos restaurantes, hostaleiros e mariscadores, máis ou menos por esa orde.

As festas

O primeiro municipio que se decidiu a organizar unha festa gastronómica de marisco, neste caso para o mexillón, foi o de Redondela, na parroquia de Chapela, onde se celebrou o 8 de agosto de 1963, a xeito de romaría con gaiteiros e mexillóns de balde ofrecidos polos bateeiros de Rande ao público asistente (El Pueblo Gallego, 8-8-1963). Uns meses despois, en outubro, foi o concello de O Grove quen continuou esa idea organizando a *I Festa do Marisco*, que incluía un concurso literario e máis outro de pratos cocinados, nos que a base debía ser algún ou algunhas especies de marisco (El Pueblo Gallego, 5-10-1963).

O éxito destas dúas primeiras festas tivo un notable eco nos medios de comunicación, tanto na prensa, como na radio, o que axudou a atraer o interese non só do público, senón de intelectuais e políticos, animando aos membros dos respectivos concellos a apoiar a súa continuidade, que en ámbolos dous casos se mantivo ate os nosos días (Faro de Vigo 2016: 13-14 agosto en Chapela, 6-16 outubro en O Grove).

A súa evolución sen embargo, mostra trazos moi diferentes no que respecta á estrutura organizativa das actividades e mesmo á duración dos

eventos. Mentres a festa de Chapela se limita a dous días, habitualmente unha fin de semana, a de O Grove resulta ser un caso ben singular, pois que pasou de centrarse tamén en dous días ata mediados dos anos 80, foi moi logo incrementando a extensión temporal a unha semana nos anos 90, a 10 días na edición de 2016 e polas referencias que nos chegan desde os responsables do concello, desde que en 2013 conseguira a declaración de *Festa de Interese Turístico Nacional*, polo *Ministerio de Industria, Energía y Turismo*, están a pensar xa na viabilidade de darlle á festa a denominación para todo outubro como “mes do marisco”.

Un aspecto relevante na evolución desta festa é que xa na segunda edición, en 1964, co apoio da institución provincial, foi colocada a primeira pedra do monumento ao mariscador e ao marisco, nunha forma de homenaxe aos traballadores do sector. Tamén en paralelo e desde unha perspectiva de reivindicación de xénero, nese mesmo ano un artigo de prensa (El Pueblo Gallego, 3-10-1964) se facía eco dun certo malestar social pola falta de atención ás mulleres nos actos da festa, a pesar de seren mariscadoras as maioritarias nas actividades de extracción do marisco de cuncha.



V Festa do Marisco. O Grove

Outro concello, o de Vilagarcía de Arousa e cun obxectivo máis específico, organizou en marzo de 1968 a súa primeira festa do mexillón, “*Perla da Arousa*” (El Pueblo Gallego, 26-3-1968), coa denominación que xa recibía este municipio desde algúns anos atrás. Aínda que non hai referencias escritas que o confirmen con datos, aquela festa en realidade respondía ao interese dos bateiros da ría por daren a coñecer ao público as excelencias gastronómicas do mexillón, a fin de incrementar o seu consumo en fresco e modificar a balanza de comercialización, dirixida ata ese momento en máis dun 75% á industria conserveira, que desde a fortaleza da súa organización empresarial marcaba os prezos que recibían os produtores.

Xa dúas semanas antes, un editorial de prensa dese ano en El Pueblo Gallego (12-3-1968) expresaba claramente aquel obxectivo do sector: “Se diversos organismos gravan con tributos a estes industriais semella lóxico e humano que os bateiros reciban o debido apoio estatal. Estamos certos que aínda hai en España moitos lugares onde non se sabe o que é o mexillón e velaí onde se pode facer unha campaña para abrir os mercados nacionais a este molusco”. En todo caso, e a pesar de contar co escritor Alvaro Cunqueiro como “mantenedor” do concurso literario nas primeiras edicións, a festa de Vilagarcía foi esmorecendo ata desaparecer, pero a mediados dos anos 90, o concello de Vilanova de Arousa recolleu o testemuño da marca e a semellanza de O Grove, na súa XXII edición de 2016, xa dedica toda unha semana á que hoxe se denomina *festa do mexillón e o berberecho*, en forma de romaría enxebre e integrando diversas actividades culturais paralelas (Xunta de Galicia. Festas de Galicia. 2016).

Comentarios xerais e finais

Cómpre recordar que nas décadas dos 50 e 60 eran moi frecuentes en cidades importantes os concursos literarios, denominados daquela “xogos florais”, dado que se entregaba unha flor como detalle que complementaba ao premio pecuniario. Tampouco hai moita historiografía sobre os obxectivos político-sociais do franquismo no uso deses concursos para atraer ou simplemente fidelizar a escritores co réxime, pero ese comentario debe servirnos para situar no seu contexto o feito de que tódalas festas citadas contemplasen un certame literario como agregado necesario para darlle brillo social e para que os medios de comunicación se ocupasen do evento, cun valor ampliado sobre a noticia da simple comedela.

Por outra parte, se observamos o tratamento da prensa da época sobre esas festas, destacará a presenza habitual dos xerarcas locais e provinciais, que asistían a algunha papadela específica para eles (con abondoso marisco, claro é) e que máis logo eran os encargados de entregar os premios procedentes (literarios, de receitas ou de lotes de marisco). Loxicamente, iso expresaba un apoio político aos organizadores do evento e levaba aparelado outro importante obxectivo político de

mostraren un aparente interese pola economía e a cultura local.

Xa situados nos nosos días, saibamos que en Galicia se celebran en torno a 200 festas gastronómicas de diferente relevancia en municipios e parroquias, das que aproximadamente unha cuarta parte teñen como alicerce a exaltación dalgún recurso do mar. Concretamente e para o marisco, ademais das que foron citadas, poden mencionarse festas do mexillón, do berberecho, da ostra ou da ameixa, en lugares tan diversos como Cabo de Cruz, a Illa da Arousa, Cambados, Rianxo, Combarro, Poio; Arcade e Vigo nas Rías Baixas, Ponteceso, Narón, Lorbé e Cervo nas costas de Coruña e Lugo, pero tamén en Salvaterra de Miño e Soutolongo (Lalín), o que semella mostrar o singular espallamento da cultura gastronómica mariñeira en toda Galicia.

Con respecto a isto último, algúns autores frivolizan sobre a teima dos galegos en celebrar festas para larpeirar a eito, pero desde o punto de vista da economía local e como non, tamén da etnografía, en bastantes casos aquelas festas serviron e serven para recuperar receitas e preparacións tradicionais xa

perdidas deses produtos, e en outros casos, para crear e recrear formas innovadoras de cociñar os alimentos do mar, polo que na humilde opinión deste autor, as festas gastronómicas deben verse en positivo, porque con ou sen a presenza de políticos, temos de ter en conta o singular éxito que teñen a maioría delas para atraer turistas ou simplemente interesados en coñecer o país e non digamos entre os residentes locais que alcanzaron a 3ª idade.

Referencias

- CUEVILLAS, F (1979) “Prehistoria. A Economía” in Otero Pedrayo R. (dir) *Historia de Galiza*. Ed. Akal. Madrid
- GARCÍA MARTÍNEZ, C (1990) “Prehistoria” in Barreiro, R (dir) *Galicia. Historia*. Ed. Nauta. Barcelona
- LORENZO, X (1979) “Etnografía. Os produtos do mar” in Otero Pedrayo R. (dir) *Historia de Galiza*. Ed. Akal. Madrid
- MIRANDA, F (1998) *El sector del mejillón en Galicia: análisis cuantitativo y síntesis estratégica*. Tesis doctoral. Univ. Santiago
- PARDELLAS, X (1987) *A acuicultura mariña en Galicia*. Ed. Xerais. Vigo
- (1989) “El mejillón, producto gallego de calidad”. *Industrias Pesqueras*, nº 134 pp 52-56
 - (1992) “La gestión integral de los recursos marinos: acuicultura y marisqueo”. *Revista de Estudios Agro-Sociales*. nº 160 pp 45-51
- PARDELLAS, X e FERNÁNDEZ CORTÉS, F (1997) “Los problemas socioeconómicos del marisqueo” in *Papeles de Economía Española* núm 16, pp 163-169

Xornal El Pueblo Gallego, 1963, 1964, 1968

Xornal Faro de Vigo, 2016

Xunta de Galicia. *Galicia el buen camino*. 2016




Festa do Marisco. O Grove 2016

UN ANTIGO CERCADO DA ILLA DE ONS

Por: Fernando Alonso Romero / Celestino Pardellas de Blas

Sería conveniente prestarlle atención aos cercados e muros da illa de Ons que aínda se conservan en pé, pois a desaparición progresiva dos labores agrícolas e gandeiros dun sistema de vida tradicional, que aínda se mantiña na illa a mediados dos século XX, está dando paso a outras actividades que xeran novas fontes de ingresos económicos e que, cunha boa política educativa e cultural, deberían contribuír a fomentar o estudo e a conservación do patrimonio material e espiritual non soamente nas aulas dun Museo histórico e etnográfico das illas atlánticas, senón tamén por medio de conferencias, cursos de verán, visitas guiadas, instalacións turísticas atractivas e respectuosas co entorno, venda de publicacións e recordos, puntos de observación de aves, ensinanza sobre a pesca tradicional, a música popular, a lingua,... Un labor pioneiro neste sentido fomentaría un turismo cultural con novos horizontes de investigación e de traballo para as xoves xeracións, ás que actualmente se está ilusionando con fantásticos triunfos futbolísticos ou con prometedoras actividades para as que se esixe pouca preparación. De seguir así esta situación, converterémonos nun país cunha poboación pouco formada ao servizo doutros máis adiantados.



Non é noso propósito falar de política, pero ocorre que os muros e os cercados construíronse sempre cunha finalidade política: Xa sexa esta defensiva ou de delimitación da propiedade; de aí o vello dito tradicional, que atopamos en varios países e que nos aconsella: “*querer a nuestro vecino pero sin derribar al cercado*”; ou a súa variante: “*Los buenos cercados hacen buenos vecinos*”; e incluso o que di que: “*Una pared entre dos vecinos guarda más la amistad*”. Pero non imos a divagar sobre o significado deses ditos, senón a recordar a existencia dun antigo cercado, coñecido co nome de Cerrado do Estruga, xa desaparecido, que se construíra no extremo suroeste da illa de Ons, moi preto do Burato do Inferno. (Fig. 1a). Gustaríanos saber por que se fixo e que características tiña. En primeiro lugar, o nome de Estruga parece facer referencia ao alcume ou apelido dalgunha persoa: o Estruga, que en español quere dicir: *el Ortiga*, nome dunha planta moi utilizada na etnofarmacoloxía galega

polas súas propiedades beneficiosas para a saúde que tamén se coñece co nome de <herba do cego²>; de aí posiblemente a súa relación neste caso cun posible cego dono dese cercado, que, ademais, podería ter unha personalidade urticante; pero como isto é só unha suposición, debemos centrar a nosa investigación noutras testemuñas.

Non é posible que a radicación do Cerrado do Estruga nese extremo da illa fora apropiada para unha vivenda, debido á súa proximidade aos cantís do occidente insular e á violencia dos ventos, que empapados de salitre e de choiva, fan a vida moi incómoda e incluso perigosa nese lugar. Pero a pesar destes inconvenientes, non podemos descartar a posibilidade de que se construíra para protexer algún tipo de asentamento humano; pois tamén na costa de Connemara ou nas súas próximas illas de Aran, no oeste de Irlanda (Fig. 2), e nas illas Orcadas ao norte de Escocia, sopran ventos tan furacanados ou máis que os de Ons, e sen embargo, os seus habitantes a mediados do século XX seguían vivindo aínda á orella do mar en cabanas con tellados de palla e nun clima moito máis inhóspito.

Lamentablemente, do cercado do que estamos falando, só queda a testemuña gráfica do voo norteamericano do ano 1956; (Fig. 3); así como o das fotos que fixeron Fernando Alonso e Celestino Pardellas moitos anos despois (Fig. 1b). Posteriormente foi destruído coa posta en práctica da concentración parcelaria dos terreos da illa. Pero a pesar da

Fig. 2. Muro de mampostería da zona de Connemara (Irlanda) co que se protexe o acceso a unha vivenda con tellado de palla. Na súa construción empregáronse pedras pequenas e irregulares, que se unen dunha forma tosca e mesturadas caprichosamente. A súa finalidade era exclusivamente a de delimitar una pequena parcela particular. (Foto: F. Alonso Romero. Año 1972).



¹ R. Foulché-Delbosc. 1895, 350. George Monteiro, 1972, 85.

² La Torre Catalá, J. A. 2008, 632

breve información da que dispoñemos para falar deste desaparecido cercado, os datos que coñecemos permítenos resaltar algunhas das súas características.



Todos sabemos que un terreo cércase para evitar o paso da xente ou o do gando; ademais de servir para sinalar os límites dunha propiedade. Esas finalidades determinan as súas características construtivas; así como a elección dos materiais que se utilizan na súa construción. Na do cercado do que falamos empregáronse pedras de diferentes tamaños e de fácil dispoñibilidade por ser moi abundantes na illa e coas que se construíu a maioría dos seus muros. Na (Fig. 4) vemos un rudimentario muro de mampostería co que se protexía no ano 1978 un carro da illa de Ons. Sen embargo, o muro da Fig. 1 era moi diferente a xulgar pola súa anchura que se observa na fotografía aérea e o tamaño das pedras da súa base, grandes pedras rudimentariamente labradas e sen argamasa. Estaban dispostas en dúas fileiras paralelas que deixaban un espazo interior, de aproximadamente un metro, recheo con pedras de menor tamaño. Non coñecemos a altura que tería, pero debido á súa anchura non superaría un metro e medio. Sen dúbida, era unha construción antiga, semellante ás que tamén existen noutros lugares de Galicia, aínda apenas estudadas³. Tampouco

sabemos a data da súa construción, aínda que o recordo lendario que se conserva sobre ese desaparecido cercado danos unha interesante pista.

A mediados do século pasado aínda se podían escoitar os arrepiantes sons que xurdía do Burato do Inferno, os insulares dicían que eran tan horripilantes que ata incluso asustaban ao gando que pastaba polas proximidades dese lugar, motivo polo cal víanse obrigados a recluílo no interior dese cercado. Ditos sons producíaos o vento asubiante entre as aberturas das rochas, o bramido do mar e, sobre todo, como nos recorda Estanislao Fernández de la Cigoña, os sons roncós da ave mariña: o arao común, acrecentados e deformados polas sinuosidades rochosas da cima, que facían supoñer aos antigos insulares que os producían os alaridos das almas pecadoras que sufrían no Inferno⁴. Moito sentimos non ter naqueles tempos a posibilidade de gravalos nun magnetófono. Dispoñeríamos hoxe dunha magnífica testemuña dun episodio recorrente que deu lugar á aparición e ao mantemento durante séculos de antiquísimas crenzas. De haber podido conservar a gravación deses lúgubres e aterradores sons, dispoñeríamos hoxe dun poderosos reclamo turístico, que contribuiría a resaltar aínda máis o atractivo paisaxístico dese sorprendente lugar. Nos consola saber que xa non existe ese terrible Inferno prehistórico co que tantas veces nos atemorizaron na nosa infancia, pero como o recordo da súa imaxinaria existencia foi parte da nosa historia humana, non deberíamos esquecerlo nunca para evitar volver a entrar nesa “Longa noite de pedra” que menciona Celso Emilio Ferreiro cando aínda existía o Inferno.



Fig. 4. Aspecto que tiña no ano 1978 un muro de mampostería construído na illa de Ons con pedras toscamente labradas e sen argamasa. (Foto: F. Alonso Romero).

BIBLIOGRAFÍA

- Bouzas Sierra, A. y Alonso Romero, F. 2013. Los cercados del macizo del Corzán (Negreira, A Coruña). (*Anuario Brigantino*, nº 36; pp.23-42).
- Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1989. *Illas de Ons e Sálvora: Historia Natural y Humana*. (Editorial Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo).
- Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1991. *Cies y Ons. La Ruta de las Islas*. (Editorial Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo).
- Foulché-Delbosc, R. 1895. Proverbes judéo-espagnols. (*Revue Hispanique*, II; pp. 312-352).
- La Torre Catalá, J. A. 2008. *Estudio etnobotánico de la provincia de La Coruña*. (Universitat de València).
- Monteiro, G. 1972. “Good fences make good neighbours”: a proverb and a poem (*Revista de Etnografía*, vol. XVI, tomo I, pp.83-88).

³ Antón Bouzas Sierra y Fernando Alonso Romero, 2013.

⁴ Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez, 1989, 67-69; 1991, 156.



AS GLORIOSAS POMBAS DAS ILLAS CÍES NA BRÉTEMA DO RECORDO

Por: José Curt

Expresidente da Xunta Reitora do Parque Natural das Illas Cíes

Produce en min un grato sentimento de saudade o transitar con estas liñas por esas tres illas que, farallóns inexpugnables, gardan como cérberos ciclópeos á ría de Vigo dos furores e dos couces dos ventos cascarróns do Oeste. Chámanse, dando as costas ás illas Ons ao lonxe, e en dirección ao pai Miño, Monteagudo, Faro e, a máis emancipada, illa de San Martiño. Pero como todo fenómeno natural que esperta admiración e grosas paixóns e, por tanto, a confusión dos homes, uns din que en lugar de tres dúas son as illas, outros que se son illas de San Barandán que chegaron navegando á ría de Vigo no tempo dos vellos dos vellos, enxebre referencia que todo fillo de Breogán entende e que vén ser algo así como un calendario para dinosauros galegos. En fin, sexa polo que sexa, as Cíes chamáronse de mil maneiras distintas ao longo da súa longa historia, unhas veces con intención mitolóxica, como Cassitérides ou illas do Estaño, illas Afortunadas, illas dos Deuses; e outras como derivación faunística, tal o topónimo de Illas Palomeras, nome rexistrado xa en rancia documentación de 1572 e que para moitos autores actuais empregábase porque xa naquelas calendas as numerosas especies de gaiivotas que grallan nos nosos ceos poboaban con profusión repisas e cornixas, cantís e arrecifes, riscos e verticais sen vertixe, que todas esas tolemias abundan nas Cíes. Pero eu quixera crer que, se se chamaban Palomeras, non era propiamente polas gaiivotas, que entón se chamarían Illas Gaivoteiras ou un similar senón porque, textualmente, había alí moitas pombas e, dentro do variado clan destes volátiles con amplo percorrido sentimental entre o Espírito Santo, a Pomba da Paz e a Pomba San Basilio, digo eu que a que impoñería carácter ao belo arquipélago sería a pomba bravía, chamada en ciencia *Columba livia*, cuxa última representación *cieña*, un pito insolentemente narigudo vestido con penuxe de ouro que tiveron eu ocasión de fotografar e ter na man alá polo 1982. E que foi daquela foto? Pois andaré gardada no arquivo fotográfico máis desordenado que existe no mundo, que é o meu, con trinta ou corenta mil diapositivas, clixés en cor e en branco e negro, copias en papel,... De todos os xeitos, publicada anda a foto por algún xornal ou revista galega. Perdida non está, desde logo. Pero agora vén o máis interesante, e que foi daquel pito?

Pois ao pito en cuestión nin aos seus pais volvemos velos máis, polo que hai que concluír que o pito foi o último proxecto de pomba bravía que quedaba non só en Galicia, en España ou en Europa se non en todo o mundo. Carallo, o último!! Como o oídes!! Quere iso dicir que o que eu tento dicir agora é que a pomba bravía extinguiuse *urbi et orbe* en 1982, precisamente na Illa de Monteagudo do Atlántico galego, diante dos nosos ollos e sen poder facer nada por evitalo? Pois si, e non quito nin un punto nin unha coma: iso é o que pasou.




Se fora polas gaiivotas, as Cíes se chamarían Illas Gaivoteiras, pero non Illas Palomeras.

E o caso é que tal aseveración tan drástica podería parecer chochez de vello naturalista, catastrofismo crónico de quen ve o ambiente partido pola metade no medio ambiente de agora no que a natureza languidece de día en día; podería parecer arrebatado dun namorado da beleza como é o plumífero que subscribe, ou frustrado desdén dun apaixonado amante de Galicia. Podería parecer todo iso e máis porque se ides e preguntádeslle a algún erudito en aves, que agora os hai excelentes e, desde logo, moito mellores que este octoxenario de neuronas oxidadas, diranvos que non teñen noticia certa de que a pomba bravía se extingue en Galicia, senón todo o contrario: que non sendo abundante na Nosa Terra a bravía pura, si que está distribuída por toda ela, a contagotas, si, pero tamén por toda a península Ibérica e por toda Europa. E, por se era pouco -falabamos da bravía pura-, as pombas bravías cruzadas con domésticas,

son moi frecuentes aquí e alá, non só no campo senón especialmente nos núcleos urbanos. Onde habelas, hainas de todos tipos e de todas as cores. E en máis cantidade da conta como todos sabemos e especialmente sabe a pintura dos nosos coches.

Pois ben: moi a principios da década dos 80 do século pasado, Felipe Bárcena, Estanislao Fernández da Cigoña e quen subscribe, naquel momento membros da Xunta Rectora do recentemente creado Parque Natural das Illas Cíes, sabiamos que ao norte da illa de Monteagudo, lonxe do mundanal ruído e nos cantís máis duros da abrupta cara Oeste, aniñaban nas furnas ou debaixo de grandes pedras, dúas ou tres parellas dunhas pombas que non tiñan nada que ver coas da Alameda de Pontevedra, e que nin por asomo se parecían ás que defecaban a bronceína e nobre testa da estatua de Méndez Núñez en Vigo, nin tiñan mínima parentela coas pombas que mendigaban unhas faragullas de pan aos velliños que tomaban o sol nos Xardíns dos Cantóns na Coruña.



As únicas pombas auténticas que quedaban no mundo eran as de Ons e Cíes. As pombas, como as da foto de Curt, son un sucedáneo da natureza, algo así como a cervexa sen alcohol.

Coetáneas delas tamén nas illas Ons, así mesmo na cara Oeste da illa grande, en vertical inaccesible para o ser humano, aínda quedaba unha ducia de pombas bravías que, desde certo observatorio próximo ao Burato do Inferno, eran máis visibles que as de Cíes cando se collía o bo ángulo para que o ollo se espriase a gusto. Naquel reduto de absoluta

soidade, como tamén era o seu en Cíes, vivían de costas a calquera vestixio humano as aves máis bonitas e esplendorosas que se viran no mundo, unhas pombas grandes como pavos, con peito arqueado de poderoso tenor, costas temblorosas de coloso alado, vestidas cunha librea de gris impoluto sobre un chaleco multicolor no que a luz de poñente, ao bañalas co seu adeus crepuscular, acendía a aquelas pombas como fachos nas que flamexaban todas as cores do arco da vella, especialmente os tons azuis, violetas e vermellos que, acendéndose e apagándose intermitentemente, parecían seguir o ritmo cadencioso do coro de voces dun zureo que, coa música de fondo das rompentes e o eco dos ventos, entoaba un emocionado canto á vida salvaxe: *un-curr-r-r-un-cu-cú; un-curr-r-r-un-cu-cú.*

Non sabemos de que se alimentaban aquelas pombas. Sabiamos que fuxían do ser humano e de calquera artificio. Sabiamos que eran alérxicas ao ladrillo e a calquera olor a civilización. Viámolas nos confíns de Cíes e de Ons, descolgarse dos seus voos altivos nuns picados nos que as acrobacias aéreas eran máis propias do falcón peregrino que as dunha pomba que, de súpeto, desaparecía da nosa vista, tragada pola escura boca desdentada da furna familiar, onde nun *pick-up* de pedra oíase repetir desde as entrañas da cova o retrouso da súa canción de liberdade: *un-curr-r-r-un-cu-cú; un-curr-r-r-un-cu-cú.*

De raparigo vira pequenos grupos de pombas bravías auténticas nidificando en cortados do río Ulla. Víraas tamén en ignoradas barrancadas da provincia de Guadalaxara e nalgunha repisa escondida de Aragón. Pero non as volví a ver xamais. Tampouco ás de Cíes nin ás de Ons. É que eran bichos que non querían nada co chamado “progreso” e, en canto o home se asomaba polos arredores dos seus habitáculos, aquelas pombas levantaban o voo nun sonoro bater de ás que era un aplauso á liberdade.

E si, en efecto, como din os eruditos, haberá pombas bravías por todas partes, pero o mouro que custodiaba os tesouros da Cova da Vella en Ons -hoxe xubilado por carroza- contaba que a verdadeira pomba bravía, a de verdade, morreu en Cíes e en Ons naquel xa afastado ano de 1982. Decía que en canto apareceu o turismo polas illas.



“EL MORENO DEL LÉREZ”. Libro de José Curt Martínez. Clan Editorial.

En las páginas del Moreno del Lérez apreciamos una serie de valores que van más allá de la escopeta y de la caña: la descripción de escenarios naturales, una peculiar filosofía de vida y un lenguaje especial, ligado precisamente a los usos y costumbres del campo y de sus gentes. Este libro transcurre en una Galicia secreta, salvaje y remota. Una esquina de España en la que la vida ha sido siempre de una dureza especial y donde la supervivencia ha estado a veces por encima de la ley. El Moreno, pescador y cazador con aptitudes excepcionales, con gran conocimiento del medio y un inusual talento natural, bordea la marginalidad porque la sociedad de su tiempo no le ofreció mejor lugar. Esta condición extrema se refleja en su lenguaje, muchas veces tremendista y procaz, pero también lleno de gracia y de puntería verbal. La suya es un habla sin domesticar, propia de alguien que tuvo que arrancar con las manos desnudas sus presas a la naturaleza, dando lugar a lances de caza y de pesca que a menudo rayan en lo increíble.

OS CAMPOS DE TRABALLO NA ILLA DE ONS: A MEMORIA DOS 80

Por: X. Antón Castro

Cando hoxe penso nos oitenta do século pasado, penso nos anos máxicos dunha movida particular e dunha xeración -a miña- que no eido das artes plásticas, o terreo onde eu me desenvolvía como crítico de arte e comisario de exposicións, propuxo o atlantismo como elemento diferenciador dunha postmodernidade xenuinamente galega, tan prometedora como incerta, que parecía iluminar o comezo daquela década. Fronte ás dúbidas e ás crises da década precedente, as incertezas e a inseguridade avalaban a recuperación dunha tradición e dun pasado que Galicia nomenclou na filosofía atlántica. E esa inmersión nun *genius loci* redentor como paradigma do universal, reencontrando a natureza máis pura no paraíso, entón entre perdido e recuperado, levoume a aceptar a proposta dalgúns dos meus amigos -en especial, a do meu querido e lembrado Telesforo Morales, co que facía deporte- do Instituto da Xuventude da Delegación de Cultura de Pontevedra, para dirixir campos de traballo. Era 1979 e metínme ata tal punto na atmosfera daquela proposta que decidín que os veráns futuros estarían dedicados á enigmática Illa na que nunca estivera e na que viviría experiencias inesquecibles ata o ano 1983, o derradeiro dos meus campos. Para min foi aquela unha achega a outro tipo de atlantismo, vivido e transcendente, reforzado pola ilusión dunha convivencia na que os debates e os relatos que imaxinabamos no medio do Océano prolongaban un traballo voluntario que tiña como fin *educador* desbrozar a maleza e as matogueiras da Illa.

Na distancia dos máis de trinta e sete anos, lembro o ritual de chegada á Illa e os obxectivos que nos prantexabamos para aquela convivencia. Nos días previos debía elixir un equipo para organizar o campo de traballo, que entón tiña dúas modalidades: a nacional, que admitía ata unha corentena de rapaces do Estado español, entre 15 e 18 anos, e a internacional, que estaba aberta ó mesmo número, pero de mozos e mozas de calquera país, entre 18 e 26 anos, durante quince días. A miña encomenda foi sempre para estes últimos.

Rodeeime sempre de xente moi nova e cómplice para formar un equipo coordinador das tarefas que tiñamos que levar a cabo, tendo en conta que a convivencia desenvolvíase nunha xeografía illada do mundo real, con tintura ás veces monacais, a fin de obter bos resultados. Como director debía

nomear un administrador do presuposto asignado e un axudante, ademais dun cociñeiro e un pinche. No transcurso dos días, o equipo terminaba por funcionar como unha verdadeira familia, o que era de agradecer porque sempre había que poñer orde e resolver continuos problemas a un heteroxéneo grupo de mozas e mozos, descoñecidos entre eles, que debían convivir naquel espazo afastado do mundo, durante dúas semanas, un tempo que vía reforzada a súa intensidade pola propia natureza do traballo e lecer compartidos.

A semana anterior a data prevista para o inicio de calquera campo de traballo -só se facían nos meses de xullo e agosto- pactabamos os víveres con diferentes comercios de Bueu, que, coa puntualidade do día a día ou cada dous ou tres enviaban na embarcación que atracaba no pequeno peirao ou embarcadero do Curro. Tentabamos adquirir o que era difícil obter na Illa, moi precaria entón na oferta, aínda que privilexiabamos os produtos daquela. E na distancia do tempo pasado, lembro que entón a travesía Bueu-Ons, no proceloso barquiño correo de Pancho, era non só unha aventura inesperada, senón de dificultosa execución mariñeira, porque as condicións daquel transporte non podían garantir nunca unha arribada feliz. O barco sufría avarías frecuentes e o Pancho fuxía dos días de mal tempo, que soía ser un pretexto para anular a viaxe, algo que nos campos que dirixín, sucedía de cotío. Pero eran dificultades que asumíamos con normalidade.

O "Azor", barco correo de Pancho que facía a travesía Bueu-Ons.



O primeiro punto de encontro cos campistas suxeríámolo no peirao de Bueu, pero nos campos internacionais deixabámolo á liberdade daqueles, aspecto que nunca xerou dificultades. Ó fin, a

chegada ó embarcadoiro de Curro, na Punta da Canteira, era sempre rexenerativa e a distancia ás nosas instalacións, que eran as antigas escolas da Illa, non supoñía máis duns trescentos metros, unha vez que subíamos a pequena costa que deixaba a ámbolos dous lados as cantinas-tendas de Acuña, á dereita e a de Checho e Lola, á esquerda.



Taberna de Checho. Lola e o seu home Pepe, 1980.

E, aínda que tentabamos seguir unha indulxente disciplina militarizada, cousa que nunca logramos de verdade, na recepción matutina, que soia prolongarse ata ó mediodía, distribuíamos ós campistas en dous pavillóns: un para a poboación feminina e, a escasos metros, outro, para os homes. Folga dicir que, en menos dunha semana, esta separación resultaba oficiosa e pouco podíamos facer para evitar as transferencias das novas parellas de circunstancias a un ou a outro pavillón. Dalgún xeito era unha parte da convivencia entre adultos que decidían vivir libremente a súa vida nunha illa soñada a cambio dun pactado traballo para a comunidade.

Así, pois, o primeiro día, o da recepción e o da comida de benvinda, era tamén o das regras que debíamos seguir, e que un como director do Campo tiña que explicar ás mozas e mozos, facendo énfase no espírito organizativo e disciplinario que necesariamente íamos desenvolver durante as próximas dúas semanas. Un explícito pasquín facíaas lembrar á entrada de cada un dos pavillóns ó igual que a singularidade de cada orde do día, que seguía unha estrutura fixa nos horarios da actividade pactada, pero mudable no tipo de eventos.

A flexibilidade percorría un toque de diana ás 8 da mañá, para facer o almorzo media hora máis tarde. De 9 a 13 horas tiñamos que levar a cabo o traballo pactado co ICONA (O Instituto para a

Conservación da Natureza) –penso que se faría a partir dun convenio entre este organismo e o Instituto da Xuventude do Ministerio de Cultura- que consistía en desbrozar camiños e montes, cheos de auténtica maleza, matogueiras en forma de feitos, breixos e toxo, ademais de limpar o cemiterio e as praias e apagar incendios, cando cadra. Este traballo, que facíamos cada mañá, por cuadrillas, en diferentes lugares, estaba organizado polo encargado daquel Instituto na Illa, que era quen coordinaba comigo, como director do Campo, a execución do mesmo. Unha vez rematada a tarefa matutina tocaba praia ou tempo libre ata a hora da comida, que soia ser as 14.30. Respecto a esta teño que dicir que, debido ás nosas obsesións nutricionais e deportivas, tratábamola de facer variada e sa, sen escatimar gastos do presuposto culinario, que era o maior, e axeitando unha equilibrada inxestión de proteínas e carbohidratos, repartidos en dous pratos xenerosos e varias opcións para a sobremesa. O peixe, o polbo da Illa e as diferentes ensaladas constituían a demanda preferida e, ademais da auga como bebida proposta, non faltaba o viño e mesmo, algún día de festa, un pouco de cava.

A múltiple procedencia dos campistas diluíase ós poucos días nunha camaradería e amizade sen barreiras e o sentido de colaboración cos insulares, especialmente con Acuña - Qué será do *Escacho* o seu barquiño de entón, preguntábame, fai pouco, o meu amigo Manolo Omil, que tamén dirixía daquela campos de traballo- e con Checho, era un feito exemplar, pois os rapaces estaban sempre prestos a axudar alí onde fixera falta. Lembro como algúns dos campistas se prestaban voluntarios para axudar nas tarefas de cociña, fregando a louza, na taberna de Checho cando lle aumentaba o número de comensais do seu apetitoso polbo.

As actividades vespertinas, despois da praia e dos paseos libres, adoitaban comezar ás seis da tarde. Folga dicir que, ós poucos días, os campistas tiñan un coñecemento bo das praias e aínda que a que máis frecuentaban era a de *Area dos Cans*, moi preto das nosas instalacións, tamén acostumaban bañarse na de *Canexol* ou na das *Dornas* e mesmo chegaban, algúns con moitos reparos, ata a setentrional e nudista de *Melide* e xa, cara ó Sur, á de *Pereiró*.

Tentabamos que as actividades da tarde fosen preceptivas e ilustrasen a aqueles rapaces no coñecemento da Illa, da súa etnografía e da súa historia e non excluíamos nas charlas e nos debates os temas sobre Galicia, as súas lendas, a mitoloxía, os relatos nos *fogos nocturnos*, adobados, tantas

veces, con queimada, onde non faltaban tampouco divertidos e truculentos xogos, a música e o baile. As excursións eran como expedicións exploratorias e podíamos chegar á mitoloxía do *Buraco do Inferno*, a primeira vez coa axuda dun habitante tan enigmático como heterodoxo, Manolo *O Carallo*, un ourensán pintor e aventureiro, con vocación de Robinson postmoderno, que habitaba unha casa de pedra semiderruida, preto do campamento dos rapaces máis pequenos, aló na zona de Pereiró, antes de chegar ó miradoiro de *Fedorentos*. Cada tres ou catro palabras Manolo introducía un carallo afirmativo e por iso os insulares decidiron nomealo daquel xeito. O peso do personaxe, esaxerado fabulador borgiano e o retrato que facía da Illa e dos insulares foi para nós un oráculo vivinte, espremendo sempre a súa condición de vate que anunciaba acontecementos pasados e futuros. Tivo adeptos en algún dos nosos campistas.

Aproveitabamos a paisaxe impresionante do *Buraco* para contar *in situ* lendas daquela Galicia que tamén nós tentabamos esaxerar na súa transcendencia, a partir do libro de cabeceira que levábamos sempre ós Campos, o lembrado *Leyendas tradicionales gallegas* de Leandro Carré Alvarellos, publicado por Espasa-Calpe, que nos servía para as lecturas nocturnas diante do lume. Esaxeracións que fabulabamos diante da tumba antropomórfica da *Laxe do Abade*, de filiación medieval, que moitas veces levabamos á unha antigüidade maior. Non deixabamos de visitar o *Castelo dos Mouros*, no *Castro*, nin baixar dende alí á *Enseada de Caniveliñas*, ó outro lado da Illa e percorrer zonas coma as do *Cucorno*, desde onde, polas noites, subíamos, algunha vez, ó Faro, que tan amablemente nos amosaba o seu responsable Fernando Liste ou o seu axudante Ramiro. Nunha ocasión incluso chegamos a *Cova do Lobo* e a *Punta do Centolo*.

Lembro que no ciclo de conferencias vespertinas, invitabamos, a veces, a voluntariosos especialistas, ós que atendíamos exquisitamente ofrecéndolles unha boa comida, que nos viñan falar da fauna da Illa, da arquitectura popular ou do imposible celtismo etnográfico galego... Esas animadas charlas sobre gaivotas, cormoráns, venceios ou araos, cabazos e casañas mariñeiras, o celtismo imaxinario que inventou Benito Viceto e desmitificara o mestre Alonso, entre máis temas, espertaban, ata tal punto, o interese dos nosos campistas que, en ocasións, concluían en fondos debates diante do lume nocturno e ó amparo dunha escuridade máxica, tan tenebrista como mal iluminada.

Era significativa a expresión inicial de moitos daqueles rapaces que chegaban á Illa para pasar quince días, agoniados polos límites naturais do territorio, pero tamén a recompensa final dos mesmos. A este respecto fíxose tópica unha frase que, máis tarde, tivemos como emblema, unha frase que un día saíu do corazón dun rapaz andaluz: “Cheguei chorando e marchando chorando”. Tivemos que lembrarlla, algunha vez, a máis de un, porque as motivacións da asistencia a aqueles campos de traballo eran múltiples e, con frecuencia, rocambolescas: había quen acudía ó campo para facer amizades novas, para relacionarse coa xente ou para pasar unhas vacacións na praia e na natureza máis illada, pero tamén puideron coñecer, naqueles afastados campos dos oitenta, mozos e mozas que viñan buscar parella —que, ó fin, atoparon— ou vivir unha prolongada e libertina despedida de solteiro ou solteira, pactada co futuro cónxuxe, aproveitando o cálido e xuvenil contexto humano e o illamento. E mesmo para outros, aquela experiencia, segundo me relataba un mozo francés ó final do meu derradeiro campo, no 83, serviulles de reciclaxe ou exercicio espiritual, de reencontro con eles mesmos.



Apagar incendios converteuse nun dos traballos a realizar polos rapaces do Campo de Traballo de Ons a partir de 1980.

Na distancia de tantos anos e na memoria daqueles veráns axitados polo fervor xuvenil e a ilusión de compartir un anaco de vida con aqueles rapaces ávidos de sentir e soñar un mundo diferente, a fin de integrarse nel, Ons é unha lembrada pegada proustiana que dificilmente poderá diluírse cando pensei nos oitenta atlánticos como experiencia. No campo da estética deixaron de existir, pero a natureza é máis forte que a cultura, cando esta é concibida como ficción. E Ons é natureza.




BISBARRA DO CONDADO A LENDA DO TERCEIRO CAMIÑO DA RAÍÑA SANTA

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Conta a tradición e a lenda que Santa Isabel de Portugal, a “raíña Santa” portuguesa, realizou ademais a dúas peregrinacións recollidas historicamente a Compostela, unha máis, que fixo con todo sixilo e no profundo anonimato, facendo no seu trazado un novo camiño a Santiago procedente das terras portuguesas.

Por ese motivo resulta necesario saber un pouco de quen foi esta Santa que conxugou a espiritualidade coa súa máxima situación na corte do reino portugués. Era filla de Pedro III de Aragón e de Constanza de Sicilia, naceu no ano 1270, non se sabe con certeza si en Zaragoza ou en Barcelona. Aos doce anos foi pedida en matrimonio polos príncipes herdeiros de Inglaterra de Nápoles, e por don Denis, rei de Portugal, que foi o aceptado xa que o seu casamento xa estaba pactado desde tempo atrás. O día 11 de febreiro de 1282 contraeron matrimonio por poderes na capela de Santa María, despois chamada de Santa Águeda, do Pazo Real de Barcelona. No mes de xuño dese mesmo ano, chegou a Galicia, a onde saíra a recibila o rei Denis. Foi entón cando se atopou co que sería o seu esposo e foi alí onde o coñeceu por primeira vez. Na igrexa de San Pedro do Escobeiro de Troncoso, hoxe do concello de Mondariz Balneario, tivo lugar a celebración relixiosa dos esposais pois era o templo máis próximo, naquela época, ao castelo de Sobroso.

Castelo de Villasobroso.



Despois o matrimonio fixou a súa residencia en Coimbra, e a vida da raíña Isabel comezou a mostrar unha dobre característica persoal que marcaría a súa biografía: por unha parte, polo seu carácter caritativo e piadoso; pola outra, a fortaleza política dunha muller que se enfrontaría aos grandes vaivéns do goberno e contratemplos familiares, e fixo sempre o posible por sobrepoñerse aos acontecementos. As loitas internas do rei Denis co seu

irmán e posteriormente o enfrontamento do rei co seu propio fillo fixeron que a “Raíña Santa” tivera que intervir en repetidas ocasións coa suavidade dunha santa pero coa firmeza dunha esposa, pero sobre todo dunha nai.

Morto o rei Denis, e polo tanto viúva, a raíña Isabel volveu a Coimbra onde fundou o mosteiro de Santa Clara-a-Velha e un hospital para asistencia aos máis desfavorecidos socialmente. Non chegou a profesar a clausura clarisa, pero si é certo que viviu nun convento unha vida de total austeridade en canto ao aspecto corporal, e de profunda espiritualidade e canto ao relixioso, durante os seguintes anos, sendo esta a meirande e mellor mostra do seu cultivo espiritual realizando dúas peregrinacións a Santiago de Compostela, xa que está comprobado que o 25 de xullo de 1325, Santa Isabel de Portugal prostrada en xeonllos ante a tumba do Apóstolo fíxolle a ofrenda das súas galas de raíña. Di a crónica que: “... *donde le entregó la corona al Arzobispo para recibir el hábito de las Clarisas como terciaria. El Arzobispo fue tan movido por este acto de la Santa, que él le entregó su cayado pastoral para que le ayudara en su regreso a Portugal*”.

Voltou a Santiago dous anos máis tarde, en 1327 como unha peregrina máis, sen outra compañía que algunhas damas da súa antiga corte que, por motivos igualmente piadosos, quixeron acompañala. Como anteriormente sinalamos, ao parecer fixo unha terceira peregrinación en 1335 da que non se teñen datos contrastados pero conta a lenda que se sabe que esta derradeira viaxe realizouna moi en secreto sendo acompañada soamente por un leal gardián e por unha monxa da súa total confianza.

Pois ben, tendo un coñecemento de quen foi a raíña “Santa” portuguesa entenderemos mellor a importancia desta posible nova, para nós, Ruta Xacobeá, que partindo de As Neves, nas ribeiras do Miño, nos leve por uns novos trazados de peregrinación a empalmar co Camiño de Santiago, recoñecido co nome de Camiño Portugués.

O camiño seguido pola raíña Isabel de Portugal, procedía da cidade de Coimbra, onde naceu a ruta a seguir, para continuar polas cidades de Porto e Braga, entrando en Galicia por unha antiga ponte de madeira que atravesaba o río Miño no lugar da Barca Nova, en Medáns, situado entre Vide e Setados no municipio das Neves. Ao parecer nese preciso lugar tamén existía un vao por onde cruzaban as reses bovinas de pastoreo que, dende a comarca portuguesa de Tras os Montes, ían cara os montes da Serra do Suído, onde engordaban na tempada de verán. Ángel Joaquín González Outerelo, garda forestal residente en Barciademera, O Covelo, autoridade na materia pois é

estudoso como ninguén de todo canto estea relacionado coa Serra do Suído, posúe abundante documentación, na maioría sentenzas xudiciais, por roubo de cabezas de gando por parte dos vaqueiros portugueses, que tratan da transhumancia de gando vacún dende o interior de Portugal ata estes paraxes.



Postal antiga da Virxe da Franqueira.

A partir de aquí o camiño continuaba ata a Franqueira. A “raíña Santa” foi o que usou para descansar no mosteiro para proseguir despois en dirección a Santiago de Compostela, se ben os estudosos non se poñen de acordo na ruta que seguiu despois de deixar A Franqueira. Xa que algúns defenden a tese de que continuou en dirección ao Covelo, para atravesar o río Tea e continuar subindo pola Serra do Suído para seguir ás terras de Pontecaldelas, Cotobade e continuar por Campo Lameiro para enlazar polo recoñecido Camiño Portugués en Caldas de Reis. A outra opción que presentan outros é como segue: de A Franqueira baixar a Mondariz, cruzar o Tea pola ponte de Cernádela e continuar por Toutón, Pazos de Borbén e enlazar co Camiño Portugués ben en Redondela ou en Pontesampaio. No que todos está de acordo é no anaco de camiño dende Setados ata a Franqueira que era e tamén é recoñecido co nome de “Sendeiro dos Frades” xa que, naqueles tempos, os aldeáns, ao mirar aos peregrinos coas túnicas marróns que levaban, pensaban que eran frades que ían cara ao seu mosteiro.

O que si resulta certo que en moitos destes pobos, aínda conservan topónimos relacionados, como por exemplo, “fonte da Raíña Santa”, “sendeiro da Raíña Santa”,...

A raíña Santa finou en Estremoz o 4 de xullo de 1336 e os seus restos foron sepultados no convento de Santa Clara-a-Velha que ela mesma tiña fundado e que daquela aínda acollía aos peregrinos de Santiago de Compostela, pero ao resultar este inundado, con moita frecuencia, polas augas do río Mondego, foron trasladados no século XVII ao novo convento de Santa Clara-a-Nova, na mesma cidade de Coimbra. A raíña Isabel foi canonizada polo Papa Urbano VIII en 1625.

Actualmente existe unha pequena sociedade por moi interesante no seu estudo chamada “Camiño Velho” dirixida por Alfonso Ribas Fraga e por Antolina Fernández González formada por historiadores, profesores, investigadores, estudosos,..., que levas anos tratando de analizar, en profundidade e con rigor, o que eles chaman o “camiño viejo portugués”, baseando as súas teorías nas rutas daquela época medieval e que coinciden segundo a lenda, en parte, pola terceira ruta seguida pola “raíña Santa”. Segundo o seu criterio o camiño cruza de Portugal a España atravesando o Miño en Salvaterra.



Balneario de Caldas de Reis.

Alfonso Ribas dinos que: “Desde o comezo de 2004, un grupo de persoas, vimos realizando unha serie de asembleas semanais nos distintos concellos polos que, segundo a documentación histórica que dispoñemos discorre este “Camiño Velho” a Compostela, desde Braga a Caldas de Reis pasando por Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Monçáo, Salvaterra, Pontearreas, Mondariz, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas, Cotobade, Campo Lameiro e Moraña. Desde entón foron moitas as persoas interesadas que se xunguiron a este proxecto. Ribas Fraga tamén propuxo bautizar a este camiño co nome de “Camiño das Caldas” xa que o trazado atravesa moitos balnearios de augas termais nas seguintes localidades: Braga, Guimaraés, Arcos de Valdevez e, Monçao en Portugal , e Mondariz, Ponte Caldelas, Pontevedra e Caldas de Reis, en Galicia.



O TERRITORIO NO MUNDO MARINEIRO

Por: Francisco Calo Lourido

A verba territorio leva implícita un senso de propiedade. É un concepto perfectamente claro e delimitado no ámbito terrestre, xa que un medio físico estable e, aparentemente, inmutable se presta ao trazado de límites ben definidos por medio de accidentes xeográficos relevantes. Todo está medido, triangulado e cartografado, o que non impide que se sucedan reclamacións como as existentes entre O Grove e Sanxenxo para dirimir a propiedade da Lanzada. Iso é o territorio: un espazo xeográfico sobre o que unha comunidade, un grupo humano ou, neste caso, un concello pode exercer dereitos de propiedade.



O istmo da Lanzada, causa de litigio entre os concellos de Sanxenxo e O Grove.

O territorio máis pequeno da administración eclesiástica é a parroquia e todos coñecemos a súa enorme importancia no mundo galego, onde as case 3.800 parroquias funcionan tamén como divisións dos respectivos municipios. Unha parroquia labrega ten un núcleo, onde se ergue a igrexa e, habitualmente, uns lugares, aldeas ou barrios que ocupan un territorio físico cuns lindeiros moi ben delimitados, sobre todo se as aldeas que a compoñen están moi diseminadas. Iso ten a súa razón de ser no interese por evitar que un lugar, máis próximo á igrexa doutra parroquia decida mudar para ela. Por iso as parroquias con só un núcleo non precisan lindeiros tan claros. Un elemento esencial das igrexas é a campá, ata o extremo de figurar a miúdo na documentación a expresión “sub sino” como sinónimo de freguesía. Se desde un lugar non se escoita nunca o sino da súa parroquia é como se non pertencese a ela e, se pola contra se escoita o

da veciña, corre o risco de se xunguir a ela. As igrexas tardaron séculos, ata a arte románica, en incorporar na súa estrutura unha torre para a campá polo que o habitual era pendurar esta nunha árbore ou nunha torre exenta e máis ou menos afastada da igrexa. Na miña vila de Porto do Son, a igrexa chanta os seus alicerces na area da praia a carón dun outeiro que, aínda hoxe, se coñece co nome de Monte do Sino. Consérvanse moitas torres de campás exentas e, habitualmente, colocadas nun lugar máis elevado que a propia igrexa.

A vida desenvólvese no marco da freguesía. Alí están as casas, as fincas, os agros, os lameiros... Todo ben comunicado por unha rede viaria estruturante, desde os sinxelos vieiros, carreiros ou camiños de pés, pasando polos de carro, polos reais ou enlousados, ata as actuais estradas. Todo está no seu lugar, formando parte dun orde conseguido ao longo de milenios de acción antrópica modelando e humanizando a natureza. Todos os veciños se coñecen e saben perfectamente onde rematan as súas propiedades e principian as dos demais e ninguén dubida de quen era a mazá que apañou e vai roendo polo camiño. Todo ten dono e todos saben a quen pertence cada palmo de terra.

Na liña costeira temos o remate, a derradeira fronteira. A partires de aí todo é mar, desaparecendo os accidentes xeográficos, as marcas e os camiños. A seguridade física da terra deixou de existir, mostrándose a superficie da auga como algo aparentemente homoxéneo, sen límites e, conseguintemente, sen dono. Por iso o mar non era, en puridade, un territorio, xa que ninguén tiña propiedade sobre el. No Dereito Romano, o mar e os peixes eran *res communis*, eran cousa de todos, polo que a pesca era de quen pescase e ninguén, nin o estado, se podía apropiarse das augas. A literatura romana está chea de citas ao respecto. Velaí unhas mostras: “Por que me impides a auga? A utilización das augas é pública. A natureza non fixo privado nin o sol, nin o aire, nin as suaves ondas” (Ovidio, *Matamorfosis*, VI, 349-351); “efectivamente, que hai tan propio de todos como o aire para os vivos, a terra para os mortos, o mar para os navegantes e a costa para os náufragos?” (Cicerón, *Pro Sex. Roscio Amerino*, XXVI, 72); “o mar é sen dúbida común para todos” (Plauto, *Rvdens*, IV, iii, 39 ss.); “sexan para todos libres o mesmo as augas que o aire” (Virxilio, *Aeneidos*, VII, 230).

Nas Partidas de Afonso X o Sabio diferénciase moi ben o que é un ben común do que é un ben público (praza, camiño, edificio...). Na Lei III do Título XXVIII da Terceira Partida lemos: “Las cosas que comunalmente pertenecen a todas las criaturas que viven en este mundo son estas, el aire, y las aguas de la lluvia, y el mar, y su ribera. Cualquier criatura que viva puede usar de cada una de estas cosas, según que le fuere menester y puede todo hombre aprovecharse de la mar, y de su ribera, pescando o navegando”. Isto foi sempre así, desde Roma ata a Lei de Augas de 3 de agosto de 1866, cando o mar deixa de ser considerado *res communis* e pasa a ser “ben de dominio nacional”. É por iso, porque o mar é común e a pesca *res nullius*, é dicir, de ninguén ou, o que é o mesmo, de quen a colla, polo que ao longo dos séculos sempre se concedeu liberdade de pesca a todos. Contra isto, xurdiron unha sucesión de corporacións que pretenderon apropiarse en monopolio da explotación pesqueira, quixeron, contra todo dereito, territorializar unha zona de mar en beneficio exclusivo. Pensemos na Confraría do Corpo Santo de Pontevedra que exerceu xurisdición sobre tres rías, desde Os Tranqueiros de Aguiño ata As Estelas de Baiona e Afonso X chegou a ordenar “que se desaten las confradrías”, é dicir, que desaparezan estas asociación monopolísticas que actúan contra a lexislación vixente desde Roma. Estes conceptos de *res communis* e *res nullius*, aínda que semellan confundirse, son moi diferentes do acuñado nos inicios do capitalismo, en 1609, por Grocio (considerado pai do dereito internacional xunto co español Francisco de Vitoria) como *mare liberum*, xa que o que realmente el estaba defendendo eran os intereses comerciais de Holanda fronte aos de Inglaterra, España e Portugal. O tamén xurista e político inglés Jhon Selden opoñerá a Grocio co seu *mare clausum* (1635).

A intención de territorializar o mar estivo sempre presente, chegando os países costeiros a reclamar para si, como parte do seu territorio “seco”, “emerxido”, as augas próximas. Cando o Tratado de Utrecht de 1713 aínda no existían as tales augas territoriais, de aí o litixio actual coas de Xibraltar, xa que España di que no acordo non se lle concedían máis augas que as do porto, mentres Inglaterra e o Peñón argüen que daquela ningún país tiña máis. Efectivamente, foi posterior a esta Guerra de Sucesión a práctica dos distintos países de reclamar como propia unha franxa de mar de tres millas de largo desde a costa. Esta distancia era a que podían alcanzar as balas de canón disparadas polas baterías costeiras. Melloran as armas, aumentan as distancias de tiro e pasamos, aínda hai ben pouco, ás 12 millas. O das 200, que teñen algúns países, responde exclusivamente a razóns económicas (pesca na Corrente de Humboldt, riquezas minerais do fondo submarino, etc.).




A Guarda casas estreitas e apretadas protexéndose do vento.



Xibraltar reclama as súas augas territoriais.

Unha cousa é a lexislación e outra moi distinta é o día a día, ao longo de séculos, das diferentes comunidades piscatorias. Xa citei o caso da Confraría do Corpo Santo de Pontevedra e podería traer aquí exemplos semellantes de todos aqueles portos de mar que, pola razón que fose, puideron impor a súa autoridade aos restantes da zona. Unha comunidade de pescadores asenta nun núcleo máis ou menos grande, pero sempre con aspecto urbano. Se nas aldeas de labregos as casas son habitualmente exentas e circundadas de muros con amplo portalón, as casas mariñeiras, pequenas, apéganse unhas ás outras, con paredes medianeiras para se protexer mutuamente e trazando conxuntos de rúas e corredoiras, frecuentemente sinuosas para romper o vento. O que se procurou para escoller a ubicación foi a proximidade dunha cala onde poder varar os barcos, así como a presenza de auga potable. Vento, salitre e area fan que a terra aproveitábel para usos agrícolas sexa ruín e escasa, por iso o mariñeiro ten moi pouco de terra e moito de mar.

El sabe e proclama que o mar é de todos, que ninguén ten papeis de propiedade sobre el, mais aquelas augas e aquelas fanequeiras que están próximas ao seu porto son tidas como propiedade comunitaria, considerando un intruso a calquera barco foráneo que lle dea por fondear ou largar alí o aparello. Pero cando as postas de pesca equidistan ou están moi lonxe de varios portos, todos eles as consideran comúns e arróganse o mesmo dereito a pescar nelas. Canto máis próximos entre si estean dous portos, as posibilidades de que existan malas relacións aumentan de xeito exponencial, mais, como veremos, non sempre. Teño escrito sobre as tensas relacións, con coplas satíricas incluídas, entre Muros e Porto do Son e mesmo empreguei unha anécdota clarificadora acontecida en Terranova entre pescadores da Póvoa de Varzim e da veciña, casa con casa, Vila do Conde. O capitán do barco bacallaeiro chama os *doris* porque se vai botar enriba un equinoccio. Chegan estes ao costado e o capitán ordena: “Poveiros a bordo” e ve como soben pola escaleira de gato unha chea de pescadores, pero o mar xa está enriba e outros moitos seguen nos *doris*. El, seguramente de Aveiro, non entende nada da situación ata que alguén lle aconsella que diga: “Cachinas a bordo”. Dito e feito: soben os restantes. Un cachina prefere quedar no mar, se só se mencionou aos poveiros.



Vista, dende a Illa de Ons, da entrada da ría de Arousa.

causas alleas ao mundo da pesca, da que esta última localidade nunca foi precisamente un exemplo. No que si coincidiron todos os informantes, tanto de Bueu, como de Ons ou de Portonovo foi en considerar os peores con moito aos de Rianxo. Dixéronme que “Viñan antes os do Norte, os dalá do Norte... (Escarabote, Rianxo) nuns botes ghrandes, neghros e nós o nome que lles tiñamos: están os burros na ría”. E os de Ons dixéronme que cando ían mercar algo á taberna da Illa, nin se falaban entre eles e que se mataban entre si por escoller os mellores sitios para secar os aparellos. Os de Portonovo contáronme que, cando remataba a ceifa, antes de marchar para Rianxo que se dedicaban a roubar cabos, betas e risóns. O mar é de todos, pero preferimos que os alleos non se acheguen pola nosa costa.



Doris no museo de Cachinas (Vila do Conde).

Hai anos fixen un traballo de campo, recollido en Calo (1998) sobre as relacións entre os mariñeiros dos distintos portos da ría de Pontevedra, concluíndo que as relacións dos de Portonovo cos de Bueu non eran especialmente negativas, levándose peor os primeiros cos de Sanxenxo, se ben por

Bibliografía:

CALO LOURIDO, Francisco (1998): “Individualismo fronte ós nosos, afirmación local contra os alleos e defensa do territorio”. In CALO LOURIDO (coord.): Antropoloxía Mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía In Memoriam Xosé Filgueira Valverde. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, pp. 29-42.


CALO LOURIDO, Francisco (2003): “Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII-XVI)”. In CALO LOURIDO (coord.): *Actas do Simposio de historia marítima do século XII ao XVI. Pontevedra e o mar*. Concello de Pontevedra. Pontevedra, pp. 15-42.

A LAXE DO CREGO: UNHA APROXIMACIÓN EXPLICATIVA

Por: Fernando Cabeza Quiles

Moitas veces nos preguntamos cal podería ter sido o significado e a utilidade concreta do sepulcro antropomorfo ao que se refire o topónimo A Laxe do Abade da illa de Ons, o cal tamén rexistra os nomes populares de Illote Sepultura, Pedra do Crego, Cama do Abade, Puntal da Sepultura, e Con da Laxe do Crego, denominacións que, como é ben sabido, aluden a unha tumba antropomorfa escavada nunha rocha-illote de Ons, que fica illada de terra coa marea alta na praia da Area dos Cans. Aínda que, segundo a apreciación popular, esta sepultura pertencería a un vello abade dun hipotético mosteiro illán alí soterrado, nós hai tempo que pensamos, ao se tratar dunha sepultura única, noutra posibilidade, relacionada, máis que cunha comunidade monástica, que requiriría un camposanto colectivo, cun eremita solitario, retirado na illa de Ons na procura de recollemento e soidade, de acordo coa mística dos ascetas que cavaban as súas propias sepulturas para memoria da morte, seguindo a máxima dos primeiros ascetas individuais, logo seguida por moitas ordes relixiosas. Caso, por exemplo, da Regra de San Bieito, que nunha das súas disposicións, contida no capítulo IV, exhorta a (tradución ao galego do orixinal latino Regula Benedictini) “ter presente todos os días a morte diante dos ollos”, en paralelo ao memento mori ou “lembra que morrerás” dos monxes trapenses ou cistercienses reformados da Estrita Observancia, rexidos pola devandita Regra de San Bieito, cuxos novicios, o mesmo cós cartuxos, cavaban a súa propia tumba o primeiro día que entraban no convento, tendo como saúdo e resposta regulamentarios os coñecidos morrer habemos, xa o sabemos, á vez que rezaban e se mortificaban a diario ao borde da súa sepultura. Comportamentos ascéticos que concordan cos que practicaban os eremitas máis antigos, onde nos atopamos con casos verdadeiramente sorprendentes, como os dos chamados estilistas (san Simeón), que vivían no alto de ¡¡¡columnas!!!, ou os que -relacionados co posible exemplo da Laxe do Crego- vivían e oraban en tumbas, caso do asceta san Antonio Abade, un dos Padres do Deserto, considerado o fundador da vida monástica, que se retirou a vivir dentro dunha tumba escavada na ladeira dunha montaña, forma extrema de mortificación e ascetismo que algún eremita puido practicar no illote Sepultura, alias A Laxe do Crego, contiguo á illa de Ons e noutro posible exemplo paralelo, que puido ter lugar na illa arousá da Malveira Grande ou de San Bartolomeu, onde o investigador Lino Pazos documenta outro sartego solitario, labrado nunha rocha, tamén localizado nun illote de pequenas dimensións, que se nos antolla similar na forma e en prácticas ascéticas ao sartego do Illote Sepultura.

Un terceiro exemplo, que parece consolidar e facer definitiva a nosa, nun principio, aproximación explicativa das posibles prácticas levadas a cabo no illote Sepultura de Ons é nos relatado no século XVIII polo imprescindible Padre Sarmiento, quen, na súa viaxe a Galicia que fixo no ano 1745, nos fala doutro sepulcro antropomorfo escavado nunha rocha da illa de Tambo nos seguintes e significativos termos: “A poca distancia del convento [que existiu na illa pontevedresa] al oriente hay un peñasco, en el cual está socavado a pico un sepulcro [empregando a mesma técnica do que se fixo no illote Sepultura de Ons] de unas nueve cuartas de largo y el ancho correspondiente. A la cabecera tiene como una almohada de piedra [detalle construtivo que se repite na sepultura antropomorfa de Ons] hecha en el mismo peñasco. A los pies tiene un agujero taladrado como para despedir la agua llovediza [particularidade que así mesmo se repite na tumba pétreo próxima á praia da Area dos Cans].



“La voz común ha sido [prosegue co seu esclarecedor relato o P. Sarmiento] y es que esto ha sido sepulcro, y que la tapa se perdió [como sucedeu, grosso modo, coa tumba da illa de Ons] y así está hoy descubierta al aire [parece que o ilustre frade bieito se está a referir ao sepulcro do illote Sepultura]. Hallo dificultad en que fuese sepulcro de muertos [un servidor tamén] y sospecho que era sepulcro de vivos [pensamos o memo para este sepulcro da illa de Tambo e para os similares de Ons e da illa Malveira Grande]. Quiero decir, que cuando había el monasterio este [o] el otro monje virtuoso se retiraría a aquellos peñascos, y entre sus mortificaciones una sería la de representarse muerto en el sepulcro [o subliñado é noso] por algún tiempo para lo cual nada más propio que el dicho

sepulcro que he visto. Esto lo idearía alguno, y después serviría para otros subcesores, y a esto me mueve el que se hizo expediente para las aguas para que siempre estuviere abierto, patente y seco, y no se hiciese cisterna. Dícese que aún hoy mantienen siempre los cartujos una sepultura abierta para memoria de la muerte. Pregunté si había más nicho o sepulcro que aquel y me dijeron que no. Y esto prueba que era sepulcro de fórmula para muchos”, como o puideron ser os sepulcros similares do illote Sepultura e da illa Malveira, ao tratárense tamén de sepulturas únicas non pertencentes a cemiterios colectivos.

Outro posible sepulcro de fórmula, aínda que diferente na súa tipoloxía aos das illas de Ons, Malveira e Tambo, ao non estar escavado nunha pedra ou rocha natural, pode ser o existente na illa do Medio de Santa Comba, na parroquia ferrolá de Covas, tratado no número 18 desta revista polo profesor e escritor Henrique Dacosta, sepulcro coñecido a nivel popular como a Pía de Santa Comba, que, ao parecer, tamén estivo tapado cunha tampa ou lousa.

En canto á chamada Cama do Santo do monte fisterrán de San Guillherme, puido ser, empregando a terminoloxía utilizada polo P. Sarmiento, outro sepulcro de vivos co que alimentar diariamente a memento mori, ou, o que é o mesmo, a memoria da morte por parte dalgún asceta de nome Guillherme, cuxa fama de santidade puido dar orixe a que a súa tumba fose despois interpretada a nivel popular como a Cama do Santo, leito de pedra no que se practicaron ritos de fecundidade, pois é ben sabido que neste antigo sepulcro antropoide se xuntaban matrimonios estériles na procura de descendencia. Poderes fecundantes desta tumba santificada comparables aos poderes terapéuticos que se lle atribuían ata hai poucos anos á sepultura da Laxe do Crego de Ons, tamén considerada milagrosa para remediar, neste caso, enfermidades cutáneas, empregando a auga, mesturada con sal e algas mariñas que apozaaban no oco da sepultura. Episodio documentado no ano 2006 no número 12 de Aunios por Celestino Pardellas, que se repite con relación a outro sepulcro antropomorfo existente no santuario da Xestosa, da parroquia de San Salvador de Prado, Covelo (Pontevedra), situado na Serra do Faro de Avión, ao que acoden devotos para curaren os seus males da pel, aplicando sobre a zona afectada anacos de pan enchoupado na auga estancada no devandito sarcófago de pedra, ou lavando as mans nel; tumba, tamén escavada nunha rocha natural, que, segundo a crenza popular, pertenceu a un santo, o que se podería facer extensible aos primeiros inquilinos respectivos das tumbas pétreas de Ons, Tambo, Malveira, illa do Medio de Santa Comba e Fisterra, que puideron ser outros tantos lugares de “homes santos”, onde ermitáns, logo santificados a nivel popular, labrarían e se mortificarían nos seus propios sepulcros, hipótese que nos parece moi probable no caso das sepulturas das illas de Ons, Malveira e Tambo, e na da Xestosa, seguramente contemporáneas entre si e causantes dun mesmo tipo de ritual, e non tanto con relación ás tumbas pétreas da illa do Medio de Santa Comba e do cabo Fisterra, que amosan unha tipoloxía distinta e non ofrecen a garantía,



Sepulcro antropomorfo da Xestosa.

San Salvador de Prado. Covelo. Pontevedra.

Foto: <https://revistavocesdelmisterio.wordpress.com/2014/08/12>

ao non estar labradas en rochas naturais, de estar nos seus emprazamentos orixinais, polo que cabería a posibilidade de que se tratase de tumbas pertencentes a antigos camposantos ou lugares de enterramento colectivos, logo trasladadas aos seus actuais emprazamentos, perdéndose así a principal característica que o P. Sarmiento lle atribúe aos que el denomina “sepulcros de fórmula” ou “sepulcros de vivos” de ser en orixe sepulturas solitarias e únicas labradas en penedos naturais, situados no seu tempo en lugares moi illados, como o serían as devanditas illas atlánticas e a Serra do Faro de Avión.

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

- DACOSTA LÓPEZ, H., 2013. “Do sartego a Laxe do Crego”, en Aunios, núm. 18. Asociación Cultural Pineiróns. O Grove.
- P. SARMIENTO, 1975. Viaje a Galicia (1745). Edición y estudio por J. L. Pensado, Universidad de Salamanca.
- PALLEIRO, V. “El agua milagrosa de A Xestosa”, en Faro de Vigo, 31-5-2014.
- PARDELLAS DE BLAS, C., 2006. “Ritos, contos, lendas e historia da illa de Ons, sepulcro antropomorfo ‘Laxe do Crego’...”, en Aunios, núm. 12. Asociación Cultural Pineiróns. O Grove.
- PAZOS PÉREZ, L., 1999. Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas, Deputación de Pontevedra.
- A Regra de San Bieito, 1982. Tradución de P. Martín M^a Díaz, Edicións do Adro, Santiago.
- “San Antonio el Grande, abad en Egipto, en www.preguntasantoral.es www.bueu.tk, wep de Arturo Sánchez Cidrás.